

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO

(XIV)



Celebración de Uxío Novoneyra (1930 - 1999)

Edición e elaboración do proxecto:

*Luís Alonso Girgado
Alexandra Cillero Prieto
Élida Abal Santorum*

Editores dos textos de Uxío Novoneyra:

Iris e Luís Cochón

Referencias hemerográficas:

Montserrat Vázquez Riveiro

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Gargado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Coordinador científico:

Manuel González González

Director Técnico de Literatura:

Anxo Tarrío Varela

© dos textos académicos de Uxío Novoneyra:
Instituto “Lucus Augusti” (Lugo)

© dos textos literarios de Uxío Novoneyra:
Elba Rey

© da ilustración da cuberta e capitulares:
Virxilio

Maquetación e impresión:

Grafisant sl (Santiago de Compostela)

ISBN:

978-84-4534878-9

Depósito legal:

C 715-2010

*O noso agradecemento a dona lba Rey, viúva
do escritor Uxío Novoneyra, pola súa xenerosa ce-
sión de documentos que aquí reproducimos.*

ÍNDICE

<i>ALALÁ, por Elba Rey</i>	11
<i>Nota de edición</i>	13
I. Uxío Novoneyra: Crono-bio-bibliografía	15
II. Poemas soltos en publicacións periódicas e libros colectivos.....	61
a) En prensa	63
b) En libros colectivos.....	75
III. Inéditos. Prosa:	79
0) <i>Novoneyra, pregoeiro</i>	81
1) Pregón do Ferrol. 1981	83
2) Feira do Libro en Vigo. 1982.....	86
3) Castelao, nacionalista galego. 28-6-1985	90
4) Antes de recitar, de decir, a Celso Emilio en Celanova. 9-8-1985.....	91
5) Día das Letras Galegas. 1985.....	92
6) Lectura no Instituto Xelmírez I. 1986.....	94
7) Presentación de <i>Muller pra lonxe</i> . Lugo. 6-3-1987.....	99
8) Pregón da Feira do Libro de Santiago de Compostela. 1987	101
9) Recital de Xenebra. 3-9-1988	103
10) Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no Ateneo de Madrid. 20-9-1988	105
11) As Pontes de García Rodríguez (Descoberta de placas de rúas). 18-5-1989	107
12) As Pontes de García Rodríguez (Palabras previas ó recital). 19-5-1989	108
13) Sada. 1989.....	109
14) Recital no Casino do Ferrol. 19-1-1990.....	111
15) Recital de Lugo- CXTG. 30-3-1990.....	113
16) Clausura Galeusca, 14-10-1990.....	115
17) Letras Galegas. 1990	116

18) Comunicado de UGT, CCOO e CIG. 12-6-1991.....	118
19) Recital na “Aula de Cultura da Caixa de Galicia”. (A Coruña) 1992	118
20) Pregón da Feira da Ostra. (Arcade) 12-4-1992.....	122
21) Recital no Instituto de Montealto. (As Letras Galegas. A Coruña) 6-5-1992	126
22) Centenario do Instituto de Lugo. 14-5-1992.....	127
23) Recital de Betanzos. 15-5-1992	129
24) Televisión. Programas da Lingua. Maio 1992.....	131
25) Homenaxe a Lueiro. Vigo. Maio 1993.....	133
26) Recital de Escairón – Saviñao. 17-12-1993.....	135
27) Prós estudantes do Instituto Xelmírez de Compostela que van ir ó Courel de visita. 3-10-1994	137
28) Pra ler en Montevideo. 28-12-1994.....	139
29) Palabras pra decir en Vilafranca. 1994	140
30) Recital do Instituto de Tomiño. 19-12-1995.....	144
31) Pra xornada pondaliá. Maio 1996.....	146
32) Xornadas encol de Otero Pedrayo. (Compostela) 24-10-1996	146
33) Recital de Noia (Homenaxe a Antón Avilés de Taramancos). 21-3-1997	148
34) Recital da Escola de Fisioterapia da Coruña. 23-4-1997	149
35) Universidade da Coruña. 18-10-1997.....	151
36) Homenaxe a Pablo Neruda. (Ferrol) 13-3-1998.....	152
37) Instituto de Monterroso, 27-5-1998.....	155
38) Colexio da ESO de Ferrol. 5-6-1998	156
39) No Panteón de san Domingos de Bonaval. 24-7-1998.....	157
40) “Poema dos Caneiros”. 8-8-1998.....	158
41) Homenaxe a Xosé Afonso. 8-4-1999.....	160
42) Sobre Maside.....	162
43) [Nesta Galicia actual donde...].....	163
44) [Vai consistir o meu homenaxe...].....	165
45) [Durante todo o segundo tercio...].....	166
46) Verbas preliminares.....	166
47) Palabras de Novoneyra ó abrir os “Encontros”	168
48) Damos as gracias	168
49) Recital de Chantada.....	169
50) Pra os profesores de EXB	171

IV. Inéditos (ou case). Verso:	173
a) ALALÁS encadeados	175
b) [CON PICO de paxaro...]	176
c) CARTA a Carlos Maside	177
d) [SEÑORA la mía señor]	179
e) [ANQUE o sapo non é pedante]	179
V. Cartas de Celestino Fernández de la Vega, M. Cuña Novás, J. A. Valente, Uxío Novoneyra, Carlos Maside, Xosé M ^a Díaz Castro e Ramón Piñeiro	181
VI. Mecanoscritos e caligrafías poéticas.....	193
VII. Notas de autopoética	215
VIII. Apéndice: Documentación académica. Instituto <i>Lucus Augusti</i>	227



corpo
inxel
1966

Alalá

*Calado ser do meu pobo
por siglos asoballado.
Xostregan augas e ventos
sigue o penedo chantado.*

*“Só a poesía pode dar conta da esencia
dun país”
(Jean Regnault)*

*“E inda ha volver teimar a teima.
Por onde me veu esta certeza
teima volver perder e volver a ela”
(Os Eidos)*

Home plenísimo. AGUDA MEMORIA. O poeta está como obrigado á esperanza. Vai da memoria profunda da terra e do Pobo pola soedade, o amor i a morte até a concencia social e nacional.

Dicía Uxío que ser poeta en Galicia conleva unha total responsabilidade e así el

Amou

entregou

e gardou fidelidade aos homes e a TERRA que habitamos.

Expúxose exemplarmente ao risco da Poesía cunha extrema teima meditativa que nunca traizoou.

Xustamente no concepto de SOÑOS TEIMOSOS, no que el quixo concentrar o xesto fundador da súa decisión.

“Língua sin maos” que outro poder que a súa palabra, e a súa “Deteila”*

Compostela, 3 de decembro de 2009

Elba Rey

* ‘Teima repetida’, ‘discurso insistente’.

Nota de edición

Unha ollada ao índice orientará ao lector deste libro, *Celebración de Uxío Novoneyra (1930 - 1999)*. Con el, o Centro Ramón Piñeiro quere contribuír ao mellor coñecemento da vida e obra do poeta do Courel, neste ano 2010, no que a celebración do Día das Letras leva e lembra o seu nome. Esta nosa *Celebración* é un conxunto misceláneo de textos: biográficos, poéticos, de autopoética, de prosa varia, caligráficos, epistolares e mesmo académicos. Salientamos a presenza dos numerosos textos en prosa –tanto que xa podemos falar do Novoneyra prosista de fuste– do poeta, inéditos ata agora.

O apartado de agradecementos debe comezar por dona *Elba Rey*, viúva do escritor, que cedeu xenerosamente –palabra máis que xustificada neste caso– un bo feixe de inéditos de prosa, outros de poemas e aínda informacións varias de primeira man.

A mesma gratitude para a Dirección do *Instituto “Lucus Augusti”*, o “Instituto”, durante moitos anos, e decano dos de Galicia, que puxo ao noso dispor os materiais que presentamos de Uxío Novoneyra: 1) copia de partida de nacemento, 2) solicitude de ingreso no Instituto, 3) exame de ingreso, 4) certificación de notas dos sete anos de Bacharelato e 5) solicitude do título de Bacharel Universitario así como da súa recepción polo interesado.

Os textos do poeta aquí editados –a parte máis cumprida– chegaronnos a través do profesor Luís Cochón, que fixo outras achegas a estas páxinas. A súa filla, Iris Cochón, traballou na transcripción e fixación dos textos. As prosas de Novoneyra aquí recollidas foron obxecto –dada a condición de borradores destinados á lectura en pregóns, recitais ou presentacións– dunha mínima peneira ortográfica limitada á puntuación, acentuación e corrección de erros ou descoidos textuais.

Dos mecanoscritos e textos caligráficos que reproducimos, uns son máis coñecidos que outros. En todo caso, o repertorio caligráfico de Novoneyra abrangue títulos de poemarios, poemas enteiros (“Poema dos Caneiros”), versos illados de poemas da súa autoría, poemas dun ou dous versos,

dedicatorias a escritores ou pintores e unha ampla serie de lemas, consignas ou sentenzas.

No que se refire ao apartado epistolar, certamente queda algo escaso, coas súas nove únicas mostras, entre tantas. Tal circunstancia debeuse á decisión que tomamos de publicar as cartas de Ramón Piñeiro a Novoneyra no *Epistolario lugués* centrado en Ramón Piñeiro e os escritores de Lugo, obra que aparecerá en breve tempo.

Por fin, o labor de seguemento do poeta ao longo de múltiples cabeceiras de prensa (desde xornais ata revistas poéticas especializadas) quere completar a tarefa iniciada por Olga Novo no seu estudo *Uxío Novoneyra. Lingua Loaira* (2004) para poñer de relevo o segundo itinerario (complementario dos libros poéticos) dos versos de Novoneyra, que tamén colaborou nos medios de prensa, sobre todo co envío dos seus poemas, pero tamén con artigos en prosa; escribiu ademais textos para catálogos de exposicións de pintura, libros de homenaxes e presentacións diversas.

Ao cabo, queda moito por facer neste labor –en modo algún exhaustivo– de contributos, entregas ou recadávidas. Temos outras prosas de Novoneyra, xa non pregóns, pero si intervencións súas ao presentar bastantes libros de poetas e escritores mozos, mesmo notas críticas ou reseñas de mostras de pintores e fotógrafos. Todo iso –e o azar que nos pode deparar outras novas– dá ben para outro caderno-libro que está para ir ao prelo. Moito laborío para que esta *Celebración*, que queremos de todos, sexa, cumpridamente, unha *Homenaxe*.

I. Uxío ovoneyra:
Crono-bio-bibliografía

I. UXÍO NOVONEYRA: CRONO-BIO-BIBLIOGRAFÍA

1930. Nace Eugenio Novo Neira (Uxío Novoneyra) na aldea de Parada de Moreda, na Serra do Courel (Lugo), o día¹ 19 de xaneiro de 1930, no se dunha familia labrega de máis que regular acomodo e con algunha ascendencia fidalga. Pasa a súa nenez no seu lugar natal, un dos ámbitos da Galicia arredada. Xosé Novo e Manuela Neira foron os seus pais. Ao primeiro retratouno andando polos camiños nun dos poemas iniciais de *Os Eidos*:

*VAI o José de Parada
atravesando il solo
a Devesa do Rebolo.*

*Cabalgando vagariño
cruza a terra do viño
cara Viana do Bolo.*

*Deixa a serra pasada.
Leva a alma asiñada
ca mágoa do camiño.*

O matrimonio tivo tres fillos: José, Elisa (“a miña irmá cabaleira”) e Uxío (Eugenio), o poeta da familia, que galeguizou o nome, como o seu amigo Fole quería. O mesmo Novoneyra ofrece un peculiar perfil autobiográfico das súas orixes nun pouco coñecido texto que di así:

*Naceu o Novoneyra nas terras outas do Caurel, nun pobiño do abesedo, entre
Castro de Brú e Lucenza (Parada de Moreda).*

¹ Na documentación académica custodiada no Instituto “Lucus Augusti” de Ensino Medio de Lugo consta como data de nacemento o día 22 de xaneiro de 1930. O dato está tomado da partida de nacemento do poeta, inscrito no Rexistro Civil “del término de Caurel”, onde lemos que “en el Caurel provincia de Lugo a las doce del día **veintitres** de Enero de mil novecientos treinta, ante D. Eloy Sanchez Nuñez Juez municipal y D. Perfecto López Cela, Secretario accidental, se procede á inscribir el nacimiento de un varon ocurrido a las veintidos del **día de ayer** en el pueblo de Parada; es hijo legítimo de José Novo Lopez de 39 años, natural y vecino de Parada y de Manuela Neira Bello de 29 años, natural de Pacios Cebrero y vecina de Parada...”

Foi unha noite fría do Xaneiro (1930). Os tousos –as pilas de neve amontoadas do vento– veteaban a serra, na que o Montouto i-o Piapáxaro cuasi se meten no ceo para escoitar o vir do sol, ise silencio sagrado que se oi nos tesos cumes.

Novoneyra, fillo de Xosé de Parada –un dos meirandes camiñantes que tiveran nunca as serras longas i-érmegas do Sudés de Galicia– veñe por partes de nai de casta fidalga: é neto do segundón Ulises Neira Carballo, do Pazo de Pacios, casa ista “de sogas y cuchillo”, que cai á beira do Camiño de Santiago, aló en terras do Cebreiro.

A vida do “Poeta do Courel”, que así lle chaman ó Novoneyra, vai pasando n-aquelas terras outas, onde oula o lobo, paze o corzo e foza o xabarin...²

Do Courel esquecido escribirá Ánxel Fole, bo coñecedor daquelas terras:

*La comarca del Caurel cuenta con escasa bibliografía. Mi libro *Á lus do candil*, edición de 1953, y el libro de versos de Novo Neira, *Os Eidos*, unos años después, comenzaron a llamar la atención sobre las apartadas tierras del Caurel; pero nada más que en el medio literario³.*

1931-1939. Foi, necesariamente, un dos “nenos da guerra” (1936-1939), feito que percorreu a súa infancia e marcouno ata anos despois pola súa dimensión de enfrontamento profundo, de intensa experiencia que deixou nel un pouso de angustia durante moitos anos e logo ía influír na liña social e política dalgunhas das súas composicións. Parte da súa familia, de filiación republicana, sufriu aqueles tráxicos anos.

O Caurel foi o territorio do seu “ollar primeiro” e el vía como un paraíso. A casa, aquela “casa de casas” familiar con moitas dependencias por onde xogar, dáballes sensación de seguridade e sentíase tamén protexido polos pais. Foi tamén aquela infancia un intre de soños e de fascinación pola terra que estaba a descubrir. Descubriu tamén a lingua e a súa fala persoal foi suma de

² “NUNHA “Autobiografía” que Uxío Novoneyra firmou o 20 de outono de 1953 para unha introducción á súa participación nun proxecto de “Cancioneiro do Caurel-Xistral” no que colaborarían Álvaro Cunqueiro e este servidor para publicar na colección de poesía “Xistral” de Lugo –edición malograda debido a que Cunqueiro non nos enviou os seus versos– o entón xoven “Poeta do Caurel escribiu:” (Manuel María, “Breve noticia de Uxío Novoneyra”, en *Amastra-N-Gallar*, nº 7, verán do 2004, p. 78).

³ A. Fole, “La grave hermosura del Caurel”, en *Lucus*, 1973. Reproducido en Alfonso A. Riveiro (edit.), *Fole e o xornalismo*, Lugo: Concello de Lugo, 1997, pp. 153-155.

moitas fontes: do que escoitaba en lugares como Samos, O Cebreiro, Moreda ou O Bierzo e do que falaban os seus avós maternos e paternos.

Aquel neno do rural que foi sentiría –andando os anos– fonda dor polo desprezo e rexeitamento do rural, esquecido e marxinado igual que a lingua, que o poeta asociou sempre ao pasado, á cultura popular e ao rural; rexeitado tamén na nova literatura –anos sesenta–, máis interesada no ámbito urbano e no que viña de fóra. Considerou a marxinación do rural como unha “traizón moral”⁴.

En 1936 morre, aos 16 anos, o seu irmán, José Novo Neira. Andando o tempo, o poeta dedicarlle un conmovedor poema nas páxinas de *Os Eidos* (1955):

TIÑA o nino unha pomba
unha sola no pombal.
Un día a pomba non volve
a pomba non volve máis.

Morre rapaz. No cruceiro
de teito que frente dá
veo apousársell’a pomba
que fuxira do pombal.

Contáronmo de ben perto:
o nino era meu irmán.

En **1940**, o día 20 de maio, presenta instancia no Instituto Nacional de Ensino Medio de Lugo para ter acceso ao exame de ingreso, que aproba o 13 de xuño de 1942. Neste ano comeza os estudos de bacharelato polo Plan de 1938. Matricúlase no Instituto por libre e cursa estudos de preparación para os exames na academia Julívarez de Sarria. No curso 1945-46



Fachada do Instituto “Lucus Augusti”.

⁴ Estas pasaxes da infancia son testemuño persoal do poeta e están tomadas do libro *Uxío Novoneyra. Dos soños teimosos* (preguntas de Emilio Araújo), Santiago de Compostela: Noitarenga, 1998, pp. 15-24.

matricúlase por oficial no Instituto, mais ten que renunciar á matrícula por razóns de saúde. O seu expediente académico, ao longo dos sete anos do seu bacharelato, que remata no curso 1947-48, é irregular, con algunhas excelentes notas e algún que outro tropezo illado. O seu título de Bachiller Universitario está expedido o 22 de maio de 1951; con anterioridade, mentres residía en Madrid preparou o Exame de Estado nunha academia da rúa do Pez, superando esta proba.

Cando tiña dez anos, redacta con sobresaínte perfección caligráfica e ditada retórica a instancia antecitada para acceder ao exame de ingreso:

Sr. Director del Instituto Nacional de Enseñanza Media de Lugo.

Eugenio Novo Neira, de 10 años de edad, natural y vecino de Parada, ayuntamiento de Caurel, de esta provincia, hijo legítimo de José y Manuela domiciliados en el mencionado Parada, a V. I. respetuosamente expone:

Que vista la convocatoria de ingreso para estudios del Bachillerato publicada con fecha 1 del mes actual por ese Instituto, y deseando tomar parte en los exámenes de la misma.

A V. I. suplica se digne tener por presentada esta instancia y admitirle entre los opositores que han de realizar los ejercicios para ingreso en ese Instituto Nacional de su digna dirección.

Gracia que espera alcanzar de V. I. cuya vida guarde Dios muchos años.

Parada 20 de mayo de 1940.

Eugenio Novo Neira

En **1945** coñece ao escritor Manuel María, o futuro poeta da Terra Chá. Dous anos despois chegará a Parada de Moreda a que sería importante poeta, a noíesa María Mariño Carou (1907-1967), coa que Novoneyra mantivo amizade persoal e unha notable relación literaria, pois foi o seu mentor no ámbito da creación poética. Sobre a autora de *Palabra no tempo* e *Verba que comenza* son fundamentais os estudos de Carmen Blanco. No presente 2009 a Real Academia Galega publica diferentes traballos sobre a poeta de Noia no seu Boletín institucional (BRAG).

En 1948 marcha a Madrid e matricúlase por libre na Facultade de Filosofía e Letras. Nestes intres de formación comeza a escribir poemas en castelán; dous deles, pertencentes ao poemario inédito *Desde las cosas*, aparecen, en 1951, na revista universitaria madrileña *Bengala*. Foi moi amigo do poeta e novelista Jesús López Pacheco, de quen recordaba con certa frecuencia os versos “mi gabardina, mi pobre gabardina, / se sabe los inviernos de memoria”.

Alonso Montero, que o coñeceu e tratou por aqueles anos da primeira etapa madrileña, afirma: “Nesas datas (1948, 1949...), escribe o que eu considero o seu primeiro libro de versos: *Abrojos (poemas cortos)*⁵, inédito ata hoxe.”, engadindo que: “*Abrojos (poemas cortos)* é unha libretiña de 8 x 11 cm que consta de tapa e 41 follas, manuscritas, na súa maioría, por unha soa cara. Os poemas, en xeral moi breves, son trinta e seis, numerados en romanos.” (Estamos na protohistoria poética; versos que non achegan nada a esa poética e que non chegan, nin siquera, ao que Juan Ramón chamou “borradores silvestres”).

O mesmo Alonso Montero lembra o paso do poeta polas aulas da universidade madrileña:

A primeiros de outubro de 1948, comecei os estudos de Filosofía e Letras, na Universidade Central, e foi neses días cando batín cun mozo do Courel, un ano⁶ menor ca min, que tiña no corpo o verme da literatura. Chamábase daquela, Eugenio Novoneyra⁷.

A nosa relación nas aulas foi intensa pero breve. O Uxío asistía ás clases como oínte, pois aínda non aprobara o Exame do Estado (a Reválida posterior ó 7º curso de Bachelerato), quizais porque non se lle daban ben o Latín ou as Matemáticas, probas de certa entidade naquel “curriculum”. Non tendo a obriga estricte de asistir a tódalas asignaturas, o Uxío escollía as máis acordes coa súa verdadeira inclinación, especialmente ás clases de Literatura Española impartidas por Don Francisco Maldonado de Guevara (...)

⁵ *Abrojos* foi exhumado parcialmente por Xesús Alonso Montero nas páxinas da revista *Madrygal*, volume 5, Madrid, 2002, pp. 9-21 (Dáse noticia do poemario e reproducense en facsímile nove poemas do mesmo).

⁶ En realidade son dous.

⁷ *Nom de plume*. O Neyra aparece en escrituras notariais da casa da súa nai: o y grego non é porque si.

E dá conta, ao mesmo tempo, dos elementos de formación do futuro poeta:

Moito antes de remata-lo primeiro curso, Novoneyra convertiuse nun asiduo da Biblioteca Nacional, onde consultaba con fruición, algunhas das historias da literatura universal, unha especialmente, a dirixida por Ciriaco Pérez Bustamante (Madrid, Atlas, 1946). Neses grosos volumes o Uxío asomábase, pola vía biográfica e erudita, ós poetas importantes das máis diversas linguas e dos máis diversos tempos: poetas de lingua sánscrita, de lingua grega, de linguas escandinavas, de linguas orientais... A partir de aí, o Uxío pasaba horas e horas diante dos ficheiros da biblioteca (daquela manuais) á procura de traducións castelás de poetas antigos e modernos, próximos e exóticos: de todos aqueles dos que tiña a sospeita de que lle ían ofrecer un lume especial nas súas palabras ou un “son” misterioso nos seus versos. Con frecuencia as súas sospeitas non eran erradas, por ruíns que fosen as versións, tantas veces feitas desde unha lingua que non era a orixinal.

Meses despois a erudición de Novoneyra en cuestións poéticas era moi superior á de calquera de nós, mesmo ás dos máis aplicados, pese a que, no segundo curso da carreira a Historia da Literatura Universal era materia obrigatoria. No que Uxío estaba a anos luz de todos nós era en lectura de poetas, algúns deles nunca visitados por ningún de nós: Kalidasa, Cantar dos cantares, Safo, Virxilio, Son Yu, Petrarca, Ronsard, Shakespeare, Goethe, Puskin, Petöfi, Lönrot, Leopardi, Verlaine, Maiakovski...⁸

Deste período (1948-1951) é a actividade do poeta como recitador ou rapsoda (no seu repertorio figuraban sobre todo poemas de Miguel Hernández –a fermosa “Elegía a Ramón Sijé” moi especialmente– e composicións de César Vallejo inspiradas na Guerra Civil española; unha xografía coa que colleitou éxito en Madrid e outras moitas cidades españolas. O mesmo Piñeiro recoñecía na carta-prólogo (1953) a *Os eidos* (1955) os “trunfos de poeta-rapsoda” de Novoneyra.

1949. Coñece en Madrid a Xosé M^a Díaz Castro⁹ nun recital no Centro Galego no que interviña o propio Novoneyra. Manterán os dous poetas unha prolongada e afectuosa relación da que temos algunhas referencias epistolares. Coñecedor dos primeiros pasos poéticos de Novoneyra, foi

⁸ Vx. Alonso Montero, “Encontros con Novoneyra hai cincuenta anos”, en *Uxío Novoneyra. Homenaxe* (Caixa-carpeta), Santiago de Compostela, 30 de outubro de 1999. O artigo figura no caderno de colaboracións literarias.

⁹ Vx. o traballo de Armando Requeixo “Novoneyra e Díaz Castro” en *Escrita Contemporánea*, n° monográfico titulado *Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, editado pola AELG, Vigo, 2005, pp. 27-32.

Díaz Castro un dos primeiros en loubar aquel “libro desnudo, cristalino, original,... cimero” que se titulaba *Os Eidos*. Novoneyra tivo sempre a Díaz Castro (que lle enviou de contado o seu poemario *Nimbos*, 1961) en alta estima: recitou os versos de *Nimbos* e seleccionou os poemas do lírico de Guitiriz para a antoloxía *Poesía Gallega de Posguerra (1939-1975)*, que en 1976 publicou Miguel González Garcés.

1950-51. Está a traballar nos poemarios *Poemas de Dios e Caurel*. “Os poemas deste último conteñen xa, sen dúbida, o xerme de *Os eidos*”¹⁰ (Olga Novo). Moito tempo despois, xa desaparecido o poeta, na revista *Clave Orión*, nº VII-VIII (2000-2001), Luz Pozo Garza exhumará poemas (e unha carta do propio Novoneyra) dos citados poemarios *Poemas de Dios e Caurel*, feito ao que facemos referencia precisa máis adiante.


En **1952** regresa a Galicia para facer o servizo militar, que comeza no campamento de Parga. Reside en Santiago, A Coruña e Lugo. Relaciónase de novo con Manuel María. En Santiago entra en relación con Carlos Maside, de maneira estreita, e con Ramón Piñeiro e aínda con Otero Pedrayo. A influencia destas figuras contribuirá a que, en 1952, Novoneyra comece a súa escrita poética en lingua galega. Da chegada a Compostela escribiría o poeta:

*Eu chegara a Compostela, eu estivera en Compostela no 52, cando cheguei de soldado con Manuel María e encontreime con aquela peña espléndida que se reunía no café Español, onde está hoxe a delegación da Voz de Galicia. Era unha peña á que asistía Pedraio, Maside, Piñeiro, García Sabell, Ferrín... Ferrín xa en anos posteriores, a Ferrín encontráranos eu no ano 57 e estou falando do 52, xa incluso fora pintado o café doutro color. Entón, claro, en fin, eu entón coñecía a Piñeiro pero ese poema alude a unha vez que vin no ano 57 a Compostela cando, por primeira vez, un grupo de estudantes galeguistas, debían ser uns 15 ou 16, fixeron a primeira serie de recitais e conferencias que inaugurei eu precisamente cun recital de poesía medieval cuxa presentación fixo don Ramón. Non asistiu el porque fora a Trasalba... pero léronse as palabras de Don Ramón Otero Pedraio. Foi o primeiro acto que houbo na Compostela da posguerra e, imaxínate, pois foi xustamente fai 31 anos no círculo mercantil o 22 de febreiro do 57).*¹¹

¹⁰ *Uxío Novoneyra. Lingua Loaira*, Lugo: Fundación Caixa Galicia, 2004, p. 33.

¹¹ Manuel Rico Vereza, “Uxío Novoneyra en *Terra e xente*”, en *Escrita contemporánea*, monográfico *Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, Vigo: AELG, 2005, p. 77.

No outono comeza a escribir os poemas de *Os Eidos*: “aquel año escribí el primer gran núcleo de *Os Eidos*” (*Faro de Vigo*, 16-III-1992).



Uxío Novoneyra, Carlos Maside e Manuel María en 1955.


Nos anos **1953-62** descansa dunha doenza pulmonar no Courel.

1955. Otero Pedrayo ocúpase do lirismo telúrico de Novoneyra no seu artigo “La palabra en El Cau-rel” (*La Noche*, Santiago de Compostela, agosto 1955). No mesmo xornal, Isidoro Millán salienta a nominalización ou “medios de nominación” –los Nombres de las Cosas– como clave expresiva do libro en “Novoneyra do Caurel”, (*La Noche*, Santiago de Compostela, 16-III-1955).

Nesta mesma década, na que se inicia a atención crítica á figura de Novoneyra, aparecen outros traballos de prensa: un artigo de Fole no *Progreso* e outro no *Faro*, ademais dun “Anaco” de Borobó, publicado en *La Noche*, e o de Xosé Luis Franco Grande, “Panorámica de la poesía gallega actual”, publicado en *Ínsula*, nº 152-153 (Madrid, 1959); e xa nos anos sesenta, o traballo de Ánxel Fole na sección “Caminos de Galicia” de *El Progreso* (Lugo, Santos, 1962) e, aínda, do mesmo Fole, dous traballos da serie “El hombre de las cumbres”, datados o 5-XI-1962 e o 12-XI-1962.

Publica o seu primeiro poemario en galego, ***Os Eidos*** (Galaxia, 1955), que leva unha carta-prólogo de Ramón Piñeiro, ao que vai dedicado –xunto a Carlos Maside– o libro. Os poemas están escritos entre 1952 e 1954 (Como sempre, Novoneyra non deixará de retocar os poemas ata a última hora: Vx. Carta de Piñeiro do 7 de xullo do 55). A antedita carta-prólogo de Ramón Piñeiro contribúe á canonización do lirismo telúrico do poeta, ao que sitúa na liña representativa da “voz da Terra”, do lirismo da paisaxe no que se situaban Noriega Varela, Crecente Vega ou Iglesia Alvariño.

Na lapela do libro, no parágrafo final (seguramente da autoría de Ramón Piñeiro), vemos anunciadas dúas obras de vindeira aparición do mesmo escritor: “A saudade como doenza i o Amor como tentativa de curación son os dous polos en que atualmente afínca a vida espritoal do poeta das terras outas e soias do Caurel. Dous libros inéditos refrexan isa experiencia alternante: *O Libro das Cantigas* e máis a peza de teatro nomeada *A noite é máis que unha pecha escuridade*”, que forman parte da “bibliografía fantástica” de Novoneyra.



En decembro de 1955 inicia a súa colaboración poética na revista viguesa *Vida Gallega* (na súa segunda etapa, cando a publicación pasa de Vigo a Lugo). Hai aquí un total de quince composicións do poeta, a derradeira delas publicada en 1961. Moito menor –apenas unha entrega– foi a súa presenza en cabeceiras como *Aturuxo*, *Atlántida*, *Follas Secas*, *Luzes de Galiza*, *Coordenadas*, *Vamos*, *Nordés*, *Ólisbos*, *Dorna* ou *Ronsel* (1974, número conmemorativo do cincuentenario da revista), por citar só algunhas entre as moitísimas nas que colaborou¹².

Tamén no ano 1955 prodúcese a súa primeira aparición nunha escolma de poesía galega, a que Fernández del Riego publica na editorial Galaxia: *Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos*, na que contribúe con oito poemas, introducidos por un texto de Ramón Piñeiro no que fala da poética de Novoneyra. A esta seguirá, xa en 1959, a antoloxía bilingüe galego-castelán, de Ramón González-Alegre, *Antología de la poesía gallega* (Madrid: Rialp), á que contribúe co poema “Os montes do sul” / “Los montes del sur”. A partir dese momento os seus poemas comezan a aparecer nun bo número de escolmas, entre as que destacan:

- Basilio Losada Castro, *Poetas gallegos de postguerra*, Barcelona: Ocnos, 1971.

¹² Vx. o apartado deste libro correspondente á publicación de poemas soltos en xornais e revistas.

- Carmen Martín Gaité e A. Ruiz Tarazona, *Ocho siglos de poesía gallega*, Madrid: Alianza editorial, 1972. Edición bilingüe.
- Miguel González Garcés, *Poesía gallega contemporánea. Antología*, Barcelona: Plaza y Janés, 1974.
- Miguel González Garcés, *Poesía gallega de posguerra (1939-1975)*, A Coruña: do Castro, 1976, 2 vols. Edición bilingüe.
- Nordés, *Antoloxía da poesía galega actual*, Sada-A Coruña: do Castro, 1978.
- Francisco Fernández del Riego, *Antoloxía de poesía galega (Do posmodernismo aos novos)*, Vigo: Galaxia, 1980.
- César A. Molina, *Antología de la poesía gallega contemporánea*, Gijón: Júcar, 1984. Edición bilingüe.
- Xosé M^a Álvarez Cáccamo / Carlos L. Bernárdez, *50 anos de poesía galega*, A Coruña: Penta, 1994.
- Yara Frateschi Vieira (Org.), *Antologia de poesia galega*, Campinas (Brasil): UNICAMP, 1996.
- Elena Zernova, *Antoloxía da literatura galega*, t. III (poesía contemporánea), San Petersburgo: Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo, 1997. Edición bilingüe ruso-galego.
- César Morán, *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega*, Vigo: Xerais, 1999.
- *Escolma de Aniversario* (Librería Follas Novas, 1971-2001), Santiago de Compostela: Librería Follas Novas. Selección e presentación Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro. Ilustracións de Baldo Ramos.
- Arturo Casas (editor), *Antoloxía consultada da poesía galega (1976-2000)*, Lugo: Tris Tram, 2003.
- Fran Alonso, *Poetízate (Antoloxía da poesía galega)*, Vigo: Xerais, 2005.

No ano **1956** asistía ao fervedoiro galeguista e universitario das tertulias no Café Español de Santiago.

Xeracionalmente, Novoneyra, incorporado xa ao ámbito da literatura galega coa publicación de *Os Eidos* (1955) e do galeguismo (co que enlaza a través de figuras como Ramón Piñeiro, Ánxel Fole, Otero Pedrayo ou Carlos Maside), sitúase na segunda promoción de posguerra, a do “medio século”, tamén chamada “das Festas Minervais”, promovidas pola USC, ou do vespertino santiagués *La Noche*, simbolizado na súa dimensión cultural polo daquela activo xornalista Raimundo García Domínguez, “Borobó”, creador dos celebrados “Anacos”.

Con Novoneyra hai que situar a Manuel María, Manuel Cuña Novás, Bernardino Graña, X. L. Méndez Ferrín, Salvador García Bodaño, A. Avilés de Taramancos ou Xohana Torres.

Sobre a súa xeración o propio poeta escribiu:

*Quizais a miña xeración nunca estivo artellada. Só atrancos como a Dictadura a unían, e expectativas que puidesen parecer inminentes como a da revolución mundial, pero nunca estivo especialmente unida. E hai maior simpatía persoal entre os membros da xeración que dependencia poética, que afinidade literaria. Inclusive maior afinidade ideolóxica. Hai maior simpatía persoal, quizais por ter convivido algo nalgún tempo. Así o sinto e penso eu. Quizais eles pensen outra cousa. Pero por exemplo a min emocioname a presenza deles (especialmente Manuel María e Cuña Novás, os que formamos o primeiro trío nos primeiros cincuenta).*¹³

En 1957 intervén, cun recital poético propio dedicado aos trobadores dos cancioneros medievais –consagrándose nel como excelente rapsoda ou recitador– na apertura do ciclo de Cultura Galega celebrado nos meses de febreiro e marzo no Círculo Mercantil e Industrial de Santiago e titulado “Homenaje a la poesía gallega”. Este ciclo de conferencias foi impulsado por Manuel Beiras e nel interviron, ademais de Novoneyra co seu recital poético, Alonso Montero, López Nogueira, X. L. Franco Grande, García-Sabell, Xosé M. Beiras, X. L. Méndez Ferrín, Ramón Lorenzo ou Xohana Torres. A presentación do ciclo estaba reservada a Otero Pedrayo, que non asistiu debido á morte da súa nai, aínda que enviou dous escritos en galego e en castelán dos que soamente puido ser lido en público o segundo deles. O feito está reflectido por X. L. Franco Grande no seu libro *Os anos escuros*

¹³ En *Uxío Novoneyra. Dos soños teimosos*, op. cit., p. 43.

(1985), onde rexistra que o ciclo debía inicialo Novoneyra, “a quen só co-nocíamos polos ditirambos con que Piñeiro o definía por entón, a parte de que escribira *Os Eidos*”¹⁴, engadindo a continuación:

...Novoneyra dominou o ambiente. Recitou con mestría os poemas dos Cancioneiros, dicía os seus poemas como se foran propios, tanto que os poemas de Torneol ou de Bernal de Bonaval semellaban dos nosos días, e, en poucos minutos, aceptabamos como natural o seu parladoiro galego. Isto ocorría o día 22 de febreiro de 1957.

Ó día seguinte, “La Noche” publica un “Anaco” de Borobó no que éste afirma que, sen dúbida ningunha, é Novoneyra o primeiro rapsoda de Galicia. Cun entusiasmo pouco común nos seus comentarios —a ironía, as críticas acedás, as posturas retranqueiras eran máis cotiáns neste extraordinario periodista—, Borobó asegura que

“...si a alguien se le puede llamar trovador en este tiempo gallego es a Novoneyra, trovador de sus propias trovas, segrel de las de los demás, juglar bajado del Caurel a las ciudades para deslizar su ese insinuante y saudosa, silbante y esbelta, suave y sosegada, como si ondulosamente descendiesen hasta el siglo XX los arroyos de la poesía medieval, embalsada siete siglos en los altos hontanares del Caurel”.

A todos nos impresionou moi a fondo a presenza de Novoneyra en Santiago. Semellaba, como di Borobó, un home saído doutro tempo, chegado doutra galaxia.

López Nogueira, nun artigo publicado en La Noche do día 2 de marzo seguinte, penso que reflexa o sentir de todos cando di

“Mas, en verdad que todos hemos quedado perplejos. El que esto escribe no cree que sea posible repetir —por otra persona— la actuación lírica del viernes, la maravillosa lección de “resurrección poético-espiritual” del arte del Medioevo gallego que ha dado Novoneyra. Y cree que ella ha sido posible en virtud de la íntima identificación que tiene este poeta con la poesía gallega legítima”.

*E remata asegurando que o día 22 de febreiro de 1957, polo recital de Novoneyra, quedaba xa como “fecha memorable para la juventud gallega”.*¹⁵

¹⁴ X. L. Franco Grande, *Os anos escuros I. A resistencia cultural da xeración da noite (1954-60)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1985, p. 76. En 2004 apareceu unha segunda edición, moi ampliada desta obra na Ed. Galaxia.

¹⁵ X. L. Franco Grande, op. cit., p. 81.

1958. Morre, en Santiago, o pintor Carlos Maside, ao que Novoneyra dedicara *Os Eidos* (1955), e ao que coñecera en Santiago ao regresar de Madrid a comezos da década dos cincuenta. Dedicou ao gran pintor de Galicia varios poemas nos que deixou constancia da dor da súa morte; un deles, fondamente emotivo, é o que aparece en *Elegías del Caurel y otros poemas* (1966):

*Pode morrer o home?
Dónde está agora Compostela?
Eu non sei pensarte morto.
Abrio a fiestra e ollo a serra pra ti.*



O referido xornalista Borobó (Raimundo García Domínguez), *alma mater* das páxinas de *La Noche*, lembrará moitos anos despois a presenza de Novoneyra en Compostela nos anos cincuenta:

A xeneración da Noite, da que Uxío foi un adiantado, na vangarda dela, máis que un precursor; cando veu xunto con Manoel María, no 1952, a facer a mili en Santiago, e se aproximaron, ambos-dous, ao Preguntoiro. Onde estaba o berce, o viveiro xornalístico da rexeneración literaria e, se cadra, política do país. Pois iso significou a convivencia naquelas follas da Noite, e nas rúas e cafés composteláns, dos inquietos mozos que chegaban de Parada de Moreda, de Otero do Rey, ou de Vilanova dos Infantes, poño por caso, cos inxels superviventes do holocausto franquista.

Así poideron retratarse Novoneyra e Manoel María tendo no medio a Carlos Maside. O artista galego de maior dimensión intelectual, quen, ca súa extraordinaria sabiduría estética e súa ética conducta, veu a ser o singular mestre gratuito (ao xeito dos de D. Paulino Pedret) dos dous poetas novos que iban a encabezar, durante iste medio século, o coro inmenso da nosa lírica, composto de innumerables cantores de dúas ou tres xeneracións distintas.

Tamén serían os dous poetas lugueses cecáís os primeiros mozos en acercarse á mesa camilla de Ramón Piñeiro, recién chegado entón a Compostela. Alí poideron recibir do metafísico da saudade, as súas leccións precisas, nidias, que descubrían ós despertos rapaces un luminoso horizonte; pra eles denantes enteiramente nublado, anque soñado, en canto ao pasado eo porvir da sociedade e da cultura galegas.¹⁶

¹⁶ Vx. Borobó, “Anacos. Chove pra que eu soñe”, en *Uxío Novoneyra. Homenaxe* (Caixa-carpeta), Santiago de Compostela: Asociación Cultural “O Galo”, 30 de outubro de 1999. O artigo figura no caderno de colaboracións literarias.



Interior do Café Gijón en Madrid.

En **1962** está de novo en Madrid, onde residirá ata 1966. Da marcha á capital, agora por segunda vez, garda memoria o seu amigo Manuel María, por máis que algún dos datos non sexan totalmente correctos:

– Ben, a segunda volta a Madrid. Na segunda volta el facía unha cousa na televisión e outra en Radio Nacional. Porque... eu dígoche como foi a Madrid. El foi no ano 60 ou 61, e quen o levou foi a María Victoria Fernández España e... Augusto Assía. É dicir, viñérannos ver a Monforte, que era a época en que a eles deulle por coquetear co galeguismo, e tiveron así relación con todos nós. E unha vez que viñeran a Monforte, eles nos dixeron: “Vamos ao Courel ver a Novoneyra”. E alí fomos. Entón Augusto Assía... non, foi ela, díxolle: home, ti... aquí metido, ¿que porvir é isto para ti? E dixo Augusto Assía: ben, se pensas algo que poidas facer en Madrid, eu neste momento estou... está desexando Fraga que lle pida un favor. Polo tanto, pódoche botar unha man. E así foi como Novoneyra foi a Madrid.¹⁷

Traballa en espazos culturais de radio e televisión, onde dirixe os programas “Versos a media noche”, “Poesía e imagen” ou “Poesía en Compostela”, nos

¹⁷ Vx. Ignacio Castro (Ed.), *Neste silencio* (arredor de Uxío Novoneyra), Santiago de Compostela: Ed. Noitarenga, 2000, p. 67.

que se ocupa dos grandes poetas de todos os tempos: Novalis, Hölderlin, Rilke, Maiacovski, Whitman e tamén da poesía galega. Con Carlos Oroza¹⁸ e Tino Grandío (o pintor dos grises, ao que o poeta recorda nos versos “Nun chover por siglos / todo foise esluíndo”) asiste aos faladoiros do Café Gijón. Entra en contacto cos integrantes do grupo galeguista Brais Pinto: Ramón Lorenzo, Bautista Álvarez, X. L. Méndez Ferrín, Herminio Barreiro, Bernardino Graña e Xosé Fernández Ferreiro, César Arias ou Xosé Alexandre Cribeiro.

1964. Prodixiosa declamación sobre textos galegos medievais, no verán dese ano, no marco perfecto que foi a ábsida, o que queda dela, das Ruínas de San Domingos en Pontevedra. Co gallo do recital, Luís Cochón¹⁹ recolle a toda plana no *Diario de Pontevedra* unha moi significativa entrevista na que se insinúa claramente un Novoneyra moi afastado de *Os Eidos*. En parte da entrevista está presente aquela figura feminina, tan delicuescente, que se chamou Clara Otero.

Comeza a dar recitais poéticos nos círculos universitarios e no teatro Lara. Das súas viaxes a Madrid precisaríase: “Tiven dúas idas a Madrid; unha do 49 ao 51 e logo paso 11 anos no Courel e volvo do 62 ao 66”²⁰.

Do seu contacto co grupo Brais Pinto comenta nunha entrevista:

¹⁸ Carlos Oroza (Viveiro, Lugo, 1933), chamado por Francisco Umbral “el poeta maldito del Café Gijón”, levou unha existencia bohemia ao longo dos anos sesenta e deu recitais da súa obra por toda España. Á súa condición de excelente rapsoda, uniuse unha obra poética de expresión castelá, de dimensión fondamente oral e baseada no culto ao ritmo. Foi considerado por algúns o Allen Ginsberg español. Cofundador da revista *Tropos*, foi distinguido en Nova York co premio internacional de Poesía Underground. Do seu labor poético salientamos *Eléncar* (1974), *Cabalum* (1980), *Alicia* (1985), *Una porción de tierra gris del norte* (1996), *En el norte hay un mar que es más alto que el cielo* (1997) ou *Un sentimiento ingravido recorre el ambiente* (2006).

¹⁹ A súa poesía é a máis contida de palabras. / Unha poética do silencio e dos ecos do silencio. O que fica é o poema: tres ou catro versos, as veces nin iso. Na nudez esencial aparece a terra... / “A literatura de posguerra”. Do libro *Arte e Cultura de Galicia*. Texto de Luís Cochón. / Santillana, 1980.

²⁰ Manuel Rico Vereza, art. cit., en *Escrita contemporánea*, no seu número de homenaxe *Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, Vigo: Asociación de Escritores en Lingua Galega, 2005, p. 76.



Si. Sempre me integraron no grupo Brais Pinto. Eu cheguei ao grupo Brais Pinto cando o grupo xa estaba nos epílogos; xa se estaba desfacendo porque os seus integrantes acababan de estudar a súa carreira universitaria en Madrid e xa estaban empregándose en institutos de provincias e xa só ían a Madrid a facer oposicións a cátedras, como Ferrín ou Bernardino Graña. Pero aínda había un núcleo moi interesante en torno a Raimundo Patiño, núcleo do que formaban parte bastantes estudantes galegos e traballadores como Bautista Álvarez ou Herminio Barreiro; entre os estudantes tamén estaba Luís Cochón²¹ que agora é profesor en Compostela e moitos outros como Cribeiro, que se casaba por aquela época... con eles inaugurouse unha segunda época miña

pero eles xa non interfíren na miña época dos Eidos. O poeta de Os Eidos é un poeta previo a Brais Pinto que despois fixo reverdecer unha etapa miña xa ligada á primeira época de Madrid; unha etapa sobre o esquerdismo, sobre o antifranquismo que había de fondo pois mobilizáronme de novo esas cousas que quedaban da miña mocidade.²²

1966. Publica *Elegías del Caurel y otros poemas* na madrileña editorial Rialp, na colección Adonais. O libro posúe tres apartados: “Primera verdad y tiempo con nombres” (1953-1957), “Elegías del Caurel” (1958-1961) e “Elegías de Madrid” (1962-1965). Trátase dunha edición bilingüe castelán-galego. É o segundo poemario do escritor. O libro tivo unha tiraxe de 1.250 exemplares. O orixinal escribiuse en galego; a versión castelá é do propio autor.

Enfermos os seus pais, volve ao Courel en 1966 para atendelos. O seu pai morrerá en 1971 e a súa nai dous anos despois. A morte dos pais do poeta está rexistrada por Ramón Piñeiro no seu epistolario a Uxío Novoneyra. As dúas cartas de Piñeiro son sentidas sobre maneira:

²¹ No orixinal aparece, erroneamente, Orchomez en lugar de Cochón.

²² Art. cit., p. 78.


Benquerido Uxío:

Momentos antes de sair pra Coimbra chégame de Lugo a noticia da recente morte do teu pai. Impresionounos moito a noticia. Tanto Isabel como eu temos moi viva a lembranza da súa silenciosa bondade, da súa discreta xentileza, da súa sinxela e nobre presenza. Ao longo das nosas vidas, coincidimos con il brevemente nunha poucas ocasións. Case se poderíña contar as palabras que cruzamos con il. E, con todo, a súa presenza está viva no noso espírito e estará perenne na nosa lembranza. Era un home bó e serio. Abondáballo coa simple presenza pra ganhar a simpatía e o afecto dos demais. Non precisaba demostrar con obras a súa digna e natural bondade, porque estaba presente en toda a súa persoa, transcendía espontaneamente dos seus xestos. O seu espírito inmortal conocerá agora toda a profunda e eterna paz do Caurel. Merécea mellor que ninguén.

Comprendemos ben a vosa mágoa. Non hai moito que eu perdín a miña nai e ao meu pai no prazo dun mes. Sei o que é éso. Compartimos a vosa mágoa. De corazón vos desexamos a serenidade de ánimo precisa pra aceptar o irremediabile. O tempo irá enchendo o gran valeiro da súa ausencia coa serenidade da lembranza.

Apertas moi fortes pra todos

Ramón



Na outra carta (16-VI-1973) Piñeiro amosa o seu afecto polo poeta nunhas liñas cheas de emotividade coas que intenta consolar a dor de Novoneyra:

Eu sei a profunda mágoa que te afrixe porque pasei por ela. A dolor da perda da nai non se cura con palabras amigas, xa o sei. Con todo, non podemos deixar de pensar no inevitable da morte pra toda vida. Ela cumpriu a súa. Ten que ser así. A todos nos irá ocorrendo o mesmo. Estou certo de que, ao cabo, ela aceptaría a morte como un descanso. E iríase desta vida coa íntima tranquilidade de te deixar casado e amado por unha muller que te acompañará sempre. O seu máximo conforto sería saber que pra tí a orfandade non significa soedade. A presenza de Elba e a esperanza do fillo empuxan a tua vida cara o futuro.

Precisamente, nos últimos tempos da súa enfermidade, a nai do poeta recibiu os coidados médicos de Elba Rey, á que Novoneyra coñecera en Lugo

no ano 1968. Nunha entrevista concedida a Lupe Gómez²³, lembra dona Elba ao respecto:

Eu estudaba Maxisterio en Lugo... No verán de segundo de Maxisterio fun veranear a Vicedo. Unha tarde de verán, cando eu tiña 17 anos, fun pasear coa miña amiga Ana María. Iamos a tascas ás que só ían homes. Entramos no bar Juma, que era moi bonito. Había unha exposición de pintura. Colliamos notas da exposición porque estabamos artellando unha revista. Xusto entón entrou un home deslumbrante que viña de Madrid. Era Uxío.

No número de novembro de 1966 da revista *Serra d'Or*²⁴, Xavier Costa Clavell publica o artigo “Celso Emilio Ferreiro y la nueva poesía gallega”, no que se fala da poesía de Uxío Novoneyra.

No outono de 1967 Angelina Gatell solicita, para un libro que se ía titular “Con Vietnam”, unha colaboración de Novoneyra. Xa tiña rachado coa súa voz telúrico-intimista na procura “doutra voz”, para o que fai numerosas tentativas fragmentarias que callarán nun “poema visual mecanográfico” fortemente oral: “Vietnam canto”, que se publica en 1969 na *Revista exterior de poesía hispana / Revista de poesía hispana fóra* e logo en *Poemas caligráficos*. Incluiría esta composición nos seus recitais (anos 1967-1977) poéticos en Santiago, Pontevedra, Ourense, Vigo, A Coruña, etc.

Envía en dúas ocasións poemas a Alonso Montero para o libro *Trinta anos de poesía crítica (1936-1966)*, libro desautorizado en 1967 polo Ministerio de Información. O primeiro envío, feito en agosto de 1967, consta de sete poemas cívico-políticos: “Inverno do labrego”, “Chamamento”, “Ouh Galicia”, “A Rosalía”, “Libertá 64”, “Homenaxe labrego a Daniel Pino i-a

²³ “Uxío era un poeta total”, en *Galicia Hoxe*, 12-IX-2009, p. 27.

²⁴ Revista editada en Barcelona por Publicacions de l'Abadia de Montserrat. Tiraba 8000 exemplares mensuais xa nos primeiros anos. Fundada en outubro de 1959 por un grupo de universitarios, continúa a súa xeira aínda hoxe. De 1964 a 1995 foi o seu director o sacerdote Maur Maria Boix. As súas páxinas tiveron sempre un marcado acento cultural, aínda que tamén estaban presentes as cuestións de tipo político. Na década dos sesenta establecéronse os premios Crítica Serra d'Or.

Nova mocedad”. O 23 de abril de 1968 realiza o segundo envío, o cal contén, ademais dalgúns dos poemas do primeiro envío con algunha modificación, dúas novas composicións: “Pobos probes” e “De tanto calar xa falo eu solo”. Todos eles foron publicados posteriormente en poemarios do escritor.

Publica en *La Voz de Galicia* (11-VI-1967) a necrolóxica “María Mariño Carou ha muerto: apología póstuma”.

1970-1980. A aparición nesta década de *Os Eidos-2* (1974) produce un segundo intre de atención crítica ao poeta concretada previamente xa no artigo de M^a Victoria Fernández España, “Semblanza de un poeta” (*La Voz de Galicia*, A Coruña, 11-X-1970), e de Miguel González Garcés, “La poesía de Novoneyra”, en *La Voz de Galicia* (A Coruña, 26-IV-1970) ou aínda na achega de Xavier Rodríguez Barrio, “O Caurel e Novoneyra”, en *El Progreso* (Lugo, 19-I-1973). Fóra dos xornais galegos temos a entrevista de Juan Pla no xornal madrileño *Pueblo* (31-X-1972) titulada “Uxío Novoneyra, el «Robinson» del Caurel”.



Avilés de Taramancos e Uxío Novoneyra.
Foto de Gustavo Luca.

1971. Escribe o texto de presentación do seu amigo, o pintor Reimundo Patiño, para o catálogo da primeira exposición individual do artista que tivo lugar en Vigo entre o 30 de outono e o 15 de santos.

1973. Casa en Lugo cidade, na capela do Carme, con Elba Rey. A cerimonia ten lugar, de acordo coa invitación que o poeta envía ao doutor Sixto Seco, o día 5 de xaneiro ás 5 da tarde. O matrimonio terá tres fillos²⁵: Branca-Petra, Uxío e Arturo Novo Rey. O matrimonio vive ata o ano 1983 entre Lugo e O Courel.

²⁵ Xustamente ao ano de casar naceu un fillo non logrado que viviu poucos días.

En 1974 aparece, en Galaxia, o poemario *Os Eidos, II*, (configurado nos apartados “Libro de olladas” e “Letanía de Galicia e outros poemas”), onde recompila poemas escritos entre 1954 e 1957, xunto con outros posteriores de marcado compromiso político-ideolóxico. O libro está ilustrado con debuxos de Laxeiro. Parece²⁶ que foi iniciativa da dona do poeta recompilar os poemas (escritos entre 1954-1957) que aparecen neste segundo libro que completa o ciclo iniciado no primeiro.



Xa a respecto do libro citado escriben Juan Soto, “*Os Eidos-2*”, en *El Progreso* (Lugo, 1-XII-1974); Xulio L. Valcárcel, “A natureza i o home na poesía de Novoneyra”, en *El Progreso* (1-XII-1974); Miguel González Garcés, “*Os Eidos-2*, de Uxío Novoneyra”, en *La Voz de Galicia* (A Coruña, 9 e 16 de marzo de 1975); Herminio Barreiro, “Carta aberta a Uxío Novoneyra e a Galicia (Encol de *Eidos-2*)”, en *La Voz de Galicia* (9-III-1975); Luís Seoane, “Uxío Novoneyra”, na serie “Figuracións”, de *La Voz de Galicia* (9-III-1975); Basilio Losada, no libro *Los gallegos* (1975) ou Tomás Barros, na antoloxía de poesía galega de *Nordés* (ed. do Castro, 1978).

A partir dese momento, comeza o seu afastamento do grupo galeguista de Galaxia e inicia unha traxectoria persoal e literaria máis independente e crítica que o levará por distintas editoriais (Xerais, Sotelo Blanco, Vía Láctea, Noitarenga, Edelvives, Espiral Maior, Hércules Edicións) para ver publicada a súa obra.

Presenta a Blas Lourés (n. en Lugo, 1927) no Catálogo da Exposición que o pintor lugués celebrara en Madrid en novembro de 1974. Co tempo volverá sobre a arte e a figura de Lourés, ilustrador dalgúns dos seus poemas do Courel.

²⁶ Vx. Carmen Blanco e Claudio R. Fer, “Introducción” a *Os Eidos*, Vigo: Xerais, 1991, p. 13.

1976. O 19 de setembro, a sección Táboa Redonda, de *El Progreso*, de Lugo, publica “10 poemas de Mao-Tse-Tung” e, conxuntamente, “4 poemas de Mao-Tse-Tung”, estes en lingua galega, en tradución de Uxío Novoneyra a partir da tradución ao castelán de Marcela de Juan (pp. 13-14). Xa en 1962, Montero Díaz posuía un exemplar da edición bilingüe franco-chinesa das poesías de Mao, firmadas para don Santiago polo propio autor. Hai constancia de certo que Novoneyra tivo nas súas mans varios deses poemas na tradución francesa.

1978. O 22 de maio, actúa de mantedor no acto de entrega do Pedrón de Ouro a Ánxel Fole, celebrado en Padrón, e fala do premiado escritor lugués “dono e señor da fala”.

No xornal madrileño *Arriba*, nas páxinas culturais dedicadas a Galicia (16-III-1978), aparece o artigo “La nueva literatura”, onde ten importante presenza Uxío Novoneyra. O artigo está ilustrado por Cámara cun debuxo de Novoneyra datado en 1965.

En **1979** aparece *Poemas caligráficos*²⁷ (nº 1 dos Cadernos da Gadaña, Editorial Brais Pinto, Madrid), no que converxen a poesía visual e a de alcance político, e que posúe unha estrutura externa bimembre: “Vietnam canto” e “Poemas caligráficos”. Xosé Manuel Pereiro, Reimundo Patiño e o mesmo Novoneyra son responsables dos elementos paratextuais do libro.

Na década **1980-1990** a crítica consagra a importancia da obra do poeta do Courel, integrándoo no canon do xénero lírico galego. Das voces que, daquela, contribuíron a tal feito salientamos:



²⁷ Vx. Carlos Paulo Martínez Pereiro, “Da palabra á (cali)grafía en Uxío Novoneyra: influencias interculturais e afluencias plástico-escriturais”, en Francisco Salinas Portugal e M^a do Amparo Tavares Maleval (eds.), *Estudos Galego-Brasileiros 2*, A Coruña: Universidade da Coruña. Servizo de Publicacións, 2006, pp. [405]-428.



No Courel: Uxío Novoneyra, Elba Rey, Helena Latorre, Carlos Oroza e, axeonllado, Manuel Cuña Novás, autor do poema “Canto e Fuga da Irmandade sobor da Terra e da Morte”, inspirado nun verso de Novoneyra e escrito no Courel.

- Méndez Ferrín, quen no seu libro *De Pondal a Novoneyra* (Xerais, 1984) referencia a atención crítica de que é obxecto o poeta do Courel.
- O poeta e profesor Xesús Rábade Paredes inclúe, no seu libro *Literatura. Século XX* (Vigo: Galaxia, 1985), escrito en colaboración con María Vitoria Moreno Márquez, un significativo estudo sobre a obra poética de Novoneyra, traballo polo que o poeta do Courel manifestou sempre interese e satisfacción.
- A edición de *Os eidos. Libro do Courel* (Xerais, 1985), na que aparece a xeito de epílogo o apartado “Fragmentos de críticas, apoloxías e semblanzas”, que dá unha idea do interese suscitado ata entón polo poeta e das valoracións da súa obra.
- O estudo crítico de Anxo Tarrío “O iceberg poético Novoneyra”, integrado no seu libro *De letras e de signos* (Xerais, 1987), mais previamente publicado en *Hoja del lunes* de Vigo, (8-7-1981).

- *Poesía Galega* (Xerais, 1989), de Claudio Rodríguez Fer. Libro que reúne unha ampla serie de estudos de diferente enfoque sobre poetas galegos, posúe un capítulo, “Fonoestilística da poesía de Novoneyra”, que representa a continuidade dos traballos da mesma temática que o profesor Rodríguez Fer publicara na revista *Grial* (“O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra. Incursión ao nivel fónico da obra literaria”, nº 68, 1980, e “Elementos de fonoestilística: a prosa de Fole e a poesía de Novoneyra”, nº 89, 1985).
- Outros traballos aparecidos na mesma década son o do artista plástico e ensaísta ferrolán Siro López, que fai unha homenaxe persoal a Novoneyra na páxina da cuberta d’*El Norte de Galicia* (Ferrol, 24-VIII-1980) presidida polo epígrafe “Coas raíces na terra. Uxío Novoneyra”. Unha caricatura, algúns versos do poeta e breves textos de prosa lírica de Siro enchen a páxina. Engadamos os de Xosé Lois García, en *Jano* (nº correspondente a 1982); Carmen Blanco, “Novoneyra: *Os eidos, libro do Courel*”, en *Colóquio. Letras*, nº 70 (Lisboa, novembro de 1982); Xesús Rábade Paredes, “Uxío Novoneyra. *Os eidos* cumpren 30 anos”, en *Follas Secas*, nº 5 (decembro de 1985). Finalmente, tamén neste número 5, “Presentación de Uxío Novoneyra”, de Xulio Valcárcel.

Mantén unha fonda amizade con José Ángel Valente, cuxa filla Lucila vive no Caurel entre xullo e agosto de **1980**.

No ano **1981** publica nun único volume, co título ***Os Eidos. Libro do Courel***, o poemario que aparecera en dúas partes (1ª en 1955; 2ª en 1974), título emblemático da súa traxectoria poética. Con este libro comeza a revisión recompilatoria do seu ciclo lírico courelán que o poeta depura.

En **1982** prodúcese o primeiro enfrontamento cos escritores mozos suscitado polo escrito do poeta en *Dorna* (nº 3, de 1982, p. [5]) no que aconsella a estes que “non empenen a palabra”, que asuman a “tradición viva” e que manteñan a súa liberdade por enriba de todo. Na revista *Luzes de Galiza*, e no seo do grupo xuvenil Ronseltz, apareceron escritos irónico-burlescos ao respecto dos consellos do poeta do Courel. A penúltima polémica do poeta do Courel cos novos escritores produciuse en decembro de 1986, na

clausura do I Encontro de Novos Escritores celebrado no Instituto Xelmírez I de Santiago. A última terá lugar en 1989.

Alfonso Armada publica en *Faro de Vigo* (29-VIII-1982) o artigo “Uxío Novoneyra, remeiro da Galicia interior”. O poeta declara que “o idioma galego é a forma de Galicia”, engadindo “a miña patria é o meu idioma”.

En **1983** reside en Compostela. Exerce o cargo de Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega para o que fora elixido en 1982. Permanecerá no posto ata o mesmo ano da súa morte, en 1999. Este feito foi lembrado polo seu amigo Bernardino Graña:

*Cando eu, no 1982, dixen que xa non me apetecía seguir de presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, el, de bo xorne, substituíume, e, sempre de bo xorne, ano tras ano, foi mantendo con dignidade e eficacia ese cargo de presidente e morreu como tal.*²⁸


Da estadia en Compostela comenta Herminio Barreiro:

A vella Compostela que evocaba Uxío... Carlos Maside, Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo... Compostela, capital cultural... Aínda non capital política. Aquela Compostela dos primeiros 50, dos sempre “escuros 50”, contados por X. L. Franco Grande. Sumidos no fondo máis fondo, patético e viscoso do “ventre do silencio” (cando en Europa xa remataran case todas as posguerras) –Xosé Luis Méndez Ferrín–. E a nova Compostela... A Compostela cosmopolita e aperturista. A Compostela capital cultural de Europa. Unha nova Compostela, ¿disposta por fin a entrar nun novo século?

*Na Quintana e no Obradoiro. Arredor da catedral. A catedral entre a néboa. A catedral no solpor de outono. As manifestacións na Quintana, os concertos, os recitais. Os nosos paseos á roda polo Obradoiro (esa plaza que é sempre un lugar cheo de emocións, como dixo un día o alcalde dises anos, Xerardo Estévez). Saír con Uxío polo camiño francés cara a fóra. Contemplan o Pedroso xusto por debaixo da marquesina vangardista de Xoán XXIII. escoitar os seus comentarios sobre todas as árbores recén plantadas na avenida remozada ou no entorno do Auditorio de Galicia –¡tardes de exposicións, de charlas, de café!–... Vivencias inesquecibles e privilexiadas que ficarán sempre como piares da miña vida. Ninguén como Uxío para abordar todos os temas, dende os máis graves e trascendentes ata os máis triviais e cotidianos.*²⁹

²⁸ Bernardino Graña, “Sobre Uxío Novoneyra”, en *Escrita contemporánea*, op. cit., p. 9.

²⁹ Herminio Barreiro en *Amatra-n-gallar*, verán de 2004, nº 7, pp. 6-7.



Novoneyra acompañando ao alcalde compostelán, Xerardo Estévez.

A vida do poeta durante esta década posúe numerosas referencias compostelás (pois, de feito, o poeta vivía coa súa familia preto da Avenida Xoán XXIII de Compostela) que se concretan, de acordo coa memoria persoal de José Luis Marí Solera³⁰, na frecuentación do Café Derby, nos intres de lectura no Café Gaiola, na participación en movementos contestatarios do ámbito universitario (asiste a algunhas asembleas de estudantes) e, sobre todo, en recitais poéticos no Museo do Pobo Galego, nas Facultades de Medicina e Económicas ou na Alameda, e aínda a asistencia aos concertos da Banda Municipal de Música da cidade dirixida por Amador Santos Bartolomé. Dá tamén o poeta diferentes lecturas poéticas (Cunqueiro, Lorca, Rosalía, Antonio Machado, e aínda versos da súa propia autoría). Ten relación con Agustín García Calvo, catedrático de Filoloxía Latina da Universidade de Madrid, que vivía con Isabel Escudero, de quen Uxío era gran amigo.

³⁰ Vx. José Luis Marí Solera, “A Uxío Novoneyra poeta”, en *Uxío Novoneyra. Homenaxe*, op. cit., no caderno literario. Aínda que se fala aquí da década dos setenta, as referencias quizais podemos situalas tamén nos anos oitenta, cando Novoneyra se instala en Santiago.



Novoneyra xunto con Manuel María e M. A. Fernán-Vello.

O 7 de febreiro de 1983 preside a xuntanza da AELG na que se nomea a Celestino Fernández de la Vega Socio de Honra e se formaliza a candidatura de Ánxel Fole para o Premio Nobel de Literatura. Unha das tarefas emprendidas por Novoneyra na AELG foi a de promover e consolidar as xuntanzas anuais de Galeuzca, nas que participaron sempre escritores galegos, vascos e cataláns, restaurando así unha tradición que parte dos anos trinta do pasado século XX.

O 23 de marzo de 1983 intervéñen nun recital poético na Delegación de Cultura da Coruña, no ciclo “Debates dos mércores”, a carón de José M^a Álvarez e Josep M^a Llompart. O tema a debater foi “A poesía e os pobos”.

Publica en *La Voz de Galicia* (suplemento Cultura, 14-IV-1983) o artigo “Escondida galeguidade”, dedicado ao pintor Blas Lourés, ao que chama “querido e inesquecible amigo e maestro”, co gallo da súa Exposición na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Santiago. Lugués como Tino Grandío, Lourés, “pintor dos tesos cumes do Courel”, ilustrou (como xa quedou anotado) varias páxinas poéticas de Novoneyra.

O 16 de maio de 1983 dá un recital poético en Pontevedra, no salón de actos do Instituto Sánchez Cantón, no ámbito das actividades programadas para o Día das Letras Galegas.

1984. Aparece o libro *De Pondal a Novoneyra* (Xerais, 1984), de X. L. Méndez Ferrín, que percorre a nosa lírica anterior e posterior á Guerra Civil. No apartado dedicado a Novoneyra analiza en nota crítica *Os Eidos e Elexías do Courel*. Ofrece tamén interesantes referencias bibliográficas.

1985. Nova edición de *Os Eidos. Libro do Courel* (Xerais, Vigo, 1985). Leva, como a anterior, un conxunto de comentarios críticos e un glosario, feito este polo propio poeta. Na contracuberta figura un retrato do propio Novoneyra feito por Pedro Martínez Tavera. Debemos salientar a partitura musical da composición “Pasan pasan as nebras”, para canto e piano, da autoría do malogrado músico Manuel Balboa.

O 20 de abril, en carta³¹ ao Presidente da Xunta de Galicia, Gerardo Fernández Albor, solicita a creación dunha “Aula de Escritores Galegos” en todos os Institutos de Bacharelato de Galicia.

Fai unha lectura poética no Congreso Internacional Rosalía de Castro, celebrado en Santiago de Compostela do 15 ao 20 de xullo, auspiciado pola Universidade de Santiago e o Consello da Cultura Galega. Ao ano seguinte publicáronse, en tres volumes, as actas do devandito congreso.

No suplemento El Correo Cultural. Artes y letras, de *El Correo Gallego* (24-XI-1985) publica varios poemas dedicados ao seu amigo Reimundo Patiño, “don do caos”, e catro caligrafías. Patiño morrera no verán do mesmo ano e Novoneyra homenaxeouno pouco despois.

Publicación do libro de X. L. Franco Grande, *Os anos escuros, I (A resistencia cultural da xeración da Noite, 1954-60)*, fundamental para coñecer a vida de Novoneyra en Santiago durante a década dos anos cincuenta.

En **1986**, co selo editorial da Deputación de Lugo e como nº 1 da colección Gran Lugo de Nebra, en edición ilustrada por Carlos Pardo Teijeiro (co epílogo crítico de Claudio Rodríguez Fer) aparece o poemario de Novoneyra *Muller pra lonxe*. Trátase, en realidade, dunha escolma –con orixinais caligráficos dos poemas– de composicións datadas entre 1955 e 1985 e xa publicadas en entregas poéticas anteriores. “Poesía obxectual, paisaxística, cósmica, existencial, cívica e amorosa ao mesmo tempo”, mais sobre todo “poesía de amor, porque, como todos os grandes poetas, Uxío Novoneyra é tamén un poeta do amor” (C. R. Fer).

³¹ O texto da carta reproducése nas páxinas da revista *Escrita contemporánea* (Monográfico dedicado a Uxío Novoneyra e publicado no 2005), pp. 201-202, tanto o orixinal manuscrito como o mecanoscrito. Tamén neste libro.

A presentación do libro corre a cargo do catedrático Isidoro Millán, que escribe para aquel acto un amplo e fermosísimo texto inédito ata agora mesmo, do que reproducimos o emocionado comezo, cheo de fondas lembranzas:

Hai ben de anos que Uxío Novoneyra e máis eu nos coñecemos. Foi na primavera do ano 57. Inda non abriran os primeiros gromos cando, guiado por Ramón Piñeiro e arrodeado dun fado de poetas mozos, troveiro él e rapsoda, nunha xira clamorosa por cidades e vilas galegas, presentouse en Santiago na casa da miña irmá, onde, arroupado no leito hastra as orellas, forzado a deixar por un tempo as axudantías na Universidade de Madrid, convalecía eu, xa non soubera dicir hoxe se das consecuencias dun desmesurado diagnóstico ou dunha grave doenza. Mais este é outro conto.

Cando hoxe, ó cabo de tantos anos, interrompidos de cando en cando por moi raros encontros —os dos dedos dunha man —, mais sempre cheos de cordial compenetración, sobrevén de súpeto esta oportunidade que me deparáchedes de pronunciar unhas palabras de presentación de Muller pra lonxe, o fermoso libro de Uxío que fermosamente acabades de imprimir, rebrota e avivece na miña mente a lembranza de aquela primavera do 57, que os pulos mozos enchían de alegres esperanzas no horizonte da Poesía pra Novoneyra, no horizonte de dedicación humanística e filolóxica pra min, cunha fonda raigaña compartida de amor e devoción a Galicia en ámbolos dous.

E pois que tantas neves e xiadas, máis espesas cas do Courel, xiadas e neves de acedumes e desencantos, cairon dende entón, co rodar dos anos, sobre de aquela froil vizosa dos fervores mozos, cáseque se me veñen á boca, ó miralo aquí a Uxío, e outro tanto lle pasará comigo a él, os versos aqueles magoados do grande poeta da “pequena Ponteceso”:

*Ti estás coma o Monte Branco
da boca do río Anllóns;
eu estou como aquel monte
que natura levantou,
triste, deserto, areoso
do río Leres na foz,
e ten volto o rostro escuro
cara Nemiña e Talón.*

*Imos vellos, imos vellos,
Xa imos vello-los dous...*

En 1987, o día 2 de maio, pronuncia o pregón de inauguración da Feira do Libro de Santiago de Compostela. *El Correo Gallego* (3-V-1987) recolle a noticia e salienta unha frase do poeta, “Os libros, despois do amor e da

amizade, son a mellor forma de loitar contra a soedade”.

No Cuaderno de Cultura de *La Voz de Galicia* (16-IV-1987) aparece un amplo traballo de Miguel Sande: “*Muller pra lonxe*, 30 anos de amor na poesía de Novoneyra”.

En 1988 publícase outra escolma que tamén abrangue poemas escritos agora ao longo de trinta anos (1956-1986). Trátase de ***Do Courel a Compostela*** (Sotelo Blanco, 1988), onde se xuntan “a modo de antoloxía, *verbas de*

patria e libertade e máis palabra, de varia forma e vario tempo”, de acordo co texto da contracuberta do libro. Salienta nel a temática política, o latexo da patria galega, o lirismo cívico e revolucionario, de protesta contra tráxicos acontecementos ocorridos en Galicia ou no resto do mundo, sen que falten versos de amor, composicións elexíacas ou poemas de signo existencial e ton intimista. Acompañan aos poemas unha parte gráfico-ilustrada (obras de García Cabezón, Laxeiro, Maside, Lorente) e unha escolma de textos críticos sobre o poeta de autoría de Xulio L. Valcárcel, X. L. Méndez Ferrín, R. Patiño, Xesús Rábade Paredes, Herminio Barreiro, Luís Seoane, Basilio Losada e Claudio Rodríguez Fer xunto con textos de diversas publicacións anteriores.

Este poemario, *Do Courel a Compostela*, promove así mesmo un demorado e longo artigo de Nicanor Rielo no suplemento “Táboa Redonda”, de *El Progreso* (24-VIII-1988), do que era coordinador Juan Soto.

En *El Independiente*, de Madrid, de 23-IX-1988, escribe Luis Carandell na súa necrolóxica “En recuerdo de Celso Emilio Ferreiro” a propósito de Uxío Novoneyra:



Novoneyra acompañado de Xulio López Valcárcel, Miguel Anxo Murado, Xavier Seoane, X. Rodríguez Barrio e Xosé Lois García, no paseo da Ferradura en Santiago de Compostela.



Na sede da RAG, nun acto de protesta (13 de xuño de 1987) con Novoneyra, Avilés de Taramancos, Paco Martín, Manuel María, Méndez Ferrín, M. A. Fernán-Vello, Pilar Pallarés, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, etc.

Novoneira, residente también en Madrid muchos años, fue, lo mismo que Celso Emilio, un constante embajador de las letras gallegas. Es, no sólo un excelente poeta sino también un impresionante rapsoda a quien muchas veces oí, en las interminables «nochazas» del Gijón, versos de Rosalía, de Curros Enríquez o de Celso Emilio. Hizo vibrar a la audiencia, la otra tarde, en el Ateneo con su traje blanco y su blanca barba de patriarca literario, al recitar los versos de «Longa noite de pedra».

O 18 de decembro, intervén na presentación, en Durango, dunha antoloxía poética nacionalista na que figuran poemas de Salvador Espriu, Gabriel Aresti e Celso E. Ferreiro. No acto, publicitado no xornal *Argia*, interviron tamén Manuel María e Bernardo Atxaga.

No mesmo ano, co título de *Bazerrak / Os Eidos, I e II*, a Editorial Pamiela, de Navarra, publica en edición bilingüe galego-vasco o citado poemario de Novoneyra, en edición ao coidado de Koldo Izagirre.

En **1989** sofre novos ataques verbais e algunha chusca parodia por grupos de escritores mozos. Discrepante, en materia de normativa, de AGAL e do ILGA, sofre novas descalificacións. Posteriormente, parte da súa obra (de temática socio-política) experimenta unha clara marxinación en novos textos críticos e novas antoloxías de poesía.

O 31 de marzo, asiste ao II Congreso de Escritores en lingua galega como presidente da AELG. O Congreso, celebrado en Lugo, aposta pola liberdade e a unión no uso lingüístico, solicita a inclusión da Asociación de Escritores no Consello da Cultura Galega e pide a dimisión de Domingo García-Sabell como presidente da RAG.

O 5 de abril, no diario vasco *Egin*, aparece a referencia da tradución, por Koldo Izagirre, á lingua vasca, de *Os Eidos*. Co paso do tempo diversas composicións do poeta foron traducidas ás seguintes linguas: alemán, por Hedwig Caspers; castelán, por Xulio Calviño; francés, por François Davo e James Sacré; gaélico, por Pearse Hutchinson; inglés, por Jack Hill e Pearce Hutchinson e xaponés, por Ayako Sugitani.

La Voz de Galicia, nas páxinas de “Cultura” (7-V-1989) publica unha entrevista de Miguel Sande a Novoneyra e reproduce o poema “Lenda de Ith”, o máis recente, ata aquel intre, dos escritos polo poeta, que declara que “a poesía é un don da mocidade”.

O 10 de xuño de 1989, intervén na entrega de premios dos II Xogos Frorais Escolares de Galicia, na vila coruñesa de Sada.


En **1990**, nova edición de *Os Eidos* (Xerais, Vigo), na colección da Biblioteca das Letras Galegas, ao coidado de Carmen Blanco e Claudio R. Fer. Engádese a composición “O monte Cido”, datada en 1985. En 1991 temos de novo *Os Eidos* que reaparece na colección da Biblioteca das Letras Galegas de Xerais antecitada e cos mesmos editores literarios. Ademais desta edición, Carmen Blanco é autora do fascículo 40 da *Historia da Literatura Galega*,

AS-PG, 1996, titulado “Uxío Novoneyra: poesía, terra e compromiso” e editora da *Antoloxía poética. Uxío Novoneyra*, colección “A Nosa Literatura”, nº 40, Vigo: A Nosa Terra / AS-PG, 1997.

Consuelo García Devesa publica o traballo “O orientalismo en Novoneyra” (*Grial*, nº 106, abril-xuño de 1990, pp. 205-217) sobre a presenza do haiku xaponés en Novoneyra

O día 30 de novembro, no seu suplemento de cultura, *El Ideal Gallego* publica, sen referencia do autor, un traballo sobre Uxío Novoneyra, con especial atención aos seus libros *Os Eidos* e *Do Courel a Compostela*. O traballo vai ilustrado cun debuxo do poeta da autoría de Carlos Maside.

No comezo dos anos noventa contribúe á narrativa infantil cos contos *O cubil do xabarín* (Edelvives, 1991) e *Gorgorín e Cabezón* (Edelvives, 1992), historias de aventuras de nenos que se desenvolven na xeografía do Courel.



En 1991 o poemario *Elexías do Courel e outros poemas* (coa incorporación da serie de composicións “Madrid / Noite”) reaparece baixo o título *Tempo de elegía* (A Coruña: Vía Láctea, colección Merlín e familia, 1991). Continúa este libro o hábito do poeta de recolocar ou trasbasar poemas soltos ou seccións de poemas dun libro a outro, circunstancia á que non son alleas as antoloxías tamén preparadas polo mesmo escritor.

O 3 de abril, na Galería Sargadelos de Santiago, no ámbito da presentación de libros infantís e xuvenís, e xuntamente con David Otero e Agustín Fernández Paz, presenta o seu libro *O cubil do xabarín* (Ed. Edelvives, col. Ala Delta, 1991).

No *Faro de Vigo* (7-IV-1991) Liliana Podestá publica unha entrevista con Novoneyra, que confesa que “El mundo está lleno de poesía innecesaria”.

En 1992, o 30 de maio, pronuncia o pregón de apertura da Feira do libro de Lugo e solicita á Xunta de Galicia “que non deixe perder a nosa lingua” (*El Progreso*, 31-V-1992, p. 113), da que afirma que é “a nosa maior tradición”.

1993. É o encargado do apartado de “Glosa e recital” no I Certame Xacobeo de Poesía, celebrado no claustro do convento de San Francisco, en Santiago de Compostela, o 15 de xaneiro. A súa glosa, referida ao tempo dos trovadores, titúlase “Verdura de las eras. Esplendor poético cuasi planetario”. Tras da cita de numerosas cantigas medievais o glosador escribe:

*Durante os primeiros anos cincuenta, despois da miña primeira estanza en Madrid e Compostela, en plena mocidade eu traguía comigo os trovadores galego-portugueses polos soutos, montes e prados do Courel. Era un entónces recente volume, o primeiro editado por Galaxia, nº 1 da súa escolma de Poesía Galega que está clamando ser reproducido en facsímile...*³²



O 29 de abril actúa como Mantedor do XXI Certame Literario Minerva, convocado polo Colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela. Precede a entrega de premios e pronuncia un discurso diante dos alumnos de Ensino Medio de diferentes institutos e colexios de Galicia.

No mesmo ano ofrece un recital poético no Auditorio de Galicia, de Santiago de Compostela, no que interveñen tamén Emilio Cao, Mª del Mar Bonet, John Rembourn e a Orquesta Clásica de Madrid.

Publícase o ensaio de Antonia López García, *Os camiños do soño (A poesía de Uxío Novoneyra)*, edicións do Cumio, Vigo, 1993.

Un traballo de X. L. Axeitos, “O celtismo na poesía galega” (*Anuario*³³ de *estudios literarios galegos*, 1992), sitúa a Novoneyra, a partir do cultivo do “laio”, na órbita do celtismo literario.

1994. Colabora co artigo “Rafael Úbeda un desmedido encontro” no libro-caderno monográfico³⁴ dedicado ao pintor Rafael Úbeda. Realmente,


³² Vx. *Sempre no Camiño. Xacobeo 93. Primeiro Certame Xacobeo de Poesía*, A Coruña: Hércules de Edicións, 1993, p. 29.

³³ Vigo: Galaxia, 1993, pp. 95-106.

³⁴ *Rafael Úbeda*, Ferrol: Concellaría de Cultura do Concello de Ferrol, 1994.

Novoneyra mantivo unha importante relación ao longo da súa vida con numerosos pintores galegos, aos que dedicou poemas, presentou en exposicións e fixo catálogos das súas obras expostas. Ademais da súa fonda amizade con Carlos Maside relacionouse con Laxeiro (ilustrador de *Os Eidos*, 2), Raimundo Patiño, Tino Grandío, Luís Seoane, Blas Lourés, Enrique Ortiz ou o cubano René Portocarrero, entre outros. Debe lembrarse, ademais, a amplísima presenza de pintores na caixa-carpeta que co título *Uxío Novoneyra. Homenaxe*, e con data de 30 de outubro de 1999, publicouse en Santiago de Compostela, en edición restrinxida de 150 exemplares, coordinada pola Asociación cultural O Galo. (A esta carpeta facemos referencia máis adiante).

Mais, fundamentalmente, resulta clara a dimensión plástica da obra de Novoneyra, recoñecida en palabras de Ánxel Huete:



Retrato de Uxío Novoneyra realizado por Laxeiro en 1971.

Cómpre suliñar dende o noso punto de vista o vivo interese polas linguaxes plásticas que ó longo de toda súa traxectoria ven amosando o poeta do Caurel. Este vencellamento queda por exemplo moi patente na forte sensibilidade plástica que informa a meirande parte da súa obra poética: a esencia da paisaxe expresada a través dunha sutil percepción atmosférica e cromática ou o tanxible mundo das formas —sexan estas de orixe natural ou froito da actividade humana— utilizando sempre como expresión simbólica da realidade profunda.

*Asemade, habería que destacar, por seguir no eido das relacións plástico-poéticas, as incursións de Novoneyra dentro do estilo caligráfico, que tanta importancia concede ós aspectos formalmente estruturais do poema, dando lugar a obras nas que quedan indisolublemente fundidos o visual e o literario, nunha inefable síntese de grande expresividade artística.*³⁵

Aparece ***Poemas da doada certeza (i este brillo premido entre as pálpebras)*** (Editorial Espiral Maior, A Coruña, 1994), con ilustracións —fotos, gravados, caligrafías— de Reimundo Patiño, Carlos Prego e Federico García Cabezón.

³⁵ Vx. Ánxel Huete, “A sensibilidade plástica”, en *Uxío Novoneyra. Homenaxe*, op. cit., no caderno literario.

O día 14 de abril, na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela, asiste á presentación do libro *Alén da fenda* (Ed. Espiral Maior, 1994), de Ignacio Castro, profesor de Filosofía. Nun dos apartados do libro hai un estudo sobre a poética de Novoneyra.

En **1995** colabora no libro colectivo *Camelio xaponés* (Ed. do Consorcio de Santiago, 1995), de temática compostelá, no que figuran sete xiikas de Ayako Sugitani, en versión galega de Novoneyra, e tres poemas deste en versión xaponesa da citada escritora.

En **1996** participaba nas Noites Poéticas de *A Pipa*, en Becerreá. O director da revista, Alfonso Becerra, anuncia en 1999 que nela “sairán unhas composicións inéditas súas de grande beleza” (*La Voz de Galicia*, 31-X-1999, p. 91. Homenaxe a Novoneyra).

Claudio Rodríguez Fer, estudoso e editor da obra poética de Novoneyra, publica *Acometida Atlántica (por un comparatismo integral)*, Sada: do Castro, 1996, onde reúne os traballos “Do *Cantar de Mío Cid* á épica de Novoneyra”, “A poesía amorosa de Uxío Novoneyra” e “Laxeiro visto por Novoneyra”; pp. 25-34, 151-155 e 253.

A Asociación Cultural Monte Branco, de Ponteceso, publica unha nova antoloxía lírica do escritor co título *Do Courel ó Monte Branco*. Neste mesmo ano, esta asociación fai unha homenaxe a Uxío Novoneyra, no que a escritora Antonia López García fará unha semblanza do escritor, escenificarase o seu conto “Gorgorín e Cabezón” e o poeta recitará poemas de Eduardo Pondal.

1997. O 18 de novembro, Uxío Novoneyra participa, xunto con M^a do Carme Kruckenberg e Salvador García Bodaño, no II Ciclo de Recitais Poéticos en Filoloxía (no apartado titulado “3 poetas da Xeración dos 50”), celebrado na Aula Magna de Filoloxía do Campus de Elviña (A Coruña) e organizado por Yolanda Castaño e Emma Couceiro.

1998. Aparece *Uxío Novoneyra. Dos soños teimosos* (Santiago de Compostela, Ed. Noitarenga, 1998), importante libro para coñecer a vida e a obra do poeta, segundo o seu propio testemuño; libro que contén unha ampla entrevista feita por Emilio Araújo a Novoneyra (percorridos polo ámbito familiar e a terra do poeta, pola lingua, polos poemarios do escritor, etc.) xunto cunha reportaxe fotográfica sobre o poeta e a súa familia. Á pregunta de como ve o momento actual da poesía galega, a resposta é:

Volvéndose un primeiro para os da xeración anterior e comezando polos coñecidos persoalmente: a grande impresión producíuma María Mariño Carou, “a noieira do Courel”. Logo o primeiro e último Cunqueiro e algo de Bouza. Unha atención especial para Díaz Castro, devoto de Aquilino, e para o don Ramón do “Xenio dos centeos”. O copo de toda a atención social por Celso Emilio. Luís Pimentel, co seu texto reversible a dúas linguas e esa sensibilidade de enfermo e de médico á vez.

Preguntado polos símbolos e a identidade do país, contesta:

O verdadeiro símbolo é a Lingua, como en calquera pobo dependente; e ate hai pouco foi ademais un distintivo de clase. (...)

*Ninguén dubida xa da nosa identidade, nin os inimigos da **Lingua propia**, que anque non a queiran nin a falen será sempre o galego. Repito: hai cousas que non as escolle un, escolleunas a historia.*³⁶

A *Fala* como esencia e clave da identidade do país foi motivo de preocupación constante e de traballo do noso poeta, tanto no seu quefacer individual como colectivo, isto último pola súa calidade de presidente, durante moitos anos, da AELG. O poeta víase dentro da lingua, pois estaba dentro de Galicia e da súa cultura popular, e definiuna como “o único sitio onde seguen vivos os antepasados, a única forma audible de supervivencia”³⁷.

El Correo Gallego (28-V-98), no número 11 da súa “Revista das Letras, Artes e Ciencias”, anuncia a publicación do libro *Dos soños teimosos*, reproduce o

³⁶ Vx. *Uxío Novoneyra. Dos soños teimosos* (Preguntas de Emilio Araújo), Santiago de Compostela: Noitarenga, 1998, pp. 94-96.

³⁷ Op. cit., p. 24.

poema “Canto pra ter favores de Venus” e Rosa Navia escribe sobre o “Libro de rotas” de Novoneyra, libro que o poeta está a escribir e do que comenta que “o que fago é moverme pola serra, facer rotas, por eso se chama *Libro de rotas*”, que representa un retorno ao ámbito rural, labrego.

Así mesmo ve a luz *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarán* (Edelvives, 1998), onde o escritor volve ó terreo da literatura infantil.

O 16 de outubro participa na homenaxe a Ernesto Che Guevara organizada por iniciativa de Alonso Montero e Xosé M. Salgado e celebrada no Paraninfo da USC. Novoneyra le os seus poemas publicados no libro, no que aparecen textos de Carlos Casares, Manuel María, Alfredo Conde, Salvador García Bodaño e outros.

Publicase o libro de Xulio Calviño *Uxío Novoneyra e os motivos de circe (Texto poético íntegro de Tempo de elexía)*, (Espirál Maior, A Coruña, 1998).



1999. O 9 de abril, é reelixido presidente da AELG, cargo para o que fora xa reelixido en 1988. Entran na Asociación as escritoras Yolanda Castaño e Marta Dacosta.

Rodri García publica en *La Voz de Galicia* (14-IV-1999) un traballo con diversas informacións sobre Novoneyra (que leva máis dun ano sen poder ir ao Courel debido a problemas de saúde), que declara que o seu poemario *Ámeto mítico* “está composto e corrixido, pero quero que saia fóra do tempo destas eleccións, nun ambiente máis tranquilo”. O mesmo poeta adianta en *O Correo Galego* as “Lendas de a cavalo” (13-VII-1999) que se incorporan ao chamado *Libro de Rotas / Ámeto mítico*, que aínda retrasará algúns meses a súa publicación.

Aparece o que será o derradeiro e póstumo poemario do escritor: *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, en coedición Xunta de Galicia / Hércules de ediciones S. A. Nos créditos, o Depósito Legal ten data de 1998, mais no copyright da edición figura o ano 1999. As fotografías

son de Federico García Cabezón. Hai algúns exemplos de versos e poemas caligráficos da autoría do poeta. O libro, en palabras de Olga Novo:



...contén fórmulas estróficas populares e toda a fascinación toponímica das orixes poéticas de Novoneyra. Regresan os mitos e as lendas, regresa Roldán á casa de Parada para se converter nun verso, regresa a memoria de vellas amizades e continúa o inmenso periplo dos lugares de Galicia vivos e latexantes na súa peregrinaxe poética. Este regreso ó popular pecha o círculo da existencia de Novoneyra reintegrándoo no seo do pobo labrego do que procedía e ó que amaba.

Arrodeos e desvíos do camiño de Santiago e outras rotas *leva xa no título a idea do extravío do camiño previamente marcado, como unha busca permanente a través da saída por carreiros agochados ou pouco coñecidos. E así como se cantan as antigas vías de peregrinaxe a Santiago, Novoneyra recrea aqueloutras vías e rotas afastadas tan amadas. Nelas perdura a memoria dos camiñantes de Os Eidos, figuras ensumidas nas voltas dun camiño labiríntico da serra que é tamén o camiño da existencia: (...)*

Cada topónimo ten agora de novo o poder da evocación e exaltación do lugar e de toda a súa historia, contada ou non, e o amor universal do poeta ensancha a visión para acariñar, mentres nomea, lugares e xentes desde as Francias pasadas, onde comeza o camiño, ata a Fisterra galaica. Pola palabra novoneyriana fanse presentes as posibilidades nómades “Dendes do Limia hastr-o Norte / do Courel hastr-o mar forte”, cruzando toda Galicia.³⁸


Con motivo do Día das Letras, dá en Ferrol o seu derradeiro recital poético, que dedica ao Ferrol dos traballadores, nun acto celebrado no campus universitario de Esteiro. En 2004 a cidade dedicará ao poeta do Courel a súa Feira do Libro.

A Asociación Cultural O Galo impulsa e coordina a publicación dos materiais textuais e artísticos en homenaxe a Uxío Novoneyra, materiais contidos nunha caixa-carpeta de madeira de gran formato titulada *Uxío Novoneyra. Homenaxe* (Santiago de Compostela: Imprenta Litonor, 30-X-1999). En folla independente figura a listaxe dos arredor de cento cincuenta colaboradores na referida homenaxe con textos e ilustracións de todo tipo (Xaime Quessada, Xosé Lois, Quintana Martelo, Amando, M. Moldes,

³⁸ Olga Novo, *Uxío Novoneyra. Lingua Loaira*, Lugo: Fundación Caixa Galicia, 2005, pp. 96-97.

Xan Pardiñas, Alexandro, Menchu Lamas, V. Cores, Tino Viz, R. Patiño, Tono Carbajo, Blas Lourés figuran, entre moitos outros, no elenco dos ilustradores). Poemas, textos críticos ou epistolares de lembranza e amizade conviven con numerosos poemas nesta fermosa e moi coidada iniciativa artístico-literaria.

Publícase *Onde só queda alguén pra aguantar dos nomes* (Santiago de Compostela: Noitarenga, 1999), no que aparecen algúns poemas e un texto en prosa de Uxío Novoneyra. O volume contén, ademais, algunhas fotografías de Federico García Cabezón e un poema de Emilio Araújo.



Morre o poeta no Hospital Gil Casares, de Santiago, o sábado, 30 de outubro de 1999, ás 11 da mañá. Os seus restos vélanse en San Domingos de Bonaval.

O 5 de outubro, *La Voz de Galicia* dedica o suplemento Culturas a homenaxear a Novoneyra. O 31 do mesmo mes, o xornal, nas páxinas de cultura e espectáculos, informa da Homenaxe a Novoneyra no convento de San Domingos de Bonaval, no que participaron Ma del Carmen Kruckenberg, Luz Pozo, Xosé Manuel Beiras, Manuel María, Xosé Lois García, Margarita Ledo, Miguel Anxo Fernán-Vello e Xosé Luís Méndez Ferrín.

Ese mesmo día e o seguinte (1-XI-1999), *O Correo Galego* publica o suplemento AFA dedicado ao poeta do Courel, que falecera o día 30 de outubro. Un verso caligrafado –“A morte non é certo”– da autoría de Novoneyra constitúe o lema das páxinas, que conteñen unha interesante reportaxe fotográfica e colaboracións de Soedade Noia, Lupe Gómez, Helena González, Yara Frateschi, Antonio Rodríguez e, aínda, composicións do poeta do Courel.

O sábado 18 de decembro, a Asociación Cultural O Galo, a AELG e a AS-PG promoven no Teatro Principal de Santiago unha homenaxe nacional a Novoneyra. Leron poemas S. García Bodaño, Bernardino Graña, Manuel María, Méndez Ferrín e María Xosé Queizán. Presentouse no acto a antecitada caixa-carpeta con orixinais literarios e pictóricos de escritores e artistas plásticos.

Deste mesmo mes temos un fermoso texto escrito da man de José Ángel Valente, datado en Xenebra, que transcribimos a continuación:

Incipit *Vita Nova*

Dante Alighieri

Uxío Novoneyra, a voz e o espírito do Courel, o grande poeta da Terra finou o 30 de Outubro de 1999 en Santiago de Compostela.

Galicia perdeu a súa voz, a voz da poesía que xurdiu con fonda forza dos cumes do Courel, das Neves e dos castiñeiros, das cores e do perfume do ar, do silencio da Devesa da Rogueira. Poesía e canto das terras e das bestas, das cousas e das xentes. Cumos outos. Néboas. Paxaros, bois e sotos. Fontes de augas craras e de nubes fuxintes. Vento de follas, bidueiras e cerdeiras. Alento da palabra do home novo no umbral sacro. Poesía da resistencia comprometida. Vietnam canto. O Pía Páxaro. A voz da Terra.

As campás de todo o Courel e de Compostela renderon como unha sola voz a homenaxe de Galicia ó seu poeta, persoeiro primeiro velado no Panteón de Galegos Ilustres en San Domingos de Bonaval.

A súa voz lene e firme sen límites, canto sostido de compromiso universal, todavía resoa con emoción tal sementeira espallada polo ar da nosa sociedade A Nosa Galiza; pomba, voz fonda e nobre, palabra reveladora, corazón na man aberta ofrecida, verba e presenza xenerosa, mensaxe de verdadeira solidariedade cos seus irmáns alleos. Letanía de Galicia gravada para sempre na nosa memoria.

Voz e poesía, liberdade, palabras nosas.

Xenebra, Nadal de 1999

2000. Aparece o libro de Ignacio Castro (Ed.), *Neste silencio. Arredor de Uxío Novoneyra* (Santiago de Compostela: Noitarenga, 2000), texto de conversa e debate entre catorce amigos ou coñecedores da obra do poeta (Herminio Barreiro, Antón Patiño, Ignacio Castro, Manuel María, etc.).

Creación, polo Concello das Pontes de García Rodríguez, do Premio de poesía Uxío Novoneyra, de carácter bienal. Ata o presente 2009 os gañadores foron Xosé Vázquez Pintor, Daniel Salgado, Suso Pensado e Diana Varela Puñal.

O Concello do Courel crea o Certame literario escolar Uxío Novoneyra. Na primeira convocatoria recibiron premios máis de trinta escolares de toda Galicia.


2001. A revista *Clave Orión*, de Luz Pozo Garza, dedica un número dobre, VII-VIII a homenaxear aos poetas Uxío Novoneyra e Manuel María. Para o primeiro hai poemas dedicados de Manuel María, M. Álvarez Torneiro, Salvador García Bodaño, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Manuel X. Neira e Moncho Regueira. Hai, tamén, trece poemas caligrafados de Novoneyra coa correspondente transcripción de Luz Pozo. Trátase de “Manuscritos inéditos de Uxío Novoneyra a Luz Pozo Garza en 1950”.

2002. Creación, en Lugo, do Centro Municipal Uxío Novoneyra, de carácter socio-cultural. No mesmo ano o Centro promovía unha homenaxe ao poeta cun recital dos seus versos no que interviron nove poetas. En lembranza do poeta levan tamén o seu nome numerosas rúas de diversas vilas e cidades galegas e, así mesmo, a biblioteca do IES Ánxel Casal de Monte Alto (A Coruña), o CPI de Pedrafita (Lugo) ou a biblioteca e aula de poesía situadas no Pazo Vila Melania na parroquia de Vilaboa, do concello de Culleredo (A Coruña).

Publícase *Os Eidos*, na colección Biblioteca Galega 120, A Coruña, La Voz de Galicia (2002).

No mesmo ano e tamén na Biblioteca Galega 120, de *La Voz de Galicia*, no volume *Crítica e autores, I*, reúnen-se tres artigos publicados no xornal sobre o autor de *Os Eidos*: “Poeta pai”, de Miguel Sande; “Unha xeografía poética”, de Francisco Albo e “Emoción e angustia”, de Antonia López.

2004. A poeta e estudosa da literatura galega Olga Novo gaña co seu ensaio *Uxío Novoneyra. Lingua Loaira* o Premio Ánxel Fole na súa décimo oitava edición. O libro desenvolve unha ampla serie de aspectos da vida e obra do poeta, xunto cun importante percorrido pola súa obra dispersa en xornais e revistas, e aínda un apéndice dedicado a composicións e variantes inéditas dalgúns dos seus poemas.



No verán deste mesmo ano, o nº 7 da publicación *Amastra-n-gallar*, fundada e dirixida por Emilio Araújo, homenaxea a Uxío Novoneyra (representado nesa mesma publicación) a través de textos –prosa e verso– en diferentes linguas, de máis de corenta escritores.

O 11 de marzo, o pintor Blas Lourés expón no Círculo das Artes de Lugo unha serie de 16 pezas inspiradas en poemas de Novoneyra, co que pasou unha longa tempada no Courel, visto nestas obras polo pintor.

2005. A revista *Escrita contemporánea* dedica un importante número de homenaxe (*Uxío Novoneyra. A emoción da terra*) ao escritor do Courel, número coordinado por Henrique Rabuñal Corgo e Cesáreo Sánchez Iglesias e editado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega que Novoneyra presidira ata 1999, ano da súa morte. Estudos e notas de Bernardino Graña, Antón Patiño, Armando Requeixo, Antonia López García, Xulio L. Valcárcel, Emilio Arauxo, Xulio Cobas Brenlla ou Pilar García Negro entre outros; un considerable material fotográfico e a reprodución de textos mecanoscritos ou caligráficos do poeta, en verso ou prosa, de asunto diverso, configuran esta interesante publicación.

Publicase o ensaio de Olga Novo *Uxío Novoneyra. Lingua Loaira*, Fundación Caixa Galicia / El Progreso (2005), distinguido co XVIII premio literario Ánxel Fole. Libro imprescindible para o coñecemento da parte textual do poeta espaxada por diferentes publicacións periódicas ou libros inéditos e multiplicada en distintas variantes.

2006. O día 4 de agosto ten lugar a apertura do primeiro Festival Internacional de Poesía Cidade de Betanzos. Participan, neste contexto, numerosos poetas na Homenaxe a Novoneyra: Cesáreo Sánchez Iglesias, Claudio Rodríguez Fer, Ana Romaní, Gonzalo Navaza, Lino Braxe, Ánxeles Penas, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, etc. Branca Novoneyra protagonizou unha función de danza paralela á lectura dos poemas do seu pai.

2008. Varios escritores portugueses e brasileiros (José Viale Moutinho, António J. Queirós, Laura Reis França, Fernando Martinho Guimarães) apoian a candidatura de Novoneyra para o Día das Letras. Tamén o seu gran amigo argentino, o poeta Juan Gelman.

2009. O 27 de xuño o Plenario da Real Academia Galega, en sesión ordinaria, acorda dedicarlle o Día das Letras Galegas do próximo ano 2010 ao poeta Uxío Novoneyra.

Entrevista de Lupe Gómez (*Galicia Hoxe*, 12-IX-2009) á súa dona, Elba Rey, que evoca algúns trazos biográficos do poeta e do seu mester de poesía.

Do 26 ao 28 de novembro a Concellería de Cultura do Concello de Culleredo, en colaboración coa Universidade da Coruña, celebrou o “XV Seminario de Historia de Culleredo”, titulado “A voz fundamental de Uxío Novoneyra na Galicia contemporánea”. Interviron, entre outros, Anxo Tarrío Varela, Luciano Rodríguez Gómez, Miguel Anxo Fernán-Vello, María Xesús Souto López, Bernardino Graña ou Celestino Poza.


Xosé Lois García e Galindo Ortiz promoveron no ano 2007 unha web sobre Uxío Novoneyra: www.uxionovoneyra.com.

Nova edición da caixa-carpeta, agora baixo título *Homenaxe a Novoneyra. Letras Galegas 2010*, promovida pola Fundación Uxío Novoneyra, que anuncia a súa sede definitiva na casa natal do poeta na serra do Courel. A edición consta dunha tiraxe de 450 exemplares.

Carmen Blanco publica *Uxío Novoneyra* (Ed. A Nosa Terra), biografía e estudo da obra do poeta. Reedítanse ademais edicións da súa autoría: *Os Eidos* (Xerais, 1990), en colaboración con Claudio Rodríguez Fer, ou *Antoloxía poética* (A Nosa Terra, 1997) do poeta do Courel.

A filla do poeta, Branca Novoneyra Rey, publica o seu primeiro libro de poemas, *Dentro do labirinto* (Ed. Espiral Maior), a mediados do mes de decembro. Nestas datas circulan xa reedicións de poemarios e estudos críticos ou entrevistas ao poeta.





O rostro do poeta.

A historia textual e lingüística d'*Os Eidos* terá un novo capítulo cando vexa a luz a edición bilingüe galego-castelán que Novoneyra foi preparando con certa desganada parsimonia (ía aparecer en Visor, Plaza y Janés, Hiperión) e na que colaborou tamén Elba Rey, a súa dona. Parece que definitivamente será na Editorial Ardora de Madrid onde se publique o libro.

II. oemas soltos en publicacións periódicas e libros colectivos

II. POEMAS SOLTOS EN PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E LIBROS COLECTIVOS

a) EN PRENSA (Xornais, revistas, boletíns, cadernos, etc.)

AIRIÑOS AIRES (Galicia al día), Madrid.

“Primachorros brancos”, “A Rosalía”, “Poema dos Caneiros” (A Tomás Dapena), “Da primavera”, “O moucho da alameda”, “Tesos cumes”, “Dúas cantigas” e “O lobo”, nº 3, outubro de 1964, pp. 38-39.

ALBORADA (Órgano del Centro Gallego de Barcelona), Barcelona.

“Letanía dos tesos cumes pra Clara Otero” e “Cando definir é un laio”, inverno de 1956, p. 9 (Apartado “2 poemas de Novoneyra”). Na mesma páxina temos dous poemas de Manuel María.

AMASTRA-N-GALLAR (Publicación de poesía), Santiago de Compostela, “2 poemas referidos”, nº 1, 2001, p. 148.



“O eco, inda, resoante de “Grándola”, nº 3, 2002, pp. 72-74.

ATENEA, (Universidade de Puerto Rico, Facultade de Artes e Ciencias). Recinto universitario Mayagüez, Puerto Rico.

“Vietnam canto”, nº 1-2, marzo-xuño de 1973, pp. 259-261.

ATLÁNTIDA (Edición de la Delegación de Educación Nacional del Distrito Universitario de Santiago de Compostela), A Coruña.

“A vinda da primaveira”, nº 8, marzo-abril de 1955, p. 3.



ATURUXO (Revista de Poesía e Crítica), Ferrol.

“Ballet da nena triste”, nº 11, 1960, p. 12. O poema está escrito en 1958 e leva unha cita de L. Pimentel.

BENGALA (Hoja de los universitarios de Madrid), Madrid.

Publicou³⁹ varios poemas do libro *Desde las cosas* no número da revista correspondente a agosto de 1951.

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA (Estudios de Orientación Universitaria), Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía.



“Autopoética” e poema “Viaxe” (1991), en nove partes, inspirado na carpeta de seis gravados de Carlos Crego e que se integra logo no poemario *Poemas da doada certeza* (1993). Nº 5, maio de 1991, pp. 135-139.

BULEBULE (Cadernos de Literatura), Revista do I. F. P. Monte Alto, A Coruña.

“A Federico García” (1976), “CONVOSCO falo con vós el Rei Alfonso Esguío e Torneol...”, “Son eu trovadores do pensar...”, “Galicia” e “Lenda de Ith”, nº 1, 17 de maio de 1993, pp. 5-8 e contracuberta.

CADERNO DO ESPECTÁCULO, Sada / A Coruña, Compañía de teatro Luís Seoane.

“Cantiga de loubanza” (A Otero Pedrayo), nº 3, outubro de 1981, p. 2.



³⁹ Tomamos o dato de Olga Novo, *Uxío Novoneyra. Lingua Loaira*, Lugo: Fundación Caixa Galicia, 2004, p. 33. Na cuestión insiste Armando Requeixo en “Novoneyra e Díaz Castro”, en *Escrita contemporánea* (monográfico *Uxío Novoneyra. A emoción da terra*), 2005, pp. 27-32.

CAHIERS GALICIENS / CADERNOS GALEGOS / KAIERÒU GALI-ZEK (Public. do Centre d'Études Galiciennes, Université de Rennes, 2), Haute-Bretagne. Francia.

“Como si perdera todo o futuro...”, nº 1, xuño de 2001, p. 113.

CÁNTICO (Hojas de poesía), Córdoba.

“Letanía dos tesos cumes / Letanía de las poderosas cumbres”, nº 3, II época, agosto-setembro de 1954, pp. 200-201. Trátase dun número que dedica especial atención á poesía galega contemporánea, da que se publica unha breve escolma ao coidado de Álvaro Cunqueiro.

CASA GALICIA. UNIDAD GALLEGA, Nova York (USA)

“Letanía gallega”, nº de 1970, p. 49.

CENAUGAS (Cadernos de poesía), A Coruña.

“Poema dos Caneiros”, “Vietnam canto” e “Teima vida e 2 tempos máis”, nº 1, 1984, pp. 31-38.

CERNA (Revista galega de Ecoloxía e Medio Ambiente), Santiago de Compostela.

“Panos brancos”, nº 28, inverno de 1999.


“Algúns poemas de Uxío Novoneyra”, nº 29, primavera de 2000, p. 26.

CHAN (La revista de los gallegos), Madrid.

“O Caurel”, “As neves”, “De primavera”, “Touro”, “Libertá” e “Elexía a Carlos Maside”, ano I, nº 9, 2ª quincena de xuño de 1969, p. 19 (sección “Poetas do Chan”).

CLARABOYA, León

“A brétema”, “Os que así nos tein...” e “Moucho que cantas pra noite queda...”, nº extraordinario 16-17, dedicado á poesía galega contemporánea, 1967, pp. 78-81. O responsable do limiar e da escolma



poética é Basilio Losada. “Recibín –di Piñeiro– o número de *Clara-boya*. Foi unha cousa estupenda conquistar que adicasen un número especial i extraordinario á poesía galega contemporánea. Realmente dá gusto velo, porque incluso está ben editado⁴⁰”.

CLAVE ORIÓN (Poesía Galega Actual), A Coruña

“A pluma na man” (Homenaxe de Luz Pozo Garza a Uxío Novoneyra), nº VII-VIII (Homenaxe a Uxío Novoneyra e a Manuel María), anos 2000-2001, pp. 176-193. [Contén os manuscritos inéditos que Uxío Novoneyra dedicou a Luz Pozo Garza en 1950: “El Sauce”, “Hierba Cierva”, “Olor bueno”, “Sin canción”, “Ella tiene el tiempo...”, “Mas, sus ojos de...”, “La guadaña”, “Por el lado de aquel lado...”, “El Umbrío”, “Lección ante un cadáver con los ojos abiertos”, “Dios Callado” e “Teoría del vuelo”].



CONTEMPORÁNEA (Revista da Asociación de Escritores en Lingua Galega), A Coruña.

“Cousos do lobo!...”, “Panos brancos...”, “Terras outas e solas!...”, “Os que así nos tein so tein noso...”, “Letanía de Galicia”, “Vietnam canto” e “Andas as rúas coma se fora a praia”, nº 1, outubro de 1995, pp. 65-74. Os mesmos poemas figuran nas páxinas 312-317 traducidos ao castelán.

COORDENADAS (Revista universitaria de cultura. Monográfico, 1: “Poesía galega actual”), Santiago de Compostela, Facultad de Filosofía y Ciencias de la Educación.

“Mundo-Laxeiro / Poema”, nº 1, 1980, pp. 34-35.

⁴⁰ María Xesús Lama e Helena González (eds.), *Ramón Piñeiro e Basilio Losada. Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia 1961-1984*, Vigo: Galaxia, 2009, p. 622 (Carta 225).

CORREO DE GALICIA (Suplemento adicado ó Día das Letras Galegas),
Bos Aires.

“Letanía de Galicia”, 10 de maio de 1974, p. 4.

O CORREO GALEGO, Santiago de Compostela

“Canto pra ter favores de Venus”, II época, nº 11, 28 de maio de 1998, p. 5 (Suplemento “Revista das Letras Artes Ciencias”).

“Os versos”, xornada 587^a, 31 de outubro de 1999, p. 21 (Suplemento “AFA”). Os títulos dos poemas son: “Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!...”, “Terra moura das montañas!...”, “Non podo evitar o reproche...”, “Anque caia Monumento á Ausencia...”, “Como en nada graba o tempo no home...” e “Agallopa agallopa cabalo novo...”.

“Fiado da sempre volta...”, xornada 588, 1 de novembro de 1999, p. [1] (Suplemento “AFA”).

EL CORREO GALLEGO, Santiago de Compostela.

“Homenaxe a Reimundo Patiño”, 24 de novembro de 1985, p. 36 (Suplemento “El Correo Cultural”, sección “Artes y Letras”). Esta homenaxe contén os seguintes poemas: “No bosco-entrelazo...” (1962), “Ningúa forza verdadeira pura tensión é inútle...” (1985), “FICOU CON AQUIL SEU FERO...” (1985) e “E xa o esceso...” (1971).

CYPHERS⁴¹, Irlanda

“Os que así nos tein” e “Galicia”, nº 48. Versión ao gaélico de dous poemas que están en *Do Courel a Compostela* (1956-86).

DORNA (Expresión poética galega), Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Galega.

“Il é un dos nenos do mundo fronteiros e irados”, nº 9, 1985, pp. 58-59. Tres textos poéticos sobre Reimundo Patiño escritos entre 1962-1971, en Madrid e O Courel.

⁴¹ Revista literaria irlandesa fundada en 1975 e editada por Leland Bardwell, Pearse Hutchinson, Eiléan Ni Chiulleanáim e Macdara Woods. Os seus creadores forman parte da asociación de artistas irlandesa Aosdana.

“Pra unha elexía a Alexandre Crieiro” (composición en dúas partes, datada en 1995), nº 21, 1995, p. 44.

ENCRUCILLADA (Revista galega de pensamento cristián), Pontevedra.

Texto de presentación e poemas de *Do Courel a Compostela* (1986), catro breves, sen título, xunto con “Letanía de Galicia”, “Galicia teima vida” e “Poema Mundo Laxeiro”. Nº 57, marzo-abril de 1988, pp. 58-63.



EROS EN ESPIRAL (Pregos de poesía. Grupo de Expresión e Investigación de Lugo), Lugo.

“1995” (Poema caligráfico), nº 1, primavera de 1992.

ESCRITA (Revista da AELG), Vigo.

“O pasado informe desfigura”, nº 1, verán de 1983, p. 19 (sección “Creación”).

“Intre de neve”, nº 3, primavera de 1984, p. 19 (sección “Creación”).


Numerosos poemas caligráficos e mecanoscritos no número monográfico da revista *Uxío Novoneyra. A emoción da terra* (2005).

EUFONÍA (Revista de rimas y glosas de la poesía gallega), Bos Aires.

“Ouh Galicia”, 1ª versión (datada no Courel, 1958), nº 1, setembro de 1958, p. 20.

FABLAS (Revista de poesía y crítica), Las Palmas de Gran Canaria.

“A brétema”, 25 de decembro de 1971 (nº especial “Dedicado a las Letras Gallegas”), p. 23



FOLLAS SECAS (Información, creación e humor), Ourense.

“Galicia teima vida. Poema Mundo Laxeiro”, nº 5, dec. de 1985, p. 3.

“O monte do Cido”, nº 5, dec. de 1985, p. 23.


Tamén hai poemas caligráficos espaxados por diversas páxinas ao longo deste número 5 da revista.

FRONTE E COCOTE (Revista de la Escuela de Ingeniería Técnica Agrícola de Lugo), Lugo.

“Letanía de Galicia”, nº 3.

GRIAL (Revista galega de cultura), Vigo.

“A elegía perdida”, nº 65, 1979, p. 345. A cuberta deste número de homenaxe a Luís Seoane está baseada nunha composición textual de Uxío Novoneyra.



ÍNSULA (Revista de letras y ciencias humanas), Madrid.

“Laio do Novoneyra”, nº 152-153, xullo-agosto de 1959, p. 24.

ISLAS (Órgano de la Universidad de Las Villas), Santa Clara, Cuba.

No nº 3 (1966) aparece unha vintena de poemas de Novoneyra traducidos ao castelán por Xosé Neira Vilas a petición do poeta e editor Samuel Feijóo. Os poemas levan ilustracións de René Portocarrero.



LITORAL (Revista de la poesía y el pensamiento), Málaga-México-Málaga.

“Los que así nos tienen...”, nº 209-210, 1996, p. 21.

LUCENSIA (Miscelánea de cultura e investigación da Biblioteca do Seminario Diocesano), Lugo.

“Lenda de Alfonso II”, “A cidade Altomiñota. Ramón Otero Pedra-
yo”, “Trobador pelegrín imaxinario”, “Estrela de Santiago”, “Santiago
Matamouros” e “Camiño de volta”, de *Arrodeos e desvíos do Camiño
de Santiago*, nº 19 (vol. IX), 1999, pp. 353-358.

LUZES DE GALIZA, Sada / A Coruña, Ediciós do Castro.

“Oración fúnebre a Antón Avilés de Taramancos”,
nº 21 (nº de homenaxe a Avilés de Taramancos),
febreiro de 1993, p. 7.

MADRYGAL (Revista de Estudios Gallegos), Univ.
Complutense de Madrid.

Alonso Montero presenta “Noticia e facsímile” de
nove composicións do poemario –inédito– *Abrojos*
(1948), primeiro dos escritos por Uxío Novone-
yra, volume 5, 2002, pp. 9-21.



MICROFISURAS (Cadernos de pensamento e crea-
ción), Vigo.

“2 poemas pra Tino Grandío” (abrange as
composicións “Lugo” (1991) e “O cuaderno de
poemas i os encerados grises” (1995). O segundo
está inspirado no *Cuaderno de poemas*, de Tino
Grandío, escrito en Madrid entre 1963-1966. Pos-
teriormente, en *Os Eidos*, 2, temos o poema “Gris-
Grandío”, dedicado ao pintor galego dos grises. Os
citados poemas de Novoneyra van acompañados
de caligrafías), nº 1, maio de 1997, pp. 4-9.



MOCIDADE (Revista das Mocidades do BNG, Galiza Nova), Santiago de
Compostela.

“Galicia”, nº extraordinario, Nadal, 1991, p. 16.

LA NOCHE (Xornal Vespertino), Santiago de Compostela.

“Elexía á morte de Luís Pimentel”, 22 de marzo de 1958.

“Elexía a Carlos Maside”, 12 de xuño de 1958.

NORDÉS (Revista de poesía y crítica), A Coruña.

“Chile 73”, nº 1, 1975, p. 16.

“É a peste da Historia”, nº 2-3, 1975, p. 3.

“Querida verba”, nº 4, 1976, p. 7.

“2 poemas máis pra *Os Eidos*”, nº 2, segunda xeira, xan. de 1981, p. 3.

“Vello e novos eidos”, nº 3, segunda xeira, abril de 1981, p. 5.

A NOSA GALIZA (Revista da sociedade galega A Nosa Galiza), Xenebra, Suíza.

“No vello son”, nº de maio de 1993.

A NOSA TERRA

“Homenaxe a Pondal” (Caligrama). Extra nº 7, “Eduardo Pondal. Home libre, libre terra”, 10 de decembro de 1986, p. [16].

ÓLISBOS (Os amantes da palabra), Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía.

“Irei ó Courel” (Tradución ao galego do poema “Iré a Courel”, de Jon Juaristi), nº 2, marzo de 1987, p. 16 (sección “Traducción”).

“Os sudrios”, nº 2, marzo de 1987, p. 61 (sección “Ex Eremo”).

“Panos brancos” e “A branca-petra do Courel”, nº 3, maio de 1987, pp. 7-10 [Versión bilingüe galego-vasco. Tradución ao vasco: Koldo Izagirre].



PAPELES DE SON ARMADANS⁴², Madrid – Palma de Mallorca

“O moucho da alameda”, nº XXXII-III, p. 386.

POESÍA ESPAÑOLA, Madrid

“Tesos cumes” e “Outo inverno” (en bilingüe, galego e castelán), nº 115, segunda época, xullo de 1962, pp. 6-7.

“Poema dos Caneiros”, nº 139, segunda época, xullo de 1964, pp. 18-19.

“Hai kai y Poema automático”, nº 152, segunda época, agosto de 1965, p. 27.

“Transformación 62”, “Bourbon street club”, “Sevein”, “A Clara Otero”, nº 155, segunda época, novembro de 1965, p. 23 (Conxunto presidido polo epígrafe “Cinco poemas castellanos” e coa dedicatoria a Federico García Lorca “por seis poemas gallegos”).



PRAZAMAIOR, publicación do concello de Lugo.



“O moucho da alameda”, nº 6, 6 de febreiro de 1987, p. 16 (sección “O parque de Lugo na poesía”).

EL PROGRESO, Lugo.

“Lembranza do San Froilán”, 6 de outubro de 1963. Posteriormente aparece de novo en J. Luís Calvo e Yago Rodríguez Yáñez, *A festa máis fermosa do outono galaico (Os escritores falan do San Froilán)*, Lugo: Concello de Lugo, 2009, p. 140.

“4 Poemas de Mao-Tse-Tung (I)” (versión galega a partir da tradución de Marcela de Juan), 19 de setembro de 1976, p. 13 (sección “Táboa redonda”). Os títulos dos poemas son: “Chang Sha” (1925),

⁴² Na mesma publicación, vx. o artigo de Manuel Catoira, “Uxío Novoneyra: baixo el enigma de los vegetales”, nº CCXXXVI-VII, novembro-décembro de MCMLXXV, pp. 241-247.



Poemas de Novoneyra adicados a Raquel García Rei, publicados na revista *Ronsel, revista de arte* (nº do cincuentenario, 1975) .

“O monte Chin Can” (outono, 1928), “A longa marcha” (outono, 1935) e “Pelegrinaxe o Teso de Ying An” (1965).

“*Do Courel a Compostela*, 30 anos de poesía de Novoneyra”, 24 de agosto de 1988, p. IV (sección “Táboa redonda”). Os poemas que aparecen nesta selección son: “LIBERTÁ chamas nos ollos tristes nas caras do METRO...” (1962-1964), “GRABAREI o teu nome nas penas...”, “A nova mocidade”, “A Federico García”, “PORTA xorda cravada que o pulo sabe!...” (1966), “TODA a casa toda a noite...” (1972) e “ANOS sin o poema...”.

REVISTA DE ESTUDIOS ROSALIANOS, Padrón (A Coruña)

“A Rosalía” (escrito en 1958), nº 1, 2000, pp. 139-140.

RONSEL (Revista de Arte), Lugo.

“Nacementos I e II” (Á nena Raquel García Rei). O Courel, 1973; Alicante, 1974; nº do cincuentenario (15-I-1975), pp. 32-33.

SI LA PÍLDORA BIEN SUPIERA NO LA DORARAN POR DEFUERA⁴³

(Revista de Poesía Hispana Fora). Trent University. Ontario. Canadá.

“Vietnam canto”, nº 6, 1969.

SIGNO, Madrid.

“Homenaje labriego a Daniel Pino y la nueva juventud” (texto en galego), nº 1391, ano XXXI, 10 de decembro de 1966, p. 2.

A TRABE DE OURO (Publicación galega de pensamento crítico), Santiago de Compostela.

“Día de nebra / O Courel” (Poema a dous: Novoneyra / María Mariño), nº 2, abril-xuño de 1990, p. 302.

“Poema a tres voces” (escrito en novembro de 1966). As tres voces son Novoneyra, María Mariño e Ramón Regueira. Nº 46, abril-xuño de 2001, pp. 125-126.



VAMOS (Órgano del Colegio Minerva), Santiago de Compostela.

“Flor de silencio” (Elexía a Teixeira de Pascoaes). A Cruña, 1952. Nº 4, marzo de 1953, p. [12].

VIDA GALLEGA (Ilustración regional), Vigo / Lugo.

“O milagre do Nadal”, nº 676, decembro de 1955, p. [1].

“Lembranza do San Froilán”, nº 715, outubro de 1956, p. [1].

“Tempo de Reis no Caurel”, nº 718, xaneiro de 1957, p. 16.

“Fuxida a Exiuto según Maside”, nº 730, xaneiro de 1958, p. [1].

⁴³ Trátase en realidade, no caso desta publicación, dunha persoal e destemida *boutade* do escritor e editor catalán José Batlló, creador e director da colección de poesía El Bardo (activa aínda hoxe) e coñecido inimigo de calquera tipo de subvención á industria do libro.

“Paisaxe da morte de Cristo”, nº 733, abril de 1958.

“Pazo de Tor”, nº 739, outubro de 1958.

“Xaneiro”, nº 766, xaneiro de 1961, p. [1].

“Febreiro”, nº 767, febreiro de 1961, p. [1].

“Marzal”, nº 768, marzo de 1961.

“San Xoán”, nº 769, xuño de 1961, p. [1].

“A Álvaro Cunqueiro de Mondoñedo, trovador”, en “Poemas leídos en el paseo poético por la muralla lucense en homenaje a Fernando Esquío y Don Álvaro Cunqueiro”, nº 769, xuño de 1961.

“Abril” e “Maio”, en “Portugal: Suplemento Informativo, Literario, Económico, Turístico”, nº 769, xuño de 1961, p. 49.

“Santa Mariña”, nº 770, xullo de 1961, p. [1].

“Agosto” e “Setembro”, nº 771-772, agosto-setembro de 1961, p. [1].



LA VOZ DE GALICIA, A Coruña.

“Poemas d-oxe” e “Pranto polo Che – Elexía instantanea”, 22 de outubro de 1967.

“Hai un ritmo no andar no estar en todo o xeito...”, 14 de abril de 1983 (sección “Cultura”).

b) EN LIBROS COLECTIVOS

“Homenaxe a Xosé María Díaz Castro”, en *Homenaxe a X. M. Díaz Castro*, Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, novembro de 1987, pp. 80-81.

“Elexía atlántica a Miguel González Garcés da Coruña”, en *Homenaxe a Miguel González Garcés*, A Coruña: Deputación da Coruña, 1991, p. 47.



“La verità, incantesimo”, tradución ao galego por Uxío Novoneyra e Xan Varela Portas, en Eugenio Montale, *37 poemas traducidos por 37 poetas españoles*, Madrid: Hiperión, 1996.

“Poema dos Caneiros”⁴⁴ (Betanzos, 1955), en *Betanzos*, Betanzos: Concello de Betanzos, 1997, s. p. [Versión bilingüe galego-castelán “Poema dos Caneiros” / “Poema de los Caneiros”, seguido do texto caligráfico da versión galega acompañado dunha serie de gravados de Jesús Núñez].

“Viaxe al Ándalus”, en Xesús Alonso Montero (ed), *Os poetas de Galicia cantan a García Lorca*, Santiago de Compostela: Concello de Santiago, 1998.

“Pranto polo Che. Elexía instantánea a Ernesto Guevara”, en Xesús Alonso Montero e Xosé M. Salgado (eds.), *16 Poemas galegos para Ernesto Che Guevara contra a súa morte (1967-1973)*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 1998, p. 77.

“Vindo do Santiago, de Compostela...” (Con Manuel María), en *Manuel María*, Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, 2001, p. 693.

“Caurel”, en Manuel Lueiro Rey (coord.), *Homenaxe a Luís Seoane*. O Grove, abril 1980, Sada –A Coruña: Edicións do Castro, serie documentos, 2001, pp. 119-121.

“Oración fúnebre a Antón Avilés de Taramancos”, *Avilés de Taramancos. Homenaxe*, A Coruña: La Voz de Galicia, Edición conmemorativa do Día das Letras Galegas 2003, pp. 67-68.

“Romance de Manoel de Ribadaira” e “A Amador Rei Rodríguez e Daniel Niebla García”, en Manuel Fernández Rodríguez (edición e introdución), *Poemas pola memoria (1936-2006)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2006, pp. 71-72 e 169.

⁴⁴ *POEMA DOS CANEIROS / ESTAMPAS*. Poema-libro. Edic. do Concello de Betanzos e Caixa Galicia. Ilustracións (estampas) de Jesús Núñez. Estudos introdutorios de Isidoro Millán e Xulio Cuns. Presentación de Manuel Lagares Pérez e nota de Olga Patiño. Poema en versión bilingüe, galego e castelán, acompañado de numerosos orixinais caligráficos do poeta. Betanzos, 1997.

“O moucho da alameda / El mochuelo de la alameda”, “Elexía a Luís Pimentel / Elegía a Luís Pimentel”, “[Canta o vento do norte] / [Canta el viento del norte]”, “[A cidade altomiñota / [La ciudad del Alto Miño]” e “Lucus Augusti / Lucus Augusti”, en *Poetas en Lugo*, Lugo: Concello de Lugo, 2007, pp. 186-197 [Versión bilingüe galego-castelán].

Betanzos
 onde eu sou-
 pen que a
 ledicia
 pode ser tan fonda
 coma a door.

Betanzos
 onde eu sou-
 pen que a
 ledicia
 pode ser tan fonda
 coma a door.

III. Inéditos. Pros

III. INÉDITOS. PROSA

0.- Novoneyra, pregoeiro

I.- Que pregoa o pregoeiro? Que proclama é a súa? Cal o avío que nos trae?

Que pregoeiro é este que nos vén con certezas e seguranzas, pero tamén con temores e receos? Será para que se escoiten e se entendan as cousas do común, para que todos saibamos –coram populo– todo o que é de dominio de todos. Canto nos portén e nos emparenta e nos afilla, aquilo que nos fai irmáns: irmáns galegos, “A casa! o val! a patria homilde!”. Tanto e tan pouco, tan íntimo que poder afirmar. Terra e canto, fala e lingua, patria e nación. Nesa teima non tivo Novoneyra nin desvíos nin arrodeos.

Novoneyra foi o gran decidor do seu pobo. Tribuno da Fala–lingua de Galicia, dos dereitos nacionais de Galicia, a plenitude dos dereitos nacionais de Galicia, a nosa patria, o pasado profundo da patria, a lingua propia: esa é a patria.

Galicia irá definíndose, aclarándose na conciencia dos galegos “e cada vez serán menos os que se trabuquen de Patria –que xa é trabucarse– xa é confundirse o confundirse de Patria”: o depósito depurado da maneira antiga.

“Castelao era un nacionalista galego. Era consciente do que era: da súa propia patria, da súa propia nación, da súa propia lingua, de todo o que é máis sagrado, porque é o máis fondamente propio e nos vén de lonxe, cáseque de sempre, dos antepasados nosos que así nos fixeron i en nós prevalecen. Non lla cambiarán, como a outros galegos lles cambiaron, a patria”.

“O desdeixado cansazo das mocedades de hoxe, deixou cair aquel pulo que parecía poñelo todo ó alcance da mao”.

“Quizaves no futuro (se é que hai futuro), cando Galicia (no futuro) sea un país (no futuro) normalizado (no futuro) como os outros (no futuro)”.

A nosa historia memorial ou memoria historial: mester sabido.

Ata cando este tempo de elexía?

II.- O Pregoeiro da Fala, sen deixar de ser poeta de curso longo, expón, argumenta, explicase, apaixónase, configura o seu discurso co ademán intacto da exemplaridade. Indica, sinala, tematiza. Seduce. Déixase caer na repetición e na recorrenza, mesmo na énfase. Sitúa, deduce, apela. Un clamear certo, alto e claro. Por iso fala en primeira persoa que é da súa propia experiencia. Volve repetir, circio e contumaz, para máis aclarar as súas conviccións dos que o están a oír: a grande seguranza.

III.- Temos recollido este medio cento de Pregóns de quen foi o noso mellor pregoeiro: o máis cabal e leal. Tivo toda a vida a pelegriñar pola Fala-Lingua.

Como palabras escritas é esta a primeira vez que veñen a lume, estas prosas inquietantes. Alguén nos ten advertido acerca da prosa dos poetas: a mesma retracción da poesía, a intensidade por riba da súa nudez e inevitabilidade.

IV.- Quixemos agora ao publicar estes decires, seguir a intención de Novoneyra de poñer en letra de molde esta Carta de Cristus, (á maneira de don Xoán Manuel Pintos e máis alá) o que foi peza única –tal calquera recital daquel inmenso rapsodo– un acto de fala, efémero e insubstituíble, oralidade espontánea que distribúe as palabras da tribo.

Pero non hai tal: Novoneyra rara vez improvisa (tampouco Castelao), ao seu modo e maneira cifraba unha sorte de borrador para seguir de dicidor sen anacolutos e sen perder pé. Unha sorte de apuntamentos nos que ganduxaba os membros do discurso –dissecta membra– non prescindibles: os marcadores discursivos, a orde secuencial ou os enfatizadores.

Claro é que nos atopamos nun acto de lingua, nunha escrita, que por veces o pregoeiro ou rapsodo quere que esa escritura se asemelle á locución, polo que aparecen na escrita os trazos propios da oralidade, onde fondo e expresión adoitan ser redundantes, como contumaces que son, como ensinanza e instrución pública, bastantes dos Pregóns –pero cada un distinto– que Uxío Novoneyra escribiu e fixou pola escrita, en galego e galegamente, para quedaren aí como memoria escrita (non hai contradición nos termos nin cando a escritura vén ser en parte o que substitúe á memoria).

De aí, por que non, esa retórica presente no dicidor, que primeiro foi arte de falar en público e logo a maneira de producir textos escritos.

V.- Celebración, homenaxe, canto, memorial, ensino: a ignorancia é o último que se perde. Non a esperanza.

Como se chamaba aquela proclama sinaladamente estética Política poética ou Poética política?

Porque de todo hai na de Novoneyra: se política é, diáfana, o declarado nacionalismo (defensivo) do autor –“unque se funda o lousado”–; se política é o requirimento que se lle fai a Galicia:

e señas dona de ti e señora de falar
señora de decidir e dona de se negar.

Poética é a doada seguranza, os soños teimosos e os últimos versos:

Camiño de volta fago
volvo do cabo do mundo.
Terra sólo en ti me fundo:
é a certeza que trago.

[Iris e Luís Cochón]

1.– Pregón do Ferrol. 1981

Traballadores, xentes de Ferrol: quen iba presumir fai dez, vinte, trinta ou corenta anos que a corporación municipal desta ciudá iba encargarlle o pregón das festas a un poeta galego, escritor e decidor na fala de Galicia! Por eso eu agora sinto unha gran responsabilidade ó falar diante [de] vós, xustamente por habérenme escollido os representantes elexidos da clase traballadora e dos que reivindican os dereitos nacionais de Galicia, **a plenitude dos dereitos nacionais de Galicia**. ... Falar precisamente eiquí na terra en que os primeiros irmandiños se rebelaron contra dos señores feudales no mil catrocentos, eiquí na cuna de Conceución Arenal, a gran penalista, e Pablo

Iglesias, o recio pioneiro das loitas i as organizaciós obreiras de fai cen anos pra acó, eiquí nas rúas e prazas de Amador Rei e Daniel Niebla, caídos de mañanciña. Inda parece que me vexo na mañá daquil 10 de marzo de 1972, ó espertar no Courel i oír polo transistor a triste nova que quedou nistes versos adicados ós mártires obreiros da “Bazán”:

*Erguéstesvos cedo aquel día
—a costumbre do traballo—
maña-cediño para facernos ca vosa morte.*

O último traballo daqueles obreiros foi o facernos, a todos os galegos, co exemplo da súa morte solidaria. Foi un golpe de solidaridade, un exemplo de comunión, un afrontar en común i entre iguais o poder dos fusiles apuntando contra [a] xusticia i a dinidade humana.

Xa decía aquil sabio filósofo e poeta:

“Non busques o apoio dos grandes.
O seu abrazo esmaga”.

Nós os galegos debemos confiar máis en nós e non buscar —nun sálvese quen poida— o apoio dos grandes ou dos seus intermediarios. Isto fainos ser un dos pueblos con menos capacidade de decisión, con menos forza histórica, un pobo inda hoxe dominado polo caciquismo, sobre todo nas vilas, nas aldeas e lugares illados.

Os caciques cain sobre do home solo. Ás veces nin precisan moverse.

O home solo, que non cre, que non confía nos máis, entrégaselles il mesmo, salvo raras esceucións, e si non topase un cacique, teimaría crealo; así inzan tanto entre nós.

Unha das formas máis naturais do sentido de comunidade é o sentido de nacionalidade que tampouco ten entre nós a forza que debера ter. I-é porque estamos enfermos de individualismo, que é tanto como estalo de egoísmo.

A Historia non perdona a pueblos así. A Historia, ó nós non poder facela, castíganos a que nola fagan, como nola fixeron. Sin a nosa forza de todos, a Historia seguirá sucedendo pra eles i a nosa Terra seguirase depauperando e nós seguiremos emigrando.

I-eles dirannos: “sempre foi así. É inevitable”... Pero nós sabemos que non é inevitable. Todos no fondo sabemos que é posible un mundo distinto. A cega esperanza dinos que si... A espranza, máis ou menos acuchada, **brilla nos ollos de tódolos homes**. Ise brillo, ise ervello, confirmanos a posibilidade dunha vida distinta, a posibilidade da Libertá i a Xusticia xuntamente. Sólo fai falla ter concencia delo, e ter a decisión da inmensa maioría que fomos.

De igoal maneira sólo dindes desta esperanza común é posible unha festa, sólo así é posible a festa:

O corazón de cada un multiplicado polo corazón de todos... A seguridade que inda un sol grande brilla sobre nós.

A seguridade de que un mar grande, si non é espoliado, estará cheo, movéndose diante nós, de que unha terra ricaz ten xa programadas tódalas colleitas futuras.

Todo esto sólo poden frustralo a inorancia i o egoísmo.

Temos que esforzarnos en conocer, en ter concencia das cousas pra desvelar as palabras mentidas. Tanta palabra mentida! Temos que empezar por conocer e ter concencia da nosa Patria, da nosa propia lingua, único sitio onde siguen vivos tódolos nosos mortos, inclusive aquiles xa sin nome, porque ninguén os recorda: todo o pasado profundo. Da unión dos sentimentos de Patria, Libertá e Xusticia virá un día a alba dos traballadores desta Terra nosa. I-eso, repetimos, é posible ca comunión de todos, quero decir, da inmensa maioría.

Ninguén crea que pode salvarse il solo. E sin a concencia i a decisión común en pro dunha Galicia galega, témome que nunca poderán afrontarse de verda os nosos problemas. Non pode negarse. Ninguén poderá negarnos que a Galicia en función de Madrid foi un fracaso non sólo de hoxe: foi, é, un

fracaso secular. Si non usamos a fala, a nosa fala, que é o que máis nós temos en común, como vamos a falar de comunidade? Como vamos a realizarnos cabalmente pra acadar un orden noso e tentar de saír da pobreza, por non decir da miseria? Porque a moitos traballadores parados volve rondalos a miseria.

Soñamos unha Galicia libre na que os galegos todos podamos vivir e volver, unha Galicia ceibe feita á nosa medida co pensamento i o traballo de todos e pra beneficio de todos por igual. Pois non é verdá que os beneficiados señan sempre os millores i os máis esforzados. E repítoo unha vez máis: iste milagro é posible. O que é imposible é seguir así. É imposible e insoportable. E millor que fiarse das miñas palabras, entrade na festa e vede nela as posibilidades da comunión popular.

E namais, pra rematar repitamos unha palabra que se repetiu a paso rápido, irado, lixeiro, no derradeiro Santiago en Compostela:

“Non renunciemos á Patria Galega”

E pra pechar iste prego decindo a “Letanía de Galicia”:

“Galicia digo eu, un di GALICIA...”

2.– Feira do libro en Vigo. 1982

Parece que xa ninguén pode fuxir da cinguida atadura. Esa renda de teimosos fíos con que esta sociedade de fins de século nos vai prendendo. Esta sociedade americanizada, en corto, que hasta perdeo a esperanza segura da saída a un socialismo soñado polas mocedades, aquelas mocedades tensas dos sesenta-setenta que imposibilitaron ca súa loita a prolongación posterior da ditadura que cruzou toda a nosa mocidade.

Crebouse o pulo aquí co que cremos abondar na liberdade e recuperar a nosa Galicia, de tan longo a perderse.

Xa nos últimos anos cincuenta un escribía algo que non se sabe si era esperanza ou desesperanza:

Galicia

será a miña xeneración quen te salve?

Irein un día do Courel a Compostela por terras libradas?

Non, a forza do noso amor non pode ser inútle!

O desleixado cansancio das mocedades de hoxe deixou caer aquí pulo que parecía poñelo todo ó alcance da mau. De novo temos un corto campo de manobra pra exercer a nosa propia decisión. I á medida que máis teimamos en ser donos de nós mesmos, máis nos illamos, máis nos marxinamos. Por eso en maior ou menor medida vimos a someternos ó poder, ó ritmo, ó paso da estúpida maioría, ó disparate establecido, anque sabemos que non hai saída pra esta forma de sociedade en crisis que esclaviza ó home e instala o medo como motivación máisima á hora de tomar a menor decisión. Sabémonos a mercé da forza bruta, do poder de feito dos que rixen a economía cun egoísmo descaradamente salvaxe, o dos chamados neoliberales que convirten ós pobos en cotos privados de explotación. Anque non lles vaia á zaga o capitalismo de estado de certos países que deixou sin modelo probado o socialismo. Pois non chamaremos socialismo a aquilo onde as posibilidades individuais e sociais do home quedan reducidas ó mínimo ou imposibilitadas, de pran, por un inmóvre clan dirixente.

Eles, hoxe, os que impoñen cadeas seña do tipo que seña, xa violentas ou xa sutiles cadeas, sutiles rendas pra soste escravos en liberdade.

Os libros, algús libros, teñen marcas máis ou menos claras pra poder seguir aínda a dirección da esperanza, da cega esperanza que, ás veces, ve e sabe **que o home pode ser outra cousa**. “Sabemos que o home pode ser outra cousa”. Non pensamos en ningúna pureza, dinidade ou felicidade ou liberdade ou xusticia imposible.

Sabemos que hai unha libertá posible.

Unha xusticia posible,
unha dinidade posible.

E que a terra pode alimentar compridamente a súa actual poboación. E que xa ten programadas tódalas colleitas futuras.

Mais, un gran medo señora o mundo nunha imparabile espiral que fai doada calquer presión e imposición sobre das mentes e das xentes. E inermes diante tanta alevosía, ante tanto atentado contra a posibilidade dunha vida máis dina, máis verdadeira, máis completa, nos volve cara ós **libros**. Quizaves polo engaño dun ancestral respecto que se lles tivo, cando –supúñase– portaban sempre verdade.

Estamos xa moi lonxe de tales supostos. Estamos moi lonxe de doadas ou vellas mitificaciós. Estamos xa de volta de cáseque tódalas mitificaciós. Mais xa é hora tamén de estar de volta da xeneral desmitificación, pois calquer verdade sentida sin forza é inoperante. E un sabe que hai pequenas e grandes verdades. Sabémolo. Son moitos siglos e inda milenios de esperencia dos homes riba da terra. E moitas destas verdades están recolleitas ou supostas nos libros. Hai en moitos diles unha conocencia ampre do que nos rodea.

Por eso o libro foi sempre unha promesa de sabiduría pra redimírnos das forzas que negan a posibilidade certa dunha máis dina e feliz residencia na terra.

Sabemos que hai dores e límites imposibres de evitar, escoar ou ralvar, pero sabemos tamén que hai cousas faceadeiras pra que a existencia non seña tan dura pra inmensísima maioría, por non decir pra todos, pois hasta os mesmos esclavizadores teñen cáseque tanto medo como o que poin.

Sei que nada do que vos digo é novo, como quere nova a verba o poeta. Eu viñen pra compartir con vós a miña palabra, a miña pequena verdade declarada, xunta a outra verdade que nos veñe dada polo escuro conocimiento interior e que sitúa segura a espranza fronte ó desmedido da angustia.

Iste escuro conocimiento interior tamén anda nalgús libros i o seu contaouto verbal tamén pode fortalecernos de cara ás posibilidades do home e do mundo.

Anque moitas veces caíamos nela, anque a angustia i a desespranza señan esplicables, non poden ser sempre a inmovre forma da concencia.

Sabemos, cremos, queremos crer que o home pode estar máis compridamente instalado na terra i esta é a mensaxe que queremos dar. Relegando a angustia e desesperanza. Que queden só nas marcas do noso rostro donde non-as podemos borrar por máis que queiramos. **O mesmo dolor quere decir o que rexeitamos, porque se nos nega algo que é noso**, que pode ser noso e de todos.

O libro, certos libros, facilítanlle ó home a máis crítica e veraz información fronte ós medios de comunicación de masas, dominados polo poder ou polos intereses dos que o detentan.

Claro que a información nos **libros**, ás veces, chéganos demasiado tarde pra assistirnos no intre dunha urxencia de decisión, que si a demoramos pode vir demasiado tarde. Pero hai tamén decisións ou tomas de postura pra longo, que nos deixan tempo. E aí o sitio do libro reflexivo e máis fiable:

Libros contra a soedade do home
Libros contra a desinformación
Libros contra a malformación
Libros contra os libros
Libros pra soñar i adiantar o posible
Libros pra saber que as nosas dores non son sólo nosas, e pra mover a solidariedade, que a nós tamén alcance
Libros pra avanzar
Libros pra volver ó orixen
Libros pra ler unha vez
Libros pra ler máis veces
Libros pra ver outro camiño, que pudo ou que pode ser o noso
Libros pra erguerse
Libros pra sentir indinación
Libros pra sentirse culpabre
Libros pra sentir o novo que esta surxindo noutro sitio e que nos pode chegar, que nos chegará
Libros pra suscitar

Libros pra alentar
Libros pra non caír baixo a trivialidade do exterior cotidiano
Libros pra ser libres

O libro tamén teñe unha especial sinificación si pensamos concretamente en Galicia, na reivindicación da nosa patria e da nosa lingua, na verdade depositada na nosa lingua.

A moderna cultura galega,
a moderna concencia galega,
fíxose primordialmente a base de libros.

Non foi obra tanto da prensa i os medios audiovisuales coma dos libros.

I en Galicia hai hoxe unha masa de leutores en galego que poden asistir a unha prensa con presenza crecente e incluso dominante da nosa fala. E non digamos xa a radio i a televisión, que presentan menos problemas que a escritura, nunha fala desatendida secularmente polo ensino e pola universidade.

A miña patria é a fala galega, como dixo Pessoa da súa portuguesa. É a nosa forma secular inconfundible e única, co alento dos vellos pais e toda a carga de corazón e pasado, chamándonos seus.

Tamén saúdo ós libeiros dos outros pobos do estado e sobre todo ós castellanos i a súa fala, á que tanto eu quero, si non é cando ocupa e borra o meu país...

3.- Castelao, nacionalista galego. 28-6-1985

(Declaración do Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, na volta dos restos de Castelao)

Os restos de Castelao, como todo, poden ser manipulados, como todo, polo poder. Mais **Castelao sólo vén realmente prós que queremos unha Galicia**

ceibe, prós que sólo temos unha patria: a Patria Galega, inda que sintamos a outros pobos irmaos, dada a súa prousimidade e longa convivencia con nós. Vén, prós que só comulgamos onde realmente se comulga, se é común con outros, se é patria e nación con outros, na propia lingua, na Lingua Galega.

Castelao era un nacionalista galego. Era conscente do que era: da súa propia patria, da súa propia nación, da súa propia lingua, de todo o que é máis sagrado, porque é o máis fondamente propio e nos vén de lonxe, cáseque de sempre, dos antepasados nosos que así nos fixeron i en nós prevalecen. Non lla cambiarán, como a outros galegos lles cambiaron, a patria.

Os restos de Castelao foron traguidos polos que se confesan e profesan de **non nacionalistas** (algús xa de vello, outros dende fai pouco) e quixeran meter e pechar o nacionalismo galego baixo da lousa de Santo Domingo de Bonaval xunto cos restos do seu líder histórico máis conocido e querido e de pensamento máis actuante, e coíles enterrar a nosa esperanza. O noso máis grande e salvador soño coleutivo: a liberdade e recuperación de Galicia, da súa Cultura e da súa total decisión.

*É xa hora de que señas, Terra patria dos teus,
dos que gardaron A Fala en que máis se dixo adeus
e señas dona de ti e señora de falar,
señora de decidir e dona de se negar.*

4.– Antes de recitar, de decir, a Celso Emilio en Celanova. 9-8-1985

Cáseque sempre se lle rinde homenaxe ós poetas históricos facendo estudos e consideraciós encol da súa obra e personalidade. Mais eu, como “decidor” que ás veces son, teño un único xeito de homenaxe prós poetas históricos, prós poetas desaparecidos, que é “decilos”, simplemente “decilos”. Xa que iles nono poden facer, “decir” o seu propio texto, sin máis.

Pois ás veces dícense tantas cousas sobre un poeta que a súa imaxen pura queda tapada e como trivializada, fixada en palabras alleas. Que é o colmo, tratándose de quen teñen a forma viva, o xeito máis natural da palabra. Os rumiantes, que tanto campan hoxe, facilítannos a dixestión incluso da

clarísima Rosalía –que non farán con outros poetas máis difíciles?– e acaban suplantando a verdadeira palabra do poeta, a propia palabra do poeta, que é a que debe prevalecer e incidir na nosa concencia, na concencia do seu pue- blo, ou pra maior extensión –que non intensión– na concencia de tódolos homes, de calquer home.

Digamos pois i escoitemos eiquí en Celanova, no centro mesmo do seu mundo, a palabra de Celso Emilio Ferreiro. E fagámolo non sólo como lectura facilitadora, senón tamén como rito, como liturxia, pondo empeño en que o poeta compareza e que seña il, o mesmo Celso Emilio.

E oiamos tanto os seus medos e saudades como o seu impulso, o seu pulo, o seu golpe de corazón solidario ou a súa voluntá solidaria.

Celso Emilio tiña unha gran impronta e unha gran vocación de irmao, de “compañeiro da alma”. Il era moito máis que a simple voluntá solidaria á que algunhos quixeron reduci-lo. Recuperemos, pois, ca súa palabra todo o seu tono interior íntimo, íntimo como il era e decía.

Alcontrémonos ca súa poesía como cun texto non sabido, e dereitamente, como un se encontra con palabras ouvidas por primeira vez e de labios vivos.

E vamos expornos nós tamén á súa palabra, vamos convocalo i a ser posi- ble encontralo e comungar coil, máis que pretender entendelo gardando a distancia, comungar coil como il comungou con amor co pobo común e quixo sacar forzas diste amor pra algo máis que o puro sentir. De lograrse esta comunión, quizaves por un intre vexamos e nos poñamos no camiño de Galicia. Vamos decilo pra ouvilo.

Decía...

5.– Día das Letras Galegas. 1985

Celébrase hoxe, dendes fai 22 anos, dendes do ano 1963, o “Día das Le- tras Galegas”, data en que se compre o primeiro centenario da aparición de Cantares Gallegos de Rosalía. Data que se toma como fito da recuperación

cultural e nacional da Galicia contemporánea, esa que chega hasta nós. En fin, a data en que Galicia comenza a tomar conciencia de si mesma, anque limitada e minoritaria, pois inda hoxe é un pobo/pueblo escasamente consciente de si, en canto a entender a conciencia como algo activo, movedor da vontade. Cáseque nin é un pobo, cáseque é só unha terra; i enriba dela un fato de homes solos, pechos, amurados sobre si mesmos e unhos fronte ós outros. E sin puntos de vontade común. Sempre doados pró poder, como calquer outro pobo diminuído que dimitiu de si mesmo.

Este estado de penuria cultural, moral e política; esta ausencia de espírito comunitario, que inda pervive; esta falla de vontade nacional e de reflexión profunda, positiva, movedora, mobilizadora, foi o que fixo erguerse a voz de algú poetas, escritores e pensadores dendes de fai algo máis de un século. Espertando, procurando espertar a conciencia do país, sinalando as súas fortes señas de identidade, espertando a conciencia nacional e incitando a unha vontade de recuperación nacional como única saída á profunda quebra moral que postraba ós galegos e que, inda hoxe, os fai tan doados pró poder e desvelados por il ou polas simples espeitativas de poder. Terreo aboado pra caciques e políticos sin ensoño, i a corto prazo.

De eiquí a mitificación das “Letras Galegas” e de que iste día, esta “Semana das Letras Galegas”, fora convertíndose nunha gran festa de mobilización cultural en todo o noso país. Mobilización cultural lamentablemente reducida a unhos cantos días.

Celebramos, pois, hoxe a toma de conciencia de Galicia. A vontade dunha Galicia galega (vontade que inda alcanza só a minorías moi escasas da poboación).

E afirmámonos e confirmámonos na nosa indiscutible identidade. E robustecemos o noso soño de futuro como comunidade nacional e facemos e queremos facer todo isto porriba de tendencias, de partidos e ideoloxías, responsabilizando a todos da recuperación cultural, da normalización da nosa lingua, da “Fala”, de manter as señas de identidade, do ser galego que somos.

A recuperación da dinidade moral, da moral ante o común, ante o que compete a todos por igual. Todos somos responsables de Galicia, anque seían

hoxe unhos e mañá outros os que formen na avangarda. Compete a todos, repito, o movemento de recuperación nacional, anque cada coal leve o seu ritmo e teña o seu modo.

6.– *Lectura no Instituto Xelmírez I. 1986*

Veño decirvos a miña poesía, veño a falarvos da miña poesía, non só da poesía de *Os Eidos*, a máis conocida, senón da outra miña palabra, a escrita noutra pauta. En calquer intre podedes interrompirme e preguntar.

Un poeta pode ter un só idioma poético ou ben varios idiomas poéticos sucesivos e ás veces simultáneos. Pode escribir dunha ou de varias maneiras, anque algús leutores i algús críticos dificilmente acetan esta diversidade, quizaves levados por ise gran mito da verdade única ou por un cempre afán de simplificación (na miña terra do Courel ‘simple’ díse ‘cempre’). Ises leutores simplificadores ou dictaminadores quixeron encuadrarme ou verme só no idioma de *Os Eidos*, no xeito da fala de *Os Eidos*, pois *Os Eidos* están feitos nunha **fala escrita** máis que nunha pura **escrita**. Unha fala escrita que como tal “fala” colle moita da forma do popular, daquelo que o propio pobo xa ten desinado por telo profundamente asumido, asumido tras longa convivencia –coa terra, niste caso– e que nos é transmitido xa na educación familiar ou non institucionalizada como herencia cultural profunda, que logo o poeta só ten que desvelar. I é por eso que se diría unha poesía da identidade co-leutiva, niste caso da **identidade galega** que é o que lle dá ise aire de poesía esencial ou do esencial, do básico co-leutivo, do nacional profundo; neste tipo de poesía non hai apenas delimitación ideolóxica. Nos *Eidos* encontran **o seu**, tanto os dun como os doutros credos políticos, encontran ise algo inconfundiblemente nacional que marca a identidade galega, ise **estilo da fala** cuia singularidade está paradoxicamente na asunción do co-leutivo, desa forma cáseque natural do co-leutivo que é o nacional. Forma en que aboia o pasado profundo, a común memoria última que marcou o noso xeito de decir e que lle dá ó libro, *Os Eidos*, ise aire de antigüedad, ise pouso de tempo inmemorial, ise aire de sempre. *Os Eidos* como esperencia da terra, e inda como idioma poético, tñao elaborado xa o pobo galego; así eu, ó començar a escribir o libro, aló no alto vrao e outono do 1952, sentía que os poemas víñanme como ditados.

Pero un home non é somentes esa zona común que ten cos outros homes do seu pobo, por muito que esta zona común supoña a gran vastedade do interior i a maior fondura do ser. O poeta ás veces, ou moitas veces, saíse dise xeito de decir de *Os Eidos* cara outras formas de palabra e de idioma, non tan axustadas, formas de búsqueda, de búsqueda da expresión, do novo, **do que inda non foi asumido como o sempre do ser de todos**, e así chegar a outros idiomas poéticos, propios tamén, e non menos verdadeiros, á palabra que se obriga á nova realidade do mundo, a palabra difizle, idioma poético **no que o tempo xa non é o sempre** senón o agora máis último, o angustiosamente agora, cando se lle fai unha petición de transcendencia, de sinificación. Un idioma de vangarda, de fronteira, que é tamén unha das máis altas misións que se lle esixen ó poeta: atopar a forma do novo, as formas do novo. Istes aspectos novos no meu mester poético sólo foron vistos e seguidos por algúns poetas, inda que non [o] declarasen, como foi o caso dos seguidores do *Vietnam canto* entre os grupos de pretendida vangarda.

CUESTIONARIO

1. *Que influencia ten a súa infancia na súa poesía e obra en xeral?*
(*Vanesa*, 8º)

A miña infancia labrega plena e superprotexida no Courel tivo, como é natural, a maior influencia. Tiven a sorte de ter unha influencia na aldea, cando inda [a] aldea estaba en plenitude, pois había outros lugares nos que xa a aldea non estaba en plenitude e hoxe xa cáseque aquel modo de aldea desapareceu. Sería unha aldea dura pero estaba chea de cousas. Francisco Franco, ó retrasar a evolución do país, fixo que a forma aldea de principios de século prevalecese até os anos 60, 70, até que pasara a miña infancia, adolescencia e mocidade, a máis longa mocidade. E a máis profunda infancia. Nunca máis, logo da infancia, volvemos mirar o mundo totalmente abertos a el. A confianza e seguranza que nos daban os nosos pais permitíanos abrírnos sin recelo e aprender o mundo. Tódalas cousas, tódolos seres do mundo son interesantes e necesarios e de todo pode caber no copo dun pequeno val, no espacio dunha pequena aldea. Sinto que os nenos de hoxe non

podan vivir o que era unha aldea con toda a súa dureza e rudeza, con toda a súa riqueza, pero os nenos sempre encontrarán o mundo mui rico, inda entre o asfalto e a pedra. Os meus nenos, os meus fillos, tiveron tamén unha infancia plenísima e riquísima en Compostela, no seo dunha comunidade recién inaugurada nas vivendas de Xoan XXIII, hoxe nunha zona de xardís que empezou sendo campo cáseque libre.

Indudablemente que a miña infancia influiu na miña poesía e cáseque toda a sustancia dos *Eidos*, o meu libro máis conocido. *Os Eidos* cáseque sólo son eso: infancia, asombro primeiro, mundo ordenado, primeiras miradas.

2. *Escribe os seus poemas de xeito espontáneo ou lle dá moitas voltas?*
(Carlos, 8º)

Escribo primeiro dun xeito espontáneo e logo doulles moitas voltas até que as palabras me semellan cáseque tan vivas como a natureza. Os primeiros poemas de *Os Eidos* tan breves, enteiros e logo comprobados.

3. *Que causas lle impulsaron a ser escritor, e máis concretamente poeta?*
(Iolanda, 8º)

Vivir. Sentir e soñar intensamente nun momento determinado até quedar aberto pra sempre, **aberto a todo, coma se un fose ofrecido ó mundo.**

Dígovos esto, pero certamente non se sabe de qué sai o poeta. Toda a xente pode ser poeta e de feito todo home se comporta como tal, cando falando ou escribindo enriquece a Lingua e lle fai decir algo que inda non se dixo, mesturado co dito e sabido. A Lingua non-a fan os poetas solos, nin os outros escritores, nin os lingüistas, a Lingua fixérona todos e facémola nos. Fíxose falándoa. Pudera decirse que todos somos poetas, non só os recoñecidos como tales.

Anque tamén se dice que os poetas nacen, como se nacesen xa predeterminados. O certo é que todos somos impulsados por todo, empuxados á palabra, sin que sexa preciso escribir contos, novelas nin versos. Sen-cillamente falar e decir...

4. *Cal é o poema que máis lle gusta? (Inés, 7º)*

Son moitos os poemas que me gustan e de moitos poetas. De poetas galegos, casteláns e d'outras linguas.

Entre os meus poemas tamén teño preferencias, entre os das distintas épocas ou períodos meus, pero sinceramente non sabería escoller un solo único poema.

5. *Cantos libros ten editados? (Héctor, 7º)*

Pra aló de cinco, pero libros libros: dous ou tres.

6. *Cando empezou a escribir? A que idade? (Esteban, 7º)*

Bastante tarde en comparanza con outros: ós dazaoito anos. En galego comencei ós vintedous.

7. *Que lle gusta máis escribir: poesía ou contos para nenos? (Mónica, 7º)*

Máis divírteme escribir **contos pra nenos**, porque cando os escribía facíao coma un xogo. Escribir poesía non é que me guste. É como coller forza do pasado e con ela querer esconxurar a Morte. Collela e darlla ós demais e, de paso, a un mesmo.

8. *Tivo algún premio literario por algunha obra súa? (Marcos, 7º)*

Non acostumbro a presentarme a premios. Eso é como escribir sin necesidade. Creo que darse á poesía é outra cousa, é outro empeño. Esixe outra dinidade.

9. *Houbo algún poema ou obra que lle dera moito traballo? (Laura, 7º)*

Algún poema ten centos de horas de traballo. E algún libro anos e anos. Certa Poesía hai que sometela a presión até que nada sobre do que a emoción non depurou, porque a emoción depura a palabra.

Recoñezo que ás veces son en demasía esixente. Tamén ocorre que de primeiras aparece **a gracia ventureira**. Nise caso, non tocala.

10. Cal é o último poema que escribiu? (Beatriz, 7º)

Un poema a unhos músicos que non poden parar de tocar. Están nun cadro do pintor Rafael Úbeda, que tamén é músico, e alí seguirán tocando por sempre...

11. Cal foi o primeiro libro que publicou? (Oscar, 6º)

Foron *Os eidos*, o libro da miña terra natal do Courel, publicado o ano 1955, fai xusto corenta anos. Foi o meu primeiro libro en galego e curiosamente o máis coñecido e estimado. Para el seguí escribindo dende os vintedous anos até hoxe, que teño 65 branquísimos. Máis que un libro meu *Os eidos* é un libro de tódolos galegos. Veume dende o pasado profundo de Galicia e a eles llelo devolvo. É como unha comunión... Trátase deso que vén de lonxe, de xeneración en xeneración, quezais a forma da Nosa Terra ou algo así.

12. Hoxe en día segue a te-la mesma necesidade de escribir que nos seus comenzos? (Ismael, 6º)

Polo menos sigo co mesmo empeño e a mesma entrega total, coma se nelo me fose a vida. Non en vano a palabra é o que distingue ó home. Ó agardala, ó buscala chámanos a algúns con esa forza.

7.– *Presentación de Muller pra lonxe. Lugo, 6-3-1987*

Queridos lugueses meus, porque miña é tamén a vosa cidade, iste **gran Lugo de nebra**, de Lois Pimentel, de Celestino de la Vega e Ánxel Fole.

Despois de saludarvos comenzarei a dar gracias.

Queridos lugueses, xa sin Ánxel Fole e sin Celestino Fernández de la Vega, cuia imaxen veremos inda durante unhos anos polas rúas e cafés andando i enchendo iste gran Lugo de nebra, pois os mortos tardan en irse. Demóranse inda unhos anos entre nós, aparécensenos.

Queridos lugueses meus, vós sodes algo así como a miña aldea, onde nos conocemos todos e abonda con cruzar as miradas e cachear as caras a un solo viso.

E despois de saludarvos comenzarei a dar gracias.

Gracias ó presentador polas súas palabras encol do meu libro e da miña obra. Fai agora mesmo trinta anos.

Gracias á Diputación provincial por editalo con tanta xenerosidade de recursos.

Gracias ós traballadores da imprenta da Diputación que o fixeron coas súas maos e conocimiento.

Gracias ós autores da maqueta e diseño.

Gracias ó pintor Carlos Pardo que o alumou cos seus dibuxos, digo que o alumou e non que o ilustrou.

Gracias a Isidoro Millán polas súas palabras de hoxe e por aquelas que, fai xustamente trinta anos, despertaron o primeiro interés polo meu primeiro libro, aquiles Eidos. Dos primeiros cincuenta.

Gracias á Diputación provincial por editar este libro que presentamos hoxe con tanta xenerosidade de recursos.

Gracias ós traballadores da imprenta da Diputación que o confeccionaron con cariño.

Gracias ós autores da maqueta e deseño que xunto cos anteriores contribuíron a unha das edicións máis fermosas que teñamos tido nas maos e gracias ó pintor que o alumou cos seus coores. Digo alumou e non ilustrou, pois iso é o que il fixo, tirándonos a color i-a luz directamente ós ollos.

Carlos Pardo Teixeira, o novo pintor lugués, foi quen lle puxo face ó libro ca súa portada e dibuxos interiores, onde a liña vai ó tempo que o color, cunha forza de impronta que trasluce sabiduría sin perder frescura e sobre todo delicadeza. Como Carlos dice como querendo disculparse:

*“I eu que lle vou a facer
si son delicado”*

Delicado niste tempo en que tanto priva o feísmo i o desgarró.

Pero il é naturalmente delicado, i a delicadeza tamén é humana e deuse en siglos tan brancos como o noso. E pois é válida e inda diría que heroica.

E ademais acáiselle a un libro de poemas de amor, pois sabido é que o home co amor faise delicado, anque seña unha mala fera.

Queda pois perdonada tanta delicadeza.

I eiquí remata a aución de gracias e pasaría xa a lervos algús poemas do libro de non terse escollido pró acto o salón de sesións da Diputación e quero por eso facer votos por que na próxima lexislatura, ou na seguinte ou na outra, como hoxe sona, sone por fin sólo eiquí a fala, a lingua de Galicia, a súa lingua propia, a nosa, pois ela é o único sagrado pra todos nós, ó gardar o noso pasado profundo e común, de todos, e de cada un. Ela é a lingua propia incluso de aqueles que anque non a falen, si naceron e medraron eiquí.

Ela é a patria e sería o colmo trabucarse de patria sempre.

Agora si, xa podó pasar a decir os poemas.

8.– Pregón da Feira do Libro de Santiago de Compostela. 1987

Con primavera nova, estamos nesta vella Compostela, a que se lle presenta por primeira vez dende Xelmírez, a oportunidade de ser centro decisivo, anque limitado, de poder pra tódalas terras de Galicia. De igoal maneira olla á lingua i á cultura, ás letras galegas. Se lles presenta a posibilidade de recuperarse da marxinación dos últimos séculos, e ser non só moimento de memoria viva, resto último do noso ser histórico acumulado, do noso pasado profundo, senón tamén vehículo de relación moderno, actual, completo, hable pra todo.

Nestes anos primeiros da nosa autonomía estase dirimindo a posibilidade dunha Galicia Galega, a posibilidade da recuperación nacional de Galicia. I é agora cando todos deben, debemos, ter concencia de que todos estamos implicados, porriba de intereses e credos políticos.

Todo galego de toda ideoloxía que implique responsabilidades do común ten que ter a responsabilidade da nosa lingua i a nosa cultura, que son o máis fondo, o máis conformado, a expresión viva do **nosso común**. E sobre todo a lingua, que non sólo un gran poeta como Fernando Pessoa, senón que son moitos os que a confunden xustamente coa **patria**.

A nosa lingua é a nosa patria. Nela, inda o desconocido, nunca é alleo pra nós.

Retomo o fío de que niste intre estamos tódolos galegos, repito: os de tódolos, credos e partidos, implicados no afianzamento da nosa lingua i a nosa cultura no noso país.

Este afianzamento faranos ver máis craramente os nosos problemas i os problemas da nosa relación cos outros pobos.

Se non somos capaces de delimitar e defender a nosa identidade, qué problema común poderemos afrontar que non seña o de acetar a imposición que nos veña de fóra, a imposición que non pensa en nós como pobo, senón como territorio e como ouxeto?

Todo político que non vexa esto, todo home galego que non vexa **esto**, queda fóra, queda deslexitimado pra exercer a responsabilidade da

representación cidadana na súa terra, no seu pobo, que é iste pobo, en trance de recuperación ou de extinción, precisamente niste intre.

Todos somos galegos e todos temos responsabilidades como tales galegos, i estas responsabilidades, repito outra vez máis, van máis aló das ideoloxías, das premisas do propio partido. Responden a algo máis profundo. E non valen medias tintas. Hai que estar, si ou non, con Galicia. E non se pode dicir que se está con Galicia cando non se sente a responsabilidade da pervivencia da nosa lingua como meta primordial.

Eiquí é donde está o futuro de Compostela, i o futuro de Galicia. Eiquí está inclusive o poder político do futuro, que será moi distinto según que a nosa lingua se sosteña ou non. Así nós gobernaremonos de verdá, algún día, ou seremos gobernados, seremos o que fomos, e somos, “gleba” e non homes libres dun pobo libre.

Esta palabra “libre” vouna coller pra baixar ó motivo que hoxe aquí nos ten. A inauguración da feira do libro. Que tamén é unha feira, unha festa da liberdade. Porque de tódalas formas de comunicación amplia ou multiplicada que ten o home, na que se dice con maior liberdade, é precisamente no libro.

Xa sabemos as presións que exerce calquer poder pra imporse, pra impornos nos medios de comunicación de masas, na televisión, na radio e na prensa diaria ou periódica. Sólo nos libros, os outros homes se nos achegan, como se fose individualmente como privadamente, cáseque como intimamente, a falar con nós. A decirnos, a decírsenos. A informarnos do mundo, do seu mundo e do noso mundo.

Os libros son, despois do amor, a maior forza contra a soedade, a terrible soledá humana que é quen fai os maiores monstros.

Se non conseguimos relacionarnos cos nosos veciños, cos nosos conciudadáns coa fluidez e fondura que desexamos, que precisamos, relacionémonos con eles ó traveso da lectura dun libro verdadeiro, e así non se embotará a nosa capacidade de comunicación, de profunda relación social. Probablemente o autor dise libro, nun impulso de comunicación, de relación dificultada, buscou tamén ó interlocutor interposto do libro pra non deixar de relacionarse, pra facelo sin violencia, sin ser disruptor: nun falar pra todos como pra cada un e con liberdade.

Libros pra ser libres, pois dende iles é dindes donde o home nos fala máis libremente, liberado incluso da coerción do entorno e incluso máis da coerción que pudera suporlle, a nosa propia presenza.

Libros pra sinceridade.

9.- Recital de Xenebra. 3-9-1988

Eiquí estamos pois na **Xenebra**, entre galegos, entre galegos todos, as dúas Sociedades Xenebrinas, e vamos comungar ca Galicia eterna nun auto tan ritual como é decir e oír poemas dos poetas do noso pobo. Iste é un rito que eu pratico como mester sabido.

Os textos, os textos dos nosos poetas clásicos, son os textos sagrados da miña relixión e pódoos decir como meus.

Pódoos decir sin maior violencia e sin distancia, pois **todo o que pasou ó meu pobo, pasoume a min.**

Todo o que pasou ó home, pasoume a min.

I os homes que hoxe vivimos, somos de tódalas edades. Vede senón, como esperencia vosa, a decisión de emigrar de este trovador galego dos séculos XII-XIII. Que crara visión da súa situación na propia terra e que firme, anque dolorosa, a decisión de remediala como vós fixestes!

Trátase de Nuño Eanes Cerceo, que tamén emigrou no mil e pico, non se sabe pra onde, pois non nolo di no seu “descordo”, que así se chama este tipo de cantiga:

...

Non vos inquededes pola dificultade da poesía medieval galega ou galego-portuguesa, pois nela xa está a Galicia enteira que está en vós.

A dificultade é máis ben de léxico que de fondo. Pois trátase dun galego laborado pra trovar, non do idioma llano, anque non menos complexo e cumprido, do pobo. Pero a fala do pobo tamén amosa, eiquí i aíllí, a súa

rodada frescura, a súa forma inconfundible de idioma, con todo o xeito da vida común, e non só de idioma especializado pra a poesía cortés. Escoitemos cantar como o crego compostelano Airas Nuñes a esta pastora que canta vellas cantigas, que xa eran vellas, ou ben conocidas, nos séculos XII e XIII.

E vede como bailan as tres mozas medievales, baixo as avelaneiras froridas que inda beiran hoxe moitos adros das ermidas ás que se fai romaxe.

Nestes siglos XII e XIII, tempos dos reis Fernando III e Alfonso X, o sabio, foi cando a nosa poesía acadou maior universalidade i espallamento, pois cantábase en galego dende Galicia hasta o País Vasco, toda Castela e até Murcia i a Andalucía, que naquil tempo, estas últimas estaban sendo gañadas ós mouros.

Vexamos senón esta despedida que o almirante do mar, e señor de Rianxo, que tomou parte na conquista de Sevilla, pon en boca da súa amiga, ó velo partir: “iban ledas as velas e brisas as barcas como peito de namorado ou namorada, de quen inaugura a plenitude da vida que é o amor”.

E siguen outros trobadores de tan bon trobar que costa pasar, tan irados, sobre o calor i a gracia, sempre nova, dos seus cantos, nos que vós seguredes recoñecendo e comungando como galegos.

Vexamos ó desinhibido Xoán Airas, burgués de Santiago.

Algunhos saberedes que aquil “verdor” da poesía medieval galega, que era un dises raros verdores que por veces nos brindan as eiras, os tempos, como saíndose da historia, como escapando ó poder, do poder que a rixe. Aquil “verdor” dos séculos XII e XIII foi esmouchecendo nos séculos XIV e XV.

Logo virán os chamados Séculos Escuros en que a nosa lingua foi relegada como lingua de moda, como lingua de cultura e como lingua oficial e quedouse cáseque en pura fala, como chegou até nós, até Rosalía, Pondal e Curros, que inauguran a Galicia moderna, na que se desperta a conciencia de identidade como pobo, a voluntá de recuperación da nosa lingua e cultura e [a] reivindicación do nosos autogoberno efetivo.

É xa, [Xoán] Manuel Pintos quen se ergue e fala con craridade, acusando o entreguismo galego fronte ós curiales da Administración española.

Rosalía, Pondal e Curros!

O despertar de estes poetas, os chamados “precursores”, parte dunha visión directa sobre o estado de penuria en que vivía a nosa terra, na segunda metade do XIX. Bastaba unha mala colleita pra que a fame caíra sobre unha Galicia que xa viña dendes do século XVIII relativamente superpoboada.

(Rosalía)

Ademais de ter muitas outras facetas, son poetas redentores, son profetas. Son poetas que chaman, que increpan, que incitan.

(Curros)

Son poetas patrióticos, e Pondal, o autor do “Himno” galego, é o noso poeta patriótico por excelencia e como tal el se ve a si mesmo.

(Pondal)

Pudemos seguir cos poetas, cos grandes poetas do século XX, pero xa non queda tempo. E como a xente quere oír os poemas de voz do propio poeta, cedo, pra decirvos algús poemas meus.

10.– Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no Ateneo de Madrid. 20-9-1988

(Palabras ditas antes do recital)

É de todos sabido que todo home falecido, desaparecido, está indefenso ante a manipulación política da súa memoria. E, sobre todo, si esta manipulación a fixera o poder, con ise descaro-de-forza que cáseque sempre o poder ten.

Por eso nós, eu, declaro que veño hoxe eiquí rendir homenaxe á memoria dun nacionalista galego, que como tal se manifesta na súa obra máis xenuína. Cando o tempo pasa sobre a nosa palabra, un xa sólo dixo aquilo que dixo con máis forza. Trátase no caso de Celso Emilio, como en cáseque todos

os poetas ou escritores galegos nacionalistas, dun **nacionalismo defensivo**, que defende a súa lingua e cultura, i o dereito á autodeterminación do seu e de tódolos pobos fronte ó nacionalismo depredador dos gobernos estatais, que se apropiaron e sosteñen unha situación inxusta, traguída de séculos.

Nós sólo defendemos e pedimos: o noso espacio lingüístico e cultural i o noso dereito á autodeterminación. É a presión do goberno do estado a que nos fai nacionalistas galegos, senón seríamos simplemente galegos.

A nosa memoria profunda, xa pautada na lingua, como a calquer pobo, énos sagrada. E sólo pedimos respecto a un dos dereitos humanos fundamentais, suscritos.

A lingua propia de Galicia é o galego, inclusive a dos galegos que non a falan.

Isto vimos a decir i a repetir como Celso, poeta de Galicia, amigo da xente e do común, decía e repetía.

Os estados deben respetar os espacios propios das linguas e dos pobos. O que non seña eso, é ir contra a paz descaradamente, como ben sabemos todos.

Repito estas cousas tan evidentes e sabidas, porque eran principios básicos pró eiquí homenaxeado.

E rendir un homenaxe non ten sentido si eso non supón unha reactualización da palabra, e do sentido, dunha obra. E, ó menos, unha reflexión somera sobre ela, ou un xeito dela.

Pasarei logo a decir unhos breves poemas de Celso, aunque sólo seña pra Moraima, e logo, algún poema propio.

[Poemas ditos:

De Celso Emilio:

1. Longa noite de pedra...
2. Empúxanme as raigames...
3. A pedra: “Pídeme fillos, loba...”

Poemas propios:

1. Pranto polo Ché
2. Galicia teima vida]

11.– As Pontes de García Rodríguez. 18-5-1989

(Descoberta de placas de rúas)

De ti, Álvaro Cunqueiro, xa nunca poderei falar senón coma se estuveras presente e máis en maio e abril, en que ti seguirás vindo candi’**as rosas que veñen**, coma no teu verso.

Ti, Álvaro Cunqueiro, xa eres **nome de Galicia**. Resúltanos difizle configurar a imaxe da nosa patria sin pensar en ti.

Ti eres un dos **nomes de Galicia**, nome que ó longo se perderá, se integrará no nome de Galicia. Ela foi a túa gran memoria i a túa memoria perderase nela pasados os séculos que señan –polo menos unhas mil primaveras–.

O teu nome perderase nela e ti chamaraste sólo **Galicia**, coma tódolos mortos xa sin nome propio, anque o tiveron un día, máis ou menos sonados. Logo do nome perderse, xa unicamente quedamos na Lingua, como quedaron tódolos galegos que se foron. Na Lingua que iles fixeron e que ti fixeches domear en cantigas, poemas e contos, facéndoa inda máis nosa ó facela túa.

E queremos que agora, ó descubrir esta placa co teu nome da rúa, rubas e nos mires dende as rosas que viñeron, dende as rosas de maio, xa pasado

abril, cando tamén falamos contigo, e decirche que siguen vindo e que virán con traballo, anque con seguranza, as mil primaveras máis que ti pediches pra Lingua galega.

Falamos contigo e recordamos a túa gracia, a gracia da terra, que sabe o valor do pan i o viño e que sólo está segura do que coñece e di o corazón e do que piden, esixen, os soños certos.

[...]

Digo de Neira Vilas, alá na Habana, traballador. Pra nós da Literatura infantil, voz de tódolos humildes nenos labregos, ou non, conciencia moral e lembranza dun tempo difícil que inda sigue, quizaves o máis lido de tódolos escritores galegos vivos.

Se sólo foran influídos por el tódolos nenos galegos, serían de maiores homes bos, homes de boa voluntá, o cal quizaves non chega, pero estímase nun tempo como este.

12.– As Pontes de García Rodríguez. 19-V-1989

(Palabras previas ó recital)

Veño unha vez máis ás Pontes de García Rodríguez. Realmente sodes moi esforzados, os que eiquí i en moitos lugares de Galicia, hoxe, fomentades e organizades actos coma este pra axudar á formación da conciencia galega e social das mocedades e demais edades encaeadas, hoxe só, á mensaxe dos medios de difusión de masas, á oferta cultural dos chamados **mass media**.

Vós, esforzados da activación cultural: “inasequibles ó desalento” facedes unha labor, facilitades o aceso ás correntes culturais que se moveron i as que se moven no país e as que veñen de fóra a renovarnos e facer o contraste.

As celebracións das Letras Galegas son unha forma de comungar con Galicia, co seu pasado e da súa afirmación de cara ó futuro.

Eu veño eiquí decirvos Poesía galega –miña propia ou non, é sempre miña– pra que todos comunguemos con Galicia, coa Galicia de tódalas épocas,

dende que Galicia é. Coa Galicia que gardou, que se esforzou en gardar unha mínima ou máxima identidade e en ter concencia de si; en gardar, falar a súa Lingua que é un dos máis irrenunciábeis dereitos humanos e o mínimo de dinidade exixible pra un pobo, por ser a Lingua propia o máis básico, o único sagrado que nos queda, o pouso do noso pasado común, o único sitio onde os nosos antepasados viven, e seguirán vivos, si a mantemos viva. Non hai maior indinidade e floxeira interior que deixar perder a Lingua propia.

Celébrase o día das **Letras Galegas**, non só polas **Letras** nosas en si, senón porque foron os escritores e poetas nosos quen ó usar o galego nas súas obras literarias reivindicaron o seu uso como lingua propia, **hable** non só pra creación literaria senón pra tódolos usos de comunicación colectiva, pra Educación, pra Administración. Pra todo o que vale unha lingua e unha lingua plena, cargada e lixeira e dona da terra e do aire e do home e da muller, como a nosa.

Eu non teño outra cencia, nin veño eiquí máis que pra transmitirvos iste fervor.

E lembro que fai 22 anos morría, tal día coma hoxe, un dos poetas galegos que eu máis estraño diste século, e por un poema dela vamos a comezar. Trátase de María Mariño Carou, a noiesa que viviu 20 anos nas miñas terras do Courel.

Logo pasaremos a decir poemas de Celso Emilio.

13.– Sada. 1989

Antes do recital, quero teimar na miña vella teima a pór **un galego noso propio** (por non decir **puro**, pois pudera entenderse “purista”). Un galego noso propio pero domeable (flexible), libre, con esa santa liberdade dos falantes. Un galego particularizado, no que se noten as diferencias individuais, locais, comarcais e zonais, sin que por eso se desintegre, se perda a unidade da língoa e a súa ampre comprensión.

Creo que todo o que o galego perda en rigor normativo, en **forzada sistematización**, en manía do estriuto que sempre dá en estreito, todo eso

ganaráo en aire, en alma de patria, ganharáo en ser recoñecido sempre como propio. Cada forma propia e normal da Lingua, na fala, ha de ser recoñecida como válida na escrita. Sabemos que todo o que esté na escrita, pasará á fala tal-coal. Non queremos unha normativa que excluía as peculiaridades dialectais. Non queremos unha inter-língua que pille algo de eiquí e algo de eilí. Non queremos un galego de laboratorio, un galego no que só, os que o “elaboran”, recoñecen a súa patria.

Penso en que o pouco que se perda de racionalización normativa “forzada”, gañárase en patria, ó “legalizar” a maior parte das formas dialectais. Gañárase en calor de patria, en desinhibición da escrita, i a fala, en riqueza expresiva, en matización, en aire propio de cousa coñecida: gañárase en ser de Galicia.

Queremos unha Lingua que todos recoñezan, recoñezamos como nosa (dentro das tamén propias diferencias). Non estamos de pran contra a interlingua, chamada **galego oficial**, pero exixímoslle que se pareza máis á de tódolos galegos, pois senón, nunca será a nosa patria. Como pretenden que se vaia defender e que vaíamos loitar por unha lingua que non é a patria de ninguén? Por eso, ós que verdadeiramente falan galego, ós que sólo falan galego, ós que sempre falan galego, chegaron a facerlles crer que non o saben falar. Esta creencia, este feito, é público e notorio e debíalles servir como motivo de reflexión ós señores lingüistas do “Instituto da Lingua”. E en canto ós seus antagonistas da “Asociación Galega da Lingua” eu diríalles tamén que é xusto que Fernando Pessoa diga: a miña patria é a lingua portuguesa, como é xusto que eu diga, e que nós digamos: a miña patria é a lingua galega.

Eu pídolles ós novos escritores e poetas galegos que usen o seu galego individual, local, comarcal, pois o outro dudo que seña o galego, un galego interior, como ha de ser o idioma na creación escrita.

14.– Recital no Casino do Ferrol. 19-1-1990

(non lido)

Inda que sempre me deron plena liberdade, poucas veces escollín dar un recital excrusivo da miña propia obra, quizaves o fixen por ser hoxe o día en que se cumpre o meu doceavo lustro, o que, anque non se queira, obriga a unha maior reflexión e a unha recapitulación, polo menos ó botar unha mirada xeral, antolóxica, sobre da propia obra. Sinto como si ó decir poemas meus me quitara aventura, liberdade i esa mínima distancia pra emprender o movemento de achegamento ó texto.

De calquer xeito, a miña obra non ten a miña idade, cada poema ten a súa. E, un, inda é cada unha das súas edades que foron, os propios tempos nunca son tempos alleos, se foron ben e autenticamente vividos.

Ademais un poeta sempre é quen máis depende da propia experiencia e, cáseque todo, o ha de atopar en si mesmo.

O poeta está mirándose, non por narcisismo senón porque precisa da certeza que dá unha mirada cercán. Anque mirar un sobre si é demasiado cercán e pode verse borroso. Maila poesía, tampouco é un medir de exactitude, pois mide a un tempo tódalas dimensións do mundo. Por eso, é un arte da unidade e tamén forzosamente da vaguedade, anque, por veces, alcance fulminantes precisións, porque é un arte da intuición. No que, repito, só a propia experiencia ou vivencia é válida.

Todos dendes de moi nenos sabemos da mortalidade do home por noticia, por dedución, por transmisión. Pero un bon día descubrimos a propia mortalidade, sentimos a nosa mortalidade, i eso é completamente distinto. Entón si que podemos decir esa verdade que nos ronda e rondará sempre. Repetímola como se nola repetiran a cada intre:

morrer é ficar morto

Dendes dela partimos cara toda esperanza. Pois se inda sabendo eso, a esperanza se dá e se sente, razóns terá que desmintan o postulado da mortalidade:

*E non podo esquecer que estou emprazado mais déixome en liberdade
sin forzalos soños a morrer nin levalos aposta pra gardarme.
Son o home que pode e soporta ser home
e anque sei que non teño máis que esta vida
teimo algo que desminta a seguranza de que todo está perdido.*

ou ben

Din os soños i os paxaros: A morte non é certo

Tamén o amor é moi distinto de como o amor se soñara, anque menos, pois moito do amor é soño, o soño é parte da súa esencia.

A mesma distancia hai entre a idea preconcebida de patria, a idea imbuída, embudada de patria, i a experiencia da patria, o sentimento da patria.

Que só é verdadeiramente vivo eilí onde a patria está en peligro, coma no noso caso, en que a propia patria, coa súa imaxen viva –a lingua– están en peligro e nós, galegos, sentímolo vivamente por eso, como o sinten outros pobos porque lles ocorre o mesmo.

Nono sinten Felipe González e Aznar ou Anguita porque nono sinten os seus pobos, non teñen o problema. Non tiveron esa vivencia profunda. Esa sensación total de pertencencia a algo, e sólo teorizan sobre da idea de patria, donde a esperencia máis profunda pode ser o que foran no seu día, flechas de falanxe, ou nenos manipulados. Que logo non foran, como creados de novo, por unha forte experiencia.

Algo así é, en xeral, o que pasa ca materia poética. E preciso que todo seña mui de primeira mao, moi intensamente vivido.

Soio a intensidade da vivencia queima a palabra sobrance, a palabra abstrusa. Pra que quede só a palabra cargada de nós e do mundo. A palabra que se distingue por contauto, porque nos recoñecemos na palabra dos poetas, porque inda os máis raros individuos apenas se distinguen do home máis común. Por eso, ás veces, aqueles que queren ser, ou falar como os máis, ninguén os entende. I os que falan dendes de si mesmos, nos alcanzan doadamente.

A palabra poética máis personal está destinada a ser palabra, forma común das próximas, sucesivas, xeneraciós, se é que inda se vai seguir falando predominantemente con palabras.

A palabra poética, a así chamada, é, ás veces, algo difícil, pois a poesía abandonou a totalidade e tamén quixo especializarse, ó deixar de ser utilizada pra todo como antigamente. Así, distanciouse dos cantares que se cantan, así, se divorciou da música de acompañamento. E foise cara á complexidade, cara á dificultade. Mais hai que volver pensar e asumir que todo é, ou pode ser, materia de canto.

Hai que recuperar o home ó traveso da palabra non mentida.

Non é unha operación nostálgica. É un sometelo todo á inconfundible autenticidade, comprobalo todo polo contacto coa palabra viva que coñece o mundo e que nos coñece. E dá fe de nós e posiblita, evidencia, un contraste coa palabra interesada, coa propaganda comercial, relixiosa ou política, máis ou menos decraradas ou subliminales. Queremos a palabra que nos salve, inda que nos diga que non hai salvación. Fai tempo que apostamos pola sinceridade.

15.- Recital de Lugo-CXTG. 30-3-1990

Diante dos recentes acontecementos no **leste europeo**, da caída dos rexímenes comunistas instalados trala derrota nazi polo exército roxo, fai nove lustros, fai cáseque medio século, non é difícil chegar á conclusión ou polo menos á firme suposición de que a responsabilidade da clase obreira, mellor dito da clase traballadora, quedou integramente nas maos dos sindicatos, igual que estaba antes de que emerxera a URSS como gran valedora, como gran respaldo ou poder disuasor, fronte ós excesos do capitalismo.

De novo, pois, queda integrarse nas maos dos sindicatos, a defensa dos intereses i a dinidade dos traballadores, e tamén o maltreito soño de igualdade dos homes, de outar a distribución equitativa dos bés da Terra, de tódolos bés da Terra, que non era outra a meta da Revolución Mundial, da soñada Revolución Mundial, soño de Obreiros e Intelectuais, quero decir (Educadores, Estudiantes, Escritores e Artistas).

Quedou si, totalmente descartado, descalificado, o recurso á Ditadura do Proletariado pra conseguir a tal Revolución, o recurso ó medo i á forza bruta e a infravaloración do ensoño da Libertade que ó ser abandonado, foi recollido como bandeira polo bando capitalista. Sin o ensoño da libertade, a soñada Revolución Mundial perdía o brillo e gracia pras mocedades e facíase, como fixo, imposible e inalcanzable, a Revolución cando parecía máis posible.

De todos xeitos, seña benvido o desmoronamento do Imperio Ruso en Europa. I esperemos que eso afroxen a garda e provoquen o derrumbamento de outros imperialismos e actitudes que agora se quedarán sin xustificación. O desmoronamento de tódolos Imperialismos e o reforzamento e reconsideración dos dereitos dos pobos e das clases oprimidas. E abondo nesto pra remarcar que nunca foi, polo tanto, máis necesaria a alianza **libre** de tódolos traballadores: de traballadores intelectuais (educadores, escritores e artistas).

Non alianza obrigada. Si alianza libre, emanada do sentimento de solidariedade, tanto como do feito da necesidade.

Estamos como parece, e como xa algúns dicen, diante unha nova xeira na que será bon avisar e deixar sentado con craridade que é mala cousa, inviable cousa, someter ós pobos, someter ós individuos, someter ás crases, someter ó Home. E dar por sabido que a posible solución da organización social e política non era tan simple como se cría, simplemente.

Habrá que contar máis coa complexidade humana, coa diversidade humana, coa dinidade humana, coa necesidade humana e inclusive coa alma humana. E someter o poder a revisión. Someter o poder á presión de máisima fluencia e das reais posibilidades de cara á máisima realización, no ámeto do común e do individual. Revisar os mecanismos do poder como se revisa a conciencia. Vencer o medo. Vencer o poder autoxustificado, saber que nemigo soio é o nemigo común de todos. O que nega a dinidade, a libertade, a xusticia de todos e a posible felicidade (digo a posible, dada a condición humana i a súa indudable limitación). Por eso hoxe tráigovos un poeta profundo e delicado. Non un home de simples palabras, de palabras simples, senón un cuidador, un gardador da difícil riqueza interior. Hai que volver buscar a base da dinidade humana: a riqueza interior. Poderemos conservala, pois disputaránola menos, por non ser capital doadamente acumulable e

transferible e por quedar fóra do delirio do consumo. Daranos dinidade, a única superioridade que temos, e revalorará o sentimento de solidariedade e fortalecerá o coñecemento por vía sentimental, que é confuso e difuso, pero é, aínda, a reserva máis fonda dos pobos. Está implicado nas linguas propias, nas que está pautado ese mundo interior, esa riqueza interior que vai da intimidade, da individualidade, ó pasado profundo e común no que nós somos galegos e outros pobos son cada un o que son, algo que se pode unir, pero algo non mesturable.

A poesía amósanos como andar por dentro, con toda a inevitable vaguedade, pero amósanolo. E dános certos cauces pró autoconocemento e unha visión unitaria do mundo; anque entre vaguedades, dánola. Sin coñecernos a nós minimamente, como vamos relacionarnos social e politicamente! E difícil-tase entrar nese mundo menor, pero unha vez feito, o mundo ensánchase e ofrécenos por veces canto il é e ten. Nós tan sós, non debemos renunciar a curarnos do interior, daranos peso. Seremos menos follas no vento. Menos doadamente vencíveis por calquer forza. E polo tanto:

Poesía prós traballadores!

(O peso interior, a dinidade interior, faría que non só considerasen os traballadores como masas. Esto sería disuasivo fronte ó Capital).

16.– Clausura Galeusca. 14-10-1990

(Palma de Mallorca)

Dícese que o máis fermoso e fondo poema escrito en galego é a **Cantiga de san Simón**, aló no mar de Vigo, augas do alén, século XII.

Cantiga:

“Sedíame eu na ermida de San Simón...”

.....

É o único poema que nos queda dun xograr chamado Mendiño, quer decir mendigo, é un canto de soledá. Un **De profundis** de Soledá.

A soledá fainos grandes, a por de soios, mais a soedade, levada ou non ó delirio, amais de gran door, é mala compañía pra afrontar a Historia.

Por eso vascos, catalás e galegos nos xuntamos –entre iguais– nos “Galeusca”. I é así como cómpre facelo, pois non é bon xuntarse cos moi poderosos. Como dice o poeta-filósofo alemán:

“Non busques o apoio dos grandes. O seu abrazo esmaga.”

Xuntámonos fronte a unha mesma ameaza. Nada une mellor que unha mesma ameaza. Nós non nos unimos contra nadie senón contra desa ameaza, unha ameaza terrible, como é sempre a do máis cercán.

Xuntámonos pra falar diante este mar antigo e vémolo novo, tal e como un ve unhos ollos, cando xa pensabamos que ningunha mirada podería traguer-nos máis que unha escura –pero certa– noticia de pervivencia.

Perviviremos. Visca Euscadi. Visca Cataluña, Valencia e Mallorca. Vivan Galicia i as Asturias de Oviedo. E viva Castilla.

E repito o brindis como fai un ano en Compostela:

“Levantámolas copas hasta sacalas porriba do tempo pois estamos soñando, agora que xuntos podemos facelo”.

17.– Letras Galegas. 1990

(A Coruña)

Así pois estamos de novo outro ano diante as “Letras Galegas”, conmemorando o rexurdir da nosa lingua escrita, fai algo máis dun século.

A lingua, repito, é o único **vencello profundo**, real e vivo, que nos une e nos fai sentir comunidade. E non só nos liga, entre nós, senón cos antepasados. O único xeito como eles siguen en nós e como eles siguen vivos. É a forma

da nación, é a forma da memoria profunda. O home amais de impulso vital –esto teno todo animal– apenas é máis que memoria –ate a ciencia é memoria–, ninguén vive no futuro.

Quen renuncia ou se alonga da memoria profunda, da memoria común, que é a que está na lingua, vólvese de costas ó seu ser identificable. Anque vós queirades, non podedes deixar de ser galegos, e pois que o sodes, mellor é ter conciencia delo.

A alguén lle oín eu: “inda que nono falei de neno, o galego é a miña lingua propia”; el notaba que falaba un castellano “vaciado”, encheito só polo “acento galego”, non realmente identificador. Eilí onde nos asiste o pasado, nun orden profundo. Inda que se manifeste escuramente, notámolo como noso, “unicamente noso”.

E os que negan o galego, a si mesmos se negan. E os que se resisten ó galego, de si mesmos se distancian, engadindo misterio sobre misterio, digo misterio como se dice descoñecido.

Ninguén minimamente conscente presumiu de desnaturalizado e se recreou neso. A lingua propia é o cauce natural, o cauce i o caudal natural, do noso fluír social.

A escrita en galego ten por finalidade devolverlle a conciencia i a dignidade ó noso pobo. Devolverlle a memoria histórica, a conciencia profunda de comunidade longa.

Por eso celebramos hoxe, eiquí, nesta aula, o “Día das Letras Galegas” como un rito de comunión con Galicia. Como un rito de autoafirmación, no tranche de nación discutida, en peligro, na que moitos xa entrástedes ou outros estades a entrar. Agora entremos ó recital.

18.– *Comunicado de UGT, CCOO e CIG. 12-6-1991*

(Santiago de Compostela)

Esta é a crítica e estas as demandas dos sindicatos maioritarios de Galicia. O mundo do traballo non iñora o desdixe e as eivas da Administración do Goberno da Xunta e a desatención ou incumplimento de aquilo que foi pactado ou tratado cos representantes sindicais.

Un país góvernase con feitos e non con palabras baleiras e arrogantes que logo son desmentidas polo deterioro industrial, económico e social que é ben palpable.

Non hai responsabilidade maior que a de gobernar un país. Os que a asumen, deben asumila de verdade e non só verbalmente. Deben asumila co pensamento posto en todo o pobo e non só nunha clase.

Gobernar non é disfrutar do poder, é cumprir un difícil servicio pro que un se alugou.

19.– *Recital na “Aula de Cultura da Caixa de Galicia”. 1992*

(A Coruña)

Agora que A Coruña conta cun colexio de poetas residentes como non contou nunca antes na historia da cidade, o colexio “De amor e desamor”, que como se dedúz ten o amor como tema dominante, pensei en facerlles unha homenaxe recitando pra eles e pras xentes da cidade que os sostén. Os trobadores medievais galego-portugueses que tamén tiñan o amor como tema dominante e cáseque exclusivo.

Non sabemos inda o porqué do albor trobadoresco, o como daquela idade de ferro se seguiu tal delicadeza, tal verdura dunha eira en que, en certa parcela, o home acadou o nivel do soño.

En Galicia e Portugal, que entóns eran unha mesma lingua inda cáseque o son hoxe había centos de poetas e trobadores i eran inda máis os xogares. Que gran pulo de comunicación se movía polos camiños!

Claro que tamén naquil mesmo intre, non só en Galicia i en Provenza, non só en Occitania, senón tamén nos reinos árabes, eran moitos os cultivadores da poesía.

Parece que a corrente trobadoresca chegounos polo camiño francés, polo camiño de Santiago e de Galicia e Portugal, se espallou cara ós outros reinos da Iberia.

Tampouco, dendes da verde eira dos nosos trobadores, nunca na historia de Galicia houbo un ampre, tan vasto, movemento poético como o de hoxe, con unha tal presenza de poetas mozos. Curiosamente, a poesía ás veces vai a contrapelo. I é ela quen suple as carencias do intre social dos pobos, e sostén o que se chama o fogo sagrado, á espera de outro intre máis propicio pra liberdade, a xusticia i a dinidade humana.

Cando Galicia está copada por forzas alleas ou non concurrentes cos nosos intereses nacionais, aparecen os poetas, ca súa capacidade de resistencia, ca súa desesperada esperanza, armados co pasado profundo do seu pobo, núos, sin máis que a palabra.

Repito pensando na gran pléiade de poetas galegos mozos de hoxe. Escollín a poesía trobadoresca como materia diste recital. Naquiles séculos XII-XIII tamén eran moitos os que cultivaban a poesía, ademais do pobo. E pode decirse que non había comarca que non dera un trobador. Iles levaron o espírito galego por León e Castela, pola Extremadura, hastra Murcia i a Andalucía. Galicia estaba de moda na Península.

Os europeos viñan a Galicia quizaves a porse en contaunto –atraguidos polo mito do Apóstolo– ca irradiación da cultura árabe, que foi quen conservou e nos devolveo a grecorromana. O mito do Apóstol era como un santo Grial neboento, que somentes chamaba. Entón na Iberia había algo, algo que pagaba a pena do camiño. O mesmo mito do camiño é islámico, de pobo trashumante. Todo esto sostén unha moderna teoría. O que é certo é que houbo un gran renacemento cultural despois dos anos de ferro da primeira idade meia.

E falando da cultura, da importancia da cultura, pensamos niste intre de presión política, ante unhas eleucióis, que política e cultura son a revolución.

Pois
 xa
 estamos na
LINGUA
 con tódolos rostros
 do noso pobo
 cada un co seu
 xeito.

Pois
 xa
 estamos na
 LINGUA
 con tódolos rostros
 do noso pobo
 cada un co seu
 xeito.

E que a política somentes é o ampre exercicio do poder. A grosería do poder como eiquí se dá, así de chata e pobre.

Son de novo tempos pra resistencia e pra poesía.

Galicia é unha permanente entrega e renuncia i ó par unha resistencia.

A resistencia que nós sostemos porque inda soñamos unha Galicia galega e sabemos que é posible unha Galicia na liña da liberación humana, da posible plenitude do home.

Así como os trobadores soñaron e tiveron, a por de soñalo, un novo xeito e plenitude do amor. Crearon o amor.

Decíalle eu a ó poeta Díaz Castro, autor do poema “Monumento á Ausencia”, fai catro ou cinco anos, nunhos versos de homenaxe:

*Anque caia o “Monumento á Ausencia”
ti quedarás como todos quedaremos
pois xa estamos na Lingua
con tódolos rostros do noso pobo
cada un co seu xeito
que se animan e volven cando falamos
como agora.*

E decíalle asimesmo a un vello labrego que ó irse deixaba casa pechada como tantos deixan:

*Tápote ca nosa Lingua para disimular tan pouco bullo
e nela quedes como quedaremos
como quedaron todos.
Xosé de Cospeto
o teu nome xa está posto a extinguir.
Chamárannos **Galicia**.*

En fin, que a lingua é a nosa unión anque nos creamos solos i a nosa única pervivencia anque nos creamos mortais.

Por algo os pobos defenden a súa identidade na forma da súa lingua, por algo non envellece o sentimento de nación.

E no caos da Historia, no que ás veces todo se derrumba en pouco tempo, aínda os imperios máis poderosos i as ideoloxías máis estendidas e razonadas.

Ó cabo, desengañados de todo, os homes sempre se quedan ca súa nación. Co seu pasado profundo, pra non perderse dafeito, e sentir a única permanencia certa.

Que conste que non pensaba pórme tan serio. Pero o **sagrado**, se se toca, xa se sabe.

En concordancia con esto, o meu libro máis coñecido i o primeiro, Os Eidos, escrito cando descubro que a miña fala da infancia é a miña lingua, busca en tódalas cousas da serra. Unha antiga presenza, e atópase a Galicia que nos fixo a todos atoparnos ca terra e ca lingua que xa sabía da terra, aprendida século a século. Muitas veces eu cáseque só transcribía. Era como un tesouro soterrado, encontrado... Era a riqueza que todos levamos, o herdo que ninguén nos pode quitar ou que ninguén debe deixarse quitar.

A súa máxima riqueza, o herdo común, a herencia común. A de cada un e a de todos, por eso volven os pobos: por un sentido de pertenza, demasiado profundo pra ser esquecido.

20.– Pregón da Festa da Ostra. 12-4-1992

(Arcade)

Poucos escenarios naturais de Galicia máis cargados de historia e de lenda que este arco final da **Ría de Vigo**:

Soutomaio de don Pero Álvarez, “Pero Madruga”. Ponte Sampaio e Rande dos galeóns, da batalla contra dos franceses, afundidos. Fitos tan vivos que

inda hoxe algúns daqueles homes se erguen e cruzan o noso maxín facendo soñar claramente os seus pasos, como diría Cunqueiro.

Son **lendas con nome inda sonando a perto** que só a brétema no serán dissolve nun **Eduard Munch** de fins do mundo, pra que logo, ó erguerse, o sol a limpe pra darnos mañás coma esta en que toda cousa ten o seu límite e perfil neto, pra que todos estemos certos da súa presenza e teñamos a seguridade da nosa existencia e de todo o real e de todo o posible que ha de vir e virá, que pra eso o temos soñado longo, e xa fora soñado denantes. Soñamos, e inda somos capaces de facer unha festa como esta, nesta belida, doce ribeira que nos fai repetir do trovador:

“e sabor hei da ribeira...”

Ribeiras como esta que convidan a vivir a toda luz, a toda mocidade, coma cando amor se estrena na moza que bailaba, e inda baila, na cantiga de Martín Códax, no adro de calquera das ermidas que se amosan de alto a ver o mar. Quizaves nunca así se cantou corpo-de-moza-namorada-que-o-primeiro-amor-move:

Eno sagrado en Vigo
beilaba corpo belido
Amor hei.

En Vigo eno sagrado
beilaba corpo delgado
Amor hei.

Beilaba corpo belido
que nunca houbera amigo
Amor hei

Beilaba corpo delgado
que nunca houbera amado
Amor hei

Que nunca houbera amigo

senon no sagrado en Vigo

Amor hei

Que nunca houbere amado

senon en Vigo no sagrado

Amor hei

É a mais fermosa cantiga dunha danza de amor que nunca compuxo poeta como o trobador do **Mar de Vigo**. E eu maxínome nesta mañá **de sol** á raia do mediodía as caras, corpos e voces que a cantaron en toda Galicia, Castela e Portugal cando se conquir Sevilla “sendo de mouros” e alá foi o poeta almirante don Paio Gómez levando todo o brío que Galicia dá, deu, dá ós seus mozos:

“As frores do meu amigo

briosas van no navío.

As frores do meu amado

briosas van eno barco

e vanse as frores

daquí ben con meus amores

idas son as frores

daquí ben con meus amores.”

Funme por iste lado e trouguen esto a conto de decir, de canta alegría son capaces homes e mulleres de esta terra: de tanta, polo menos, como son capaces do maior dolor na partida, séculos de emigrantes que inda se están indo...

Falo do pasado, do fondo do pasado que esta terra nomeada convoca. Pasado ás veces orgulloso como cantaban as mesnadas guerreiras do seu señor do que inda quedan nome e castelo eiquí en de lado:

“Viva la palma, viva la flor

viva don Pero Madruga de Soutomaioir”

O máis astuto, arteiro, de longa correa e incansable home de armas de toda a Edade Media, o que rendiu máis castelos cas súas solas mesnadas. Isto fainos pensar que Galicia sempre tivo grandes **caudillos** de causas erradas. Que gran campeón se houbese noble causa!

Tres nomes e fitos **nombrados** nos contemplan: Soutomaior de Pero Madruga, de don Pedro Álvarez, Ponte-Sampaio, a da batalla contra dos gabachos, e Rande, dos galeós afundidos.

Anque nono pareza, cando os homes loitan a morte, sempre loitan ou creon, din, loitar pola Liberdade. Dígome pra disimular a pasión guerreira.

Tres nomes e fitos do pasado, tres fitos de guerra. Non por boa se recorda a guerra. E sin embargo non se lembra a fundición i a fábrica de carburos de Arcade, das que nos foi tanto ben.

Volvemos ó mesmo, volta tras volta, como volve o pasado. Falamos sempre do pasado. Cara el penduran as nosas raíces como penduran os fíos das bateas e del se alimentan. Del, e da Terra-Augua.

Pasado e terra somos e por nós pasa pasado, terra e auga como por entre as balbas dunha ostra.

Decía un poeta inglés: **un gran caudal mana cara nós do límite celeste...**

I eu diría que un gran caudal mana cara nós de todo o pasado, de tódolos soños e feitos, traballos e cantos e contos e lendas, de tódolos homes e mulleres que foron e tamén da terra pródiga que a todos mantén, dendes o home á ostra que aproveita até o último lodo i o devolve en manxar.

Da terra i-o pasado vimos e non hai herencia millor.

A ese fondo de pasado e humus de pasado, da terra esfaragullada, penduramos.

Non esquezamos nin estraguemos ise fondo no que o home se plantou: terra e memoria. Non hai máis en que un se afingue, nin certeza que aguante máis palabra. **Terra e Lingua.**

No vasto mar das lendas e das vellas palabras o máis sabio, claro e prudente poeta puxo as ostras, o rombo i o mero encabezando unha lista de escolleitos manxares:

“Non me deleitaron mais nin as ostras de Lucrina
nin o rombo nin o mero
se unha tempestade de Inverno botase algún
a este mar dende Levante
nin a ave africana nin o francolín de Ionia
me saberán mellor ó chegarme o estómago”.

Era un poeta latino que apenas saíra de Italia pra ir a Grecia. E que cando fixo a súa máis aventurada viaxe, se en vez de coller para Oriente houbera vido e cruzado as columnas de Hércules e chegado á súa Torre, onde xa alumaba o faro dos Ártabros, e se houbese parado denantes nun gran porto defendido por tres illas e se metese ría adentro até chegar eiquí, a bon seguro, en vez de loubar **as ostras de Lucrina**, loubara as ostras de Arcade. Falo de Quinto Horacio, amigo de Cesar, de Mecenas e meu.

21.– Recital no Instituto de Montevalto. 6-5-1992

(As Letras Galegas. A Coruña)

Quizaves no futuro, se é que hai futuro, cando Galicia no futuro sea un país no futuro normalizado, no futuro, como os outros, no futuro.

Se falará desta época **de cando se celebraban as “Letras Galegas”** e os poetas i os escritores viñan ós Institutos, como eu veño hoxe, axudar ós profesores a soste a lingua. Pois que sería do libro galego, de textos galegos, sin a incitación á lectura dos profesores de ensino medio?

Según no pasado preautonómico, eran os poetas i os escritores en lingua galega os que sostiñan a tensión da lingua, a loita pola lingua, para responsabilizar dela ás mocidades, agora son os profesores (algús profesores...) os que levan esa loita, e nós vimos simplemente axudalos na súa vasta mobilización a prol da lingua propia.

E na mitificación da nosa literatura.

E preguntámonos, por que esta pequena mitificación? Pero mitificación...

Como nada do que pasa é gratuíto, a mitificación de poesía e da creación literaria galega, dos poetas i escritores en galego, é porque eles foron os pioneiros da conciencia i a identidade de Galicia, os defensores da lingua propia do país, os que primeiro volveron a usala na escrita, por ser a máis clara seña de identidade, o máis incontestable argumento de nacionalidade.

E que como a lingua foi por séculos sólo falada, poderíamos decir: a patria é a fala.

É o que temos en común, o que nos liga, o que nos religa, se é que inda existen estas cousas, entre o zumbido do furor consumista, que nos devolve ó fato innominado. A ampre comunión biolóxica, a depredación, fomentada, dos recursos do planeta.

Eiquí estamos celebrando as letras da nosa lingua, da nosa diferenca, o verbo orixinario depositario da memoria común, gardador da nosa inmortalidade, da única pervivencia máis alá da memoria personalizada, a relixión inevitable. Pois sólo somos pasado i a lingua é a memoria do pasado común. Por eso se dice que a lingua propia vale pra algo máis que pra comunicarnos. Vale pra unirnos, unirnos e gardarnos.

22.– Centenario do Instituto de Lugo. 14-5-1992

(Círculo das Artes)

Pra min o Instituto de Lugo era aquel que estaba na á esquerda da Diputación, entrando por san Marcos, cos pasillos interiores de galería en arcos, donde agora está a Biblioteca Provincial.

A el eu sólo viña examíname dendes do Courel, e logo dende as academias luguesas. Sin embargo, recordo ben a algús dos meus profesores.

Recordo ó profesor de Historia, don Primitivo Sanjurjo, e a don Froilán.

Don Primitivo, o profesor de Historia, aínda no breve tempo dun examen oral, dábachelle unha lección. Notábaselle que revivía e soñaba a Historia. A min unha vez faloume de Benedicto XIII, o papa Luna. Xa non recordo o que me dixo, mais si canto, sen decilo, admiraba ó personaxe que non soupo ceder ó vento dominante. Eu entóns inda non escribía, nin sabía que don Primitivo era poeta. Poeta modernista en castellano, autor do libro *Las mesetas ideales* e do poema “Cólquida”, publicado no nº 4 da Revista Neosófica *La Centuria* que se facía en Ourense.

Recordo a súa estampa, sentado polas tardes, solo, escribindo nunha mesa do “Íbor”, á dereita, onde agora está o mostrador do “Madrid”.

E tamén eiquí, no Círculo das Artes, solo, nunha mesa rodeado de mapas, precisando e discutindo con alguén que pronunciaba unha conferencia sobre Astroloxía.

Tiña un aire de sabio de caoba [*nota bene*: o manuscrito é claro: ‘kaoba’, pero incorrecto], e como vido dunha pirámide de Exiuto. Algo fascinante, e que nel era natural. Lovecraf tamén o encontraría normal nise seu **outro espacio**.

Tamén don Froilán, o profesor de Latín, tan de crer, emanaba un prestixio. Sabiduría, tensión e distancia. A don Froilán seguino vendo, e parábame con el uns intres na rúa cando se foi pra Madrid. Supoño que a súa afabilidade comigo, rompendo aquela adusteza e distancia, era pura nostalxia, pura nostalxia de Lugo, que sempre foi cidade que penetrou ós foráneos que a viviron suficiente, como pra que se lles asentase e fixase ise seu pouso antigo.

A don Lázaro, o de Literatura, e don Luciano Penedo, o de Matemáticas, eiquí presente, trateinos logo na peña do “Méndez”, suprimida xa a distancia profesor alumno, en parte.

De outros dos profesores do noso Instituto, non me quedou tan feita a imaxen; quizaves a de don Delio, o Director, e a de don Luis Varela, o Señor Secretario, arriba, nas oficinas do primeiro piso, ca súa paz e amabilidade verdadeira. E todo eso mesturado á color ocre esveada da pintura da galería do patio interior, depósito de pó, dos anos 40, que xa viña de antes.

Pero dos que máis me acordo é dos estudantes do meu tempo. Recórdoos da rúa. Algús semella que seguiran tendo sempre a súa cara de entónces.

Non cambearon máis do que cambeou a cidade.

Pra vós, i en memoria de todos eles, como eran naquíl tempo, leo istes poemas eiquí, nesta cidade, onde un día, nunha pensión desta mesma rúa, escribín os primeiros versos, fronte por fronte do reló do Consistorio, que daba as horas da primeira post-guerra.

23.– Recital de Betanzos. 15-5-1992

Bouza Brei e os seus contemporáneos

Esta mañá, pensaba eu, ó darlle a última lectura á poesía de Fermín Bouza Brei, canto esforzo tiveron que facer os nosos devanceiros, como iles moitos gustaban de decir, os nosos antepasados progalegos, para despertar en nós un movemento de cara á toma de conciencia i á responsabilidade i á tarefa de Galicia, para propiciar en nós o ensoño de Galicia, que a pesar de todo inda levamos.

Pois ben sabían eles que sin ensoño de Galicia, non hai búsqueda de conciencia. E sin conciencia non hai responsabilidade. E sin sentido da responsabilidade non hai tarefa de Galicia.

Esta vontade de crear ensoño venlle a Bouza Brei como a tantos do alento, do estilo reivindicativo, do acento e a postura enlevada de don Eduardo Pondal, o chamado bardo bergantiñán. I é unha das notas mais acusadas da súa obra poética.

Según Pondal, se inventaba pra nós un pasado mítico fabuloso fincándose ás veces nos mesmos nomes da toponimia bergantiñán.

Bouza Brei e os seus contemporáneos investigan xa dun xeito planificado e atento o noso pasado monumental. E siguen tamén o rastro dese pasado a través dunha mirada especulativa sobre dos restos dil que quedan na lingua, na “fala”.

Pero o acento enlevado i enfático que chega incluso ate nós, dúas xeneracións máis novos, ise acento inda é moi patente na obra de Bouza e dos seus contemporáneos. Ise acento e ise arrebatado nacional. Bouza non se vai ó posible pasado celta milenario. Bouza retrocede simplemente á era trovadoresca. A ese verdor.

E dil colle algunhas formas e ritmos exteriores. Pois curiosamente Bouza non é nin achegadamente trovadoresco. O trovadorismo é mais ben aparente, e non é sequer extenso en canto ó número de textos poéticos seus. Máis profunda é a súa incursión no popular, tanto na lingua como nas costumes.

Tamén é visible na poesía de Bouza a influencia de Amado Carballo, o chamado “hiloísmo”. E logo a de Teixeira de Pascoas i a de certos portugueses sen influencia ben asumida.

De todos xeitos, quizaves polo seu bagaxe de estudio arqueolóxico, acentúa certo ancestralismo e pasado residual, pero todo isto está atemado por unha gran sensorialidade e vitalidade incluso vizosidade.

Por riba de todo il ten un forte ensoño e un esquema de galeguidade que nos transmite. E un algo como de Galicia san. Que está tamén nela, e que é de imaxen popular. Algo de Galicia vran. Algo desa plenitude de vao-vido. Esa plenitude da terra que agora está a chegar.

Todas estas cousas son positivas de cara á recuperación do alento de Galicia. Dunha Galicia san posible e certa, da Galicia que agardamos si os seus enemigos, que os hai, non poden con nós e con ela. Anque Galicia resistiu ben e posiblemente aínda resistirá un tempo.

24.- Televisión. Programas da Lingua. Maio 1992

- *Dicídesme se se pode falar de costumbrismo na miña poesía ou este é unicamente un elemento paisaxístico?*

É curioso que me fagades semellante pregunta despois da lectura, por vós escolleita, dise poema do Vrao, ou mellor dito, dise intre-poema, xa que o que é un poema son Os eidos. A estes tres versos dedicoulles, fai trinta e cinco anos, Isidoro Millán González-Pardo un artigo enteiro, no ano 1957. O seu gran coñecemento do mundo clásico e do mundo do eterno galego, permitiulle agotar toda a esencia campesiña que encerran esas poucas palabras.

Viu como o primeiro verso: **“Veo o tempo craro do Vrao: as festas i os traballos”** expresa, danos de golpe, toda a esencia campesiña do Vrao e trainos á mente os *Traballos i os días* de Hesíodo, por asociación inmediata.

No segundo verso, a gran sensibilidade e coñecemento de Isidoro Millán viu algo que se me colou no poema, sin eu propormo:

“Veu a lúa das segas i a gadaña dos prados”. Percibiu nun solo verso o ritmo binario do ir e vir da gadaña. Hai que ter visto gadañar cos ollos ben abertos e non só cos ollos, senón todo o ser en **estado de aberto** e atento á música dese traballo belísimo pra percibir ise ritmo, e velo no verso suxerido.

E no terceiro verso:

“os gavielleiros, as medas i o troupelear dos mallos.”

Desencadéanse con outro ritmo, xa velocísimas, as outras imaxes do Vrao ca súa patente presenza, mesturada ca música golpeante, troupeleante, das mallas de antano e un non sei que, de tempo longo, que a contrasta.

Entre a lectura que fai o profesor Millán i a que Vdes. fain ó calificaren esta poesía, evidentemente esencial, de **costumbrista**, hai tal diferenza de amor, de sabiduría e respecto que non merece a pena responder á pregunta. Chamarlle a eso **costumbrismo!**... Donde ven vostedes rizar o

rizo da gracia / “gracejo” / popular en tan directas i elementales palabras, tan grávidas de pasado, con varios miles de anos de civilización agraria occidental enriba. Chámanlle, vostedes, a eso costumbrismo? Digo vos-
tedes, polos responsables do programa, pois é evidente que non fuche,
ti, rapaza, quen pretendeu facerme cargar a min e *Os Eidos* co sambenito
de **costumbrismo**. Nen siquera co de **paisaxismo** ou paisaxístico. Xa
que mellor se pode falar de poesía da Terra que da Paisaxe. É a Terra
nutricia herdada ca súa cultura e Lingua, ámeto de existencia e non só
de contemplación.

- *Preguntádesme en que defire o meu socialrealismo
do dos meus contemporáneos?*

Diferénciase en que eu non **fago** socialrealismo. Non escribo sistemá-
tica, repetida, incansablemente da pretendida **realidá social**. Eu calo e
logo exploto canto non podo máis. Isto nótase na punta de intensidade,
na tensión do texto. E tamén na súa desnudeza, desliteraturización e
inevitabilidade. Eu sigo inda a escribir algún quiloutro poema deste tipo
cando se me inchan as nefres polos excesos, desdeixe e engaño do poder,
político ou económico, ou calquer poder, hasta do poder lingüístico, do
que Vds. saben, mentras que os socialrealistas deixaron o asunto, porque
cren que xa non se leva. Se a hai, esa será a diferenza. É unha cuestión de
sinceridade e autenticidade. De non buscar o canto esperado. A temática
social-realista está aí, pois por ela pasa, e pasará, a vida dos homes. E todo
é suficiente motivo de canto se está no Mundo e na Vida. O pobo sábeo
ben. E a poesía popular en ningún intre abandonou ises temas.

- *Preguntádesme tamén se se lle pode cantar a unha terra nunha fala extraña?
O galego do Courel, reflectido nos seus poemas, ten bos tradutores?*

Un verdadeiro poeta pode cantar unha Terra nunha lingua que nunca
nesa Terra se teña falado. Claro que nunca será un canto esencial como
son *Os Eidos*, nos que se confunde Canto e Terra. En que parece que xa
a mesma Natureza é Forma. E as palabras convocan **o que nombran**
con tal fondo de memoria, con tal forza de amor e coñecemento íntimo,
que cáseque comparece, que case se aparece de entre os versos do libro,
ás veces.

O Courel pódese quizaves cantar en inglés, que é unha lingua na que se cantou moi ben a Naturaleza Terra. Aí están os poetas *lakistas* e os outros románticos das illas. O que si, de seguro non se pode cantar, é no Galego Normativizado do Instituto da Lingua, nin no Galego Reintegrado, alongado do pobo, manipulado nas cátedras e nas aulas, que perdeu todo acento noso conocido, toda liberdade e inocencia, toda porosidade co mundo donde vén. Non é extraño que os galegofalantes de infancia estén en desvantaxa cos outros e inda cos extranxeiros á hora de deprender **eso**. Iste dato reconecido debía facer reflexionar ós responsables. É demasiada pedantería querer suplantar ó pobo, ó pueblo, e ó Tempo. A santa liberdade dos falantes non debe converterse, anque fora ca millor intención, nun rigor atado na escrita.

Nun poema de maldecir, pois ese comportamento coa Lingua a min faime maldecir, eu maxínome así ó normativizador oficial: “roendo os cotos das aas pra que as palabras se axusten á lei e norma previa. Semella que nunca estiveran nunha frase de amor. Semella que nunca foran ditas por unhos labios”.

E pra colmo, aínda, o descaro de pretender impoñelo na literatura de creación, onde supostamente a Lingua sigue, como na fala, o seu proceso de creación. O galego normativizado impónse en concursos de novela e de poesía. Chégase a este descaro.

Koldo Izagirre, poeta vasco que o traduciu ó euskera, dicen que fixo unha boa tradución. Dos galegos ou castelás ninguén me interesou ou se astreveu cos *Eidos*, que é de mui difícil tradución a pesar da súa aparencia sencilla.

25.– Homenaxe a Lueiro. Vigo. Maio 1993

Non tratei –quizaves por distancia xeográfica– non tratei a Lueiro longamente mais si o suficiente pra notar nel esa **irmandade no soño do Futuro**, un soño máis ou menos vago e **un nivel próximo de concencia** e sobre todo **unha intuición**, cáseque unha sensación por ser unha intuición colectiva. **Unha sensación de inminencia dun cámbio profundo, o que se dice un**

cámbeo revolucionario. En fin, aquilo que nun tempo nos uniu a tantos, tan diversos. Aquela sensación de inminencia dun futuro, dun **horizonte outro, como patria dun soño posible**, o que foi o que caracterizou ás varias xeneracións resistentes da post-guerra.

Caracterizámonos por eso, por unha forte sintonía na emoción, pola inminencia do cámbio máis que por un análise, por unha proximidade no análise da realidade e na anuencia a un programa futuro.

E foi unha sensación tan forte, un tan contino ventar i estar atento a esa inminencia, que se nos pasaron **as sete mocedades** e mesmo se nos pasou a madurez, como se fora mocidade, e **sólo nos descubrimos canos** cando, producido o traspaso de poder na chamada “**democracia**”, nos atopamos con que o novo orden non recollía nin recordaba **aquél soño profundo** que, pouco a pouco, iba quedándose en frustración e desencanto e volvía agora lexitimado polas urnas, o xa coñecido **descaro do poder**, un clima como aquel do que se queixaba o poeta, o máis grande dos poetas dramáticos, trágicos:

“Quen soportaría a ironía do século
o poder dos tiráns
o amor esquecido
o desprecio dos despreciábeis?”

En fin, a frustración dun soño ampre e longamente vivido. Ise sono é o que homenaxeamos hoxe na memoria de Manuel Lueiro Rei, certos de que un día será realidade, pois tódolos soños certos, tódolos soños posibles, volven xeneración tras xeneración até comprirse, como todo soño universal e intemporal, o soño da xusticia e da dinidade humana e inda o soño da igualdade posible.

26.- *Recital de Escairón – Saviñao. 17-12-1993*

Xa poucas rotas quedan en Galicia que ó cruzalas non señan unha complicación da desfeita.

Por eso sempre que cruzo de Lemos a Compostela ou de Compostela a Lemos, coma hoxe, é coma se, máis que por terras agredidas polo desenrolo, viaxara pola primeira imaxe de Galicia, a pesar da gran millora viaria. A presenza suficiente do pasado nas terras que cruzamos, danos unha sensación de permanencia e de terra íntima que recoñecemos e nos recoñece e acolle, como os vellos amigos tras longa ausencia, devolvéndonos o calor da patria, que non sempre se ten, inda que non saíamos da súa xeografía, poilo home sempre ten algo de extraterrado, de exilado, e por eso estima tanto o calor do coñecido, do non cambeado.

Desexaría facer este camiño pola Galicia interior, fai un mes, xusto no medio do Outono, pero inda agora a terra ten color:

“Soutos sin folla! Cerdeiras roxas e bidueiros marelos!” Días breves nos que un está sempre nunha cousa. “As cousas verdes fóronse pondo marelas e roxas, as cousas roxas pardean cas choivas. O vento solo no souto do outo outono...”. De todos xeitos, veño de Compostela pro Courel e camiño cara a infancia que sempre está ó fondo de todos nós.

Ate os mesmos rapaces novos teñen suficiente idade pra memoria i a nostalxia ó ir separándose dos seus pais por lei de vida e ligándose cada vez máis cos da súa xeneración porque con eles van proseguir, perdendo algo a súa condición de nenos, de totalmente amparados.

Sólo as primeiras miradas –a mirada da infancia– aprende directamente e atopa a terra con toda a súa riqueza. Quizaves por tratarse dunha mirada sin medo, e anque con soño, sin proxecto límite, nin maior obriga.

A terra é moi rica pra quen-a véi sin medo, urxencia ou desamparo, que sólo pode ser un neno, alguén que garde todo o poder de apertura e inocencia non ilusa.

Aíquí situámonos xusto no punto de partida da miña traxectoria poética: na recuperación desas primeiras, da primeira mirada da Infancia.

Unha autónoma mirada sobre a terra non influída maiormente pola educación nin polos medios de comunicación de masas, coma hoxe, que ocupan e interrompen todo ate os mesmos campos, ríos e serras que xa non vemos, pois foron substituídos por un mundo ficticio, pola actualidade, a presenza no discurso oficial que oculta e tapa o ámeto real da terra, **como unha nube tóxica** de información permanente.

Quizaves a postura, o posicionamento basal, da miña poesía da terra fose a capacidade de entregarme total i exclusivamente a ela, a algo do que non me podía caber desconfianza, como era a terra do Courel que tiña diante, e que era a terra aprendida na infancia e cos mesmos nomes i o idioma —o dialecto da infancia—.

En plena primeira mocidade, quizaves por atoparme coutado por unha longa afección bronquial, collida nos cuarteis durante o servizo militar, e por estar xa collido pola pasión poética en alto grado, a un límite superior a como se sente unha vocación. Quizaves por eso, digo, poden eu darme á Terra, darlle amor e voz en tal medida, exclusividade e plenitude.

Pois en plena mocidade, se non fora así, a miña vitalidade e pasión de futuro houbéranme levado ás cidades, concretamente a Madrid. E pudera ler calquer cousa, pois entón era, un, pleno de posibilidades, mais non podería ser o autor de *Os Eidos*. Eso débollo a unha infancia nunha terra plena e cunha lingua plena non fixada, un idioma elaborado por xeneracións e xeneracións de labregos, capaz de dicir ou de suxerir o que a terra é. Pra logralo houbo que operar co silencio e co suposto non dito.

Recibín en herdo sucesivo de esas innúmeras xeneracións que dende o neolítico viviron en casas, pero a ras de herba, o sentido das comunións coas cousas. Quizaves reactivado polas lecturas de Rilke e dos poetas orientais, feitas de estudante na Biblioteca Nacional de Madrid.

O mesmo que tódolos campesinos reciben e calan como legado común e conciencia elemental, todo o que basa e diga, eso que se chama identidade: o que se dá por dito porque xa está nos nomes das cousas e dos seres. Pero agora, posto en tono e sucesión de canto, sin desimular a súa pura elementalidade e aroma de presenza viva.

Siguen os poemas de *Os Eidos. Libro do Courel*.

27.– Prós estudantes do Instituto Xelmírez de Compostela que van ir ó Courel de visita. 30-10-1994

(Alto outono)

Veño falarvos e decirvos algús poemas do libro de *Os Eidos* e a que me preguntedes algo que eu sepa, ou saiba, do Courel, pois inda os poetas, que son os que máis atenden á totalidade, sólo repara en certas cousas do que supón a diversidade total da presenza.

Vádesvos ó Courel a ver o Courel: a tocalo. Hai que ter cuidado ó **tocar certas cousas** en certas terras supostamente cargadas de misterio ou de prestixio antigo. Non esquecer aquel poema de Rainer Maria Rilke sobre as augas:

“Vosoutros tocádelas
e elas tórnanse inmovres e mudas.
Asesiñádesme tódalas cousas.”

Así pois, velo Courel mais non tocalo. Non manosealo. Velo en silencio e a ser posible solos, separados de un en un. Falade coas xentes. Nonos fotografídes nin lles mireis como a aboríxenes. **Pensade que íles son os últimos portadores vivos da nosa memoria profunda, da memoria profunda de Galicia**, da civilización labrega tradicional de Europa, durante a cual se formaron e conformaron as súas Linguas i entre elas a nosa. O depósito depurado da memoria antiga. Por eso a Lingua propia é tan sagrada, porque garda a memoria dos antepasados de xeneraciós e xeneraciós, cuio único rastro queda na superficie da terra e mais na Lingua e nos modos e costumes, nos nomes dos sitios. Preguntádelles, donde estedes, polo toponímico do lugar que pisades e falade sobre todo cos pastores, cos labregos pastores, dobregados sobre da aguillada, grávidos do seu mundo. Ise mundo que pode desaparecer porque os seus fillos, os rapaces de hoxe, xa non escoitan ós pais como antes se lles escoitaba e pode cesar a transmisión oral profunda da cultura autóctona.

Escoitar e ver con respecto pra que todo se abria sin querelo: pensade que sodes os peregrinos modernos que vades buscar algo, que vades buscar, intimamente, algo e que sólo, con certo rito de intimidade, se vos vai dar.

Sodes os representantes dunha nova forma de peregrinación que eu chamaría **peregrinar pola Lingua**, que quere decir porse en conta coa **Fala** de cada lugar. Coa normativización do galego, moitos falan como se escribe i eso é empobrecedor. Hai que falar como se fala. Como falan os que falan. Estade atentos a como fala a xente. Veredes qué **riqueza de xiros e de tonos de voz sinificativos**. Non sólo os alumnos, senón os mesmos profesores, deben aprender dises portadores profundos da memoria pousada na Lingua, polo menos os que non seían galego-falantes de infancia nun medio popular.

Pelegrinar pola Lingua, pra afacerse a ela, pra recuperala deixando que nos recupere con todo o seu rexistro sonoro, de vivos ou amansados ritmos. Por algo á Lingua os antigos galeguistas lle chamaban **a Fala**. Oír falar a un falante galego que fale sin proporse facelo, que fale como se respira, é como escoitar musica. Ós que vos gusta escoitar música, gostaravos oír falar así e verédesvos reforzados na vosa Lingua, sabendo algo máis de donde vides, anque collades un solo matiz ou dous ou tres ou o simple aroma dise pleno falar, dos que cren que non saben facelo correutamente.

Esa si, será unha pelerinaxe proveitosa, achegarse a ese fondo común do que vimos todos e non tocalo, senón sentirse tocado por il. Deixarse invadir suavemente pola **Galicia profunda**. Non sei quen decía que a pobreza é un aroma. Olelo é saber que a pobreza non é a miseria.

Salir reforzado con esa certeza de ser, de vir dun pasado **rico de signos** e de ritmos da terra e da historia, e co tempo collido nas palabras da nosa lingua. Da lingua propia. Decíame unha vez a miña compañeira, que non foi galego-falante de infancia, que o galego é incluso a Lingua propia dos galegos que non o falan, a lingua que os ten e na que están.

Ogallá teñades e sintades e fagades vós tamén ise descubrimento e que vos encontredes, encontrándoo.

[A renglón seguido deixándose ir dun poema noutro como se move a mirada sin prisa, direivos algo de *Os Eidos* e logo vos preguntaredes].

28.– Palabras pra ler en Montevideo no Día da Poesía Galega en América. 28-12-1994

Queridos amigos, amigas, galegos de Montevideo que hoxe vos xuntades aí.

Quero saludarvos a tódolos que participades neste homenaxe ós poetas galegos que este ano se personaliza en mín e quero facelo como se estivese aí convosco. Pois algo de esto é o estilo da miña poesía, é unha traslación á escrita da presenza física, directa, e da mesma propia voz.

Aínda que tamén poda lerse, a miña poesía é cáseque inseparable da miña voz e do meu xeito de decir. Por eso sentín tanto non estar neste día con vós pra facer entre todos o **rito de Galicia** e facer que, a través da palabra e da escoita, fose coma se se fixese presente todo e cada cousa do noso país, do país da infancia, e comulguemos como comulgan os que cantan xuntos, os que teñen a mesma referencia ou unha referencia semellante, unidos pola mesma Lingua.

Fai pouco escribía eu na presentación dun poeta galego: “Despois da morte dos deuses, o home xa non se pode permitir perder nada do que foi”. Quezais esta seña a causa da reactivación do sentimento nacional en todo o mundo e o enfrentamento ós vellos imperialismos arrasadores de linguas e culturas autóctonas.

Todo o que foi un pobo sólo pode caber e resumirse na Lingua. Nela quedaron como fixados, esburados, grabados a buril, tódolos rostros dise pobo que se animan e volven cando alguén o fala con mediada plenitude e acento.

Así coa escrita de calquera dos nosos poetas verdadeiros ou coa fala de calquera de nós, poden resucitar tódolos galegos que foron e quedaron eiquí ou quedaron lonxe. I é **nesa pura sensación de unidade**, na que eu hoxe me achego a vós, galegos do Uruguay, e vos encontro, **parte – patria miña**, no outro hemisferio.

A todos un día por igual, chamárannos **Galicia** xa sin máis nome.

Un abrazo

29.– *Palabras pra decir en Vilafranca. 21-8-1994*

(Clausura das Xornadas de Cultura Galega do Bierzo. Teatro Villafranquino)

Onte sentín por primeira vez o **agosto** no ano diste ano. Sentín o **alto Vrao** da Galicia Interior. Algo que só eiquí se pode sentir. Algo que se sente só ás veces e que sendo físico, non é sólo físico, pois está cargado do ser dos que, no pasado longo, sentiron o mesmo: sentiron o clima como patria, sentiron a patria como clima, sentiron a pertenza a algo común, a unha terra, a un ámeto natural e íntimo, a unha Lingua habitual, a unha Fala. E todo esto nunha sensación, nunha impresión única: a impresión do propio país, da propia extensa comarca e de todo o que nela e dendes dela se vía e sonaba antes, cando os modernos medios de comunicación aínda non taparan o que constitúe a realidade e a mítica, xuntas, da propia terra.

Parece que o home actual a pór de desarraigado –a lei económica impón o desarraigo, a emigración de todo tipo– xa seña escuramente, sentimentalmente, xa conscentemente, clamea pola propia terra orixinaria, pola propia Lingua, polo pobo de nacemento. E aí están as grandes migracións estivais, o retorno dos emigrantes que de Europa baixan cara o Sur ou cara as zonas menos desenvolvidas. É a chamada da propia nación: esa cuxos límites ás veces se teimou esquecer ou borrar con caprichosas divisións administrativas coma no caso de eiquí.

É palpable en todo o Mundo a volta da pasión e da concencia nacional das vellas etnias. E toda represión desta pasión ou concencia nacional por parte dos estados plurinacionais provoca violencia a curto ou longo prazo. Son os estados plurinacionais, ca súa teima na unidade lingüística e na uniformidade, os responsábeis do nacionalismo radical cuxos Gobernos centrais logo tanto critican. Mai-la reivindicación nacional dos pobos é unha corrente imparable, pois canto máis se achega á uniformización universal, empuxada pola información a escala mundial e polas migracións, eles máis se resisten a perder a súa identidade.

Esta reivindicación da propia nación /xa no século XVIII o Padre Sarmiento, natural de eiquí, de Vilafranca, se autonombraba **galego de nación**/, da propia lingua-Fala e da propia cultura, fai que nazan por todos lados donde ela está máis en perigo organizacións ou asociacións como esta da ESCOLA

DE GAITAS DE VILAFRANCA DO BIERZO que non atentan contra nada, que sólo fain reivindicar o propio, mostrando niste caso a evidencia de que existe un Bierzo Galego.

A chamada **franja do Galego Oriental** do Leste de Lugo e Ourense e do Oeste de Asturias e León, prolongada disque até máis alá da provincia de Zamora, non é unha entelequia, é unha marca lingüística, unha pervivencia forte, anque con peculiaridades, dunha Lingua común. É algo que todos saben e repiten. Non é o invento de ningunha faución. Non é inventado o problema do Bierzo Galego.

O Bierzo Galego! Os últimos montes e a última chaira de Galicia atravesados polo Camiño de Santiago...

*Pasadas tódalas Francias
por Ocitania ou Gascuña
ou de París a Iruña
xa diluidas distancias...*

Cando eu era mozo eiquí en de lado, na Terra do Courel, na Serra do Courel, miraba sempre cara o Leste, cara Vilafranca, e vía os tesos marelos do sol-por pola Boca do Couto:

*Montes do Leste
ó sol que esvece...*

ou cando se toldaba o ceo pra chuvia:

*Nebras de verlo de ovella
cardiadas brancas e mestas!
Ollándoas altas traspor
riba das taras marelas
un soña nas lonxas terras...*

E dendes da Campa da Luzenza vía as terras de cara Oencia i o Bierzo:

*Carqueixas uces e penas!
Camiños da serra aberta
pra lonxes terras de serras!*

• • •

*Terras altas e craras
da Lucenza
onde se ollan cerca
as serras lonxanas!*

E cara Vilafranca soñaba o Mundo i o Futuro:

*Vai polo monte o camiño
outeando coma un louco
polos caborcos do val
i as poxas do taramouco.*

*Cruza solo a serra toda
sin levar outra compañía
que a gran presenza do ceo
sobre o silencio da braña.*

*Eu non sei pra onde vai
mentre-lo quedo mirando.
Sólo sei que eilí se compre
o soño que estou soñando...*

Eu non sei porque soñaba sempre cara o Leste. Quizaves cara o prestixio do Mundo Antigo. Non sei por que. Quizaves atraguido pola pura forma da serra ou pola chamada aínda dun engado romántico que non acaba de rematar...

Regresando ó concreto da situación xeográfica e do tempo histórico, cando nos anos anteriores ós corenta do Courel se tiña que saír a unha vila grande, estaban a mesma distancia Sarria, Quiroga, O Barco de Valdiorres e Vilafranca. Pra eiquí viñan os arrieiros ó viño i os vendedores de cabalos. Era pois vila habitual da que se contaban cousas. E na miña mente de neno estaba pousada nunha distancia íntima, realizable. Quero dicir que estaba neso que chamamos a **redonda**. Era **terra de un** que logo se distanciou ó dirixírense as vías de comunicación pra outro lado, ó deixarse o cabalo. Por eso comenzou a cobrar irrealidade e purificarse na memoria e cargarse de prestixio antigo. Pero sin que caíse nunca fóra do seu tempo, nin fóra de Galicia.

Logo, como unha superposición de tipo ideolóxico e dato oficial, soupen que senón na Galicia administrativa, Vilafranca era Lingua de Galicia, a que falaron os homes que a construíron. Os mesmos que fixeron a Lingua que nos fixo e na que, logo, quedaremos cando se esqueza o noso nome i o noso rostro.

Levo con gran orgullo e con gran teima o ser poeta desta **Fala Galega Oriental** de labradores que garda o xeito, a forma das terras do Leste onde hoxe Galicia acaba en soave transcurso.

O meu soño cara o Universo-Mundo e cara o Futuro soñeino, repito, mirando cara o Leste coma na lenda fundacional desta vila que lle ouvín a unha muller da Seara do Courel:

A onde vás, vaca branca?
Onde ti pares, será Vilafranca.

Díxome tamén que na súa aldea había un sitio que se chamaba **Covallo de Dona Briosa**. I eu vía unha dona moi fremosa, muller de aire e teitos altos, que tras acucharse unha noite naquíl refuxio seguía pra Vilafranca...

Quero lembrar eiquí tamén ó **Galo de Val de Fariña**, Labrador sonado e tratante de feira, que viviu todo o que vai de século até fai pouco e me contaba o meu pai que ó cruzar mozo esta vila, na primeira mañá dacabalo da súa égoa, facía o canto do galo ó longo das rúas... Maxinalo pola **Calle da Auga**.

Ogallá sexa aquí canto o ventar da esperanza-que-teima pra Vilafranca, pro Bierzo, pra Galicia e pro Mundo. Teima coma a dos homes de antes que nunca se entregaban a pesares da vida dura e do inmediato previsto.

E poño eiquí, pra vós e pra rematar, outro verso meu, tras dun silencio que todo pasado inclúe:

• • •

E inda é nova a Terra!

Inda é nova a Terra!

30.- Recital do Instituto de Tomiño. 19-12-1995.

Neste país i en calquera outro, hoxe i en calquer tempo, o deber máis básico e irrenunciable é gardar e usar a lingua, a pauta dos antepasados que é coma dicir o noso ser, xa que somos maiormente memoria común. E a lingua é donde se garda máis integramente ese legado vivo da memoria común, que de perderse –nunca se perde de todo– quedaríamos desfigurados, irrecoñecibles, inidentificables. A empresa da conservación da lingua propia é o primeiro deber de cada xeneración. E como a lingua propia foi agredida e marxinada dendes de fai cinco séculos, é por eso que está pasando un momento crítico, diante a presión do outro idioma, do chamado idioma do estado, cómpre agora un maior esforzo de defensa, pois a presión dos medios de difusión de masas, a prensa, a radio, a TV, sobre as culturas populares, sobre a nosa cultura popular e a nosa lingua maioritariamente oral é maior que nunca. E está agredíndoa incluso alí mesmo donde ela se conservou e prevaleceu, no medio campesiño e mariñeiro.

Agora pois xa non vale esa gran reserva que foron pra a Língua Galega, pra nosa Língua, as aldeas e os peiraos, o campo i o mar.

E sodes vos, as mocedades estudantís, as que sodes responsábeis de que a Nosa Lingoa, o noso siño diferenciador e gardador pase indemne ás seguintes xeneracións. Vosa é a responsabilidade. Voso debe ser o empeño. Vosa é a mocidade.

O outro día na clausura do congreso dunha coalición oínlle a unha rapaza nova, a unha delgada, como decían os nosos trovadores, oínlle pronunciar, pra remarcar a esperanza no futuro, un verso meu de *Os Eidos*:

“...E inda é nova a Terra”

Esa mocidade da Terra, está representada por vos os mozos e rapaces. A vosa forza de nova xeneración ten en que empregarse en gardar a Lingua, en gardar Galicia e tódalas súas posibilidades espirituais, sociais, políticas i económicas. Dentro de calquera ideoloxía o da Língua é un deber básico e supremo que a todos obriga.

Vamos a comenazar o século XX na poesía galega histórica por Manuel Antonio, Amado Carballo, Luís Pimentel, Luís Seoane, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio, Xosé María Díaz Castro, González-Garcés, Manuel Cuña Novás e Antón Avilés de Taramancos, case que todos amigos, polo menos coñecidos, e xa coa obra e a idade rematada.

Cáseque todos eran amigos i os amigos nunca son historias pola conta que nos ten pois serían cáseque que admitir que tamén o somos nós.

Se temos sorte vós e máis eu, eu e máis vós, resucitarémolos e falarannos coas mesmas voces e almas que tiñan ou que quixeron e lograron ter, pois hai a vontade do canto i a elaboración da propia imaxe.

Pois a obra non é solo a súa vida e o destino senón que a santa vontade do poeta fai que se cree a si mesmo e canto máis invente máis verdadeiro pode resultar nesa operación de crear, de crearnos, de crearse. E por máis que soñemos todo se cumprirá algún día. E si o soñamos longa e intensamente, veremos nós mesmos como se nos cómpre, se hai tempo. Que haxa tempo. E vós non dimitir de-os soños. Guiádevos sempre por iles.

31.– Pra xornada pondaliá. Maio 1996

Chego con verdadeira emoción ás terras de Pondal, ó mesmo soporte físico do centro mítico do seu mundo, e saludo ó gran Bardo, poeta e bardo, que inda que sabemos vivía a principios de este século, nos semelle alongado, aló no fondo das edades sostendo el chan firme e lanzal como era o nome, memoria i ensoño de Galicia pra que en nós, en vós i en min i en tódolos galegos que somos e que serán o empeño da liberdade e a seguridade de que se cumpra algún día.

32.– Xornadas encol de Otero Pedrayo. 24-10-1996

(Compostela)

Quizaves ningún galego, quizaves ninguén tivo unha imaxe tan grande, tan varia e tan cumprida de Galicia coma Don Ramón Otero Pedrayo. Coma se a vise e vivise toda, coma se a pisase toda.

“Dendes do Limia ate o Norte,
do Courel ate o mar forte.
Non só as vellas cidades
catedrais e abadías
vales e altas soedades,
ser a beira nas dez rías”

Unha imaxe do presente e do pasado, dos cidadáns e vilegos, das xentes da gleba e do mar. Todo a un tempo, unha imaxe múltiple e unha. Todo eso, gravitando nun solo ser, ordeándose nunha sola mente, tremando nun solo peito. E don Ramón levaba, portaba, esa imaxe sempre co el. O valumbo da imaxe máis grande e rica –soño i experiencia, experiencia e soño– do noso país e do noso pobo.

Creo que esa abundanza, ise exceso conquie a palabra **pobo, o noso pobo**, como antes **a nosa terra**, andivo nas bocas das moce[da]des nos anos sesenta,

setenta e oitenta ten que ver algo coa rica imaxen de Galicia elaborada por don Ramón Otero Pedraio, aclarada e facilitada polos do seu tempo.

El trasmitiunos directamente ós que viñemos logo o soño grande do noso país e fíxoo nun momento indecible; el fundou un novo conceuto de Patria, senón de maior vastedade e intensidade interior, si de maior definición intelectual, no que ningúna experiencia dos galegos do pasado –presentes na Lingua– se perde e todo o que foi sigue sendo e fornecéndonos. El recolleu todo o anterior e pasounolo, de golpe, afirmándoo co seu acento e co seu ademán.

Ese forte sentimento da paisaxe e da paisanaxe xúntanse e marcan o sentido da patria que nos fortece. O sentimento galego do ser galego, a total definición de esa vaguedade e vastedade e desa suma total, foi o que eu sentín ó *coñecelo*. E ise é o espírito que eu quixera que se transmita ós que non o coñecestes. Quero que aprendades de el unha Galicia de coñecemento e de sentimento. Unha patria múltiple e unha, esperanza activa e seguranza. Resistencia a forza pero resistencia, ganados pra sempre pola memoria e pola beleza. Terra e pobo conxuntos, fundidos, até perderse os nomes. Cando se sente algo así, pérdese o nome e xa non vale o de patria, algo desacreditado polo abuso. Quizaves inda vale o de Lingua. Esta que inda falamos...

Falaba, falaba i escribía muito don Ramón, quizaves porque era fillo dun tempo de Europa no que alguén chegou a decir: o Mundo non ten outro destino que o de ser finalmente expresado. Nada pode haber que non cabia en palabras. A palabra axuda a coñecernos, a descubrirmos, polo menos a palabra poética. Quizaves don Ramón pensou que se os galegos coñecíamos fondamente Galicia, se os galegos descubríamos Galicia, remataríamos sosténdoa.

O que si non hai duda é de que o seu discurso i o seu canto mantéñense da petición de elexía longa que reclama o vello mundo rural, tanto dos que o vivimos coma dos que proceden del por pertenza lingüística, porque no tempo que durou ise mundo fíxose a nosa lingua:

*Don Ramón Otero Pedrayo de Trasalba amigo
que tiñas a abundanza do teu nome comprido.*

33.– *Recital de Noia. 21-3-1997*

(Homenaxe a Antón Avilés de Taramancos)

Nada que un sinta forza pra incorporarse: recorda cando se sentiu e consagrou por encadeadas, sucesivas decisións interiores como **poeta para un pobo**, moitos na miña xeneración, na xeneración de Antón Avilés, nos consagramos, nos ofrendamos como tales en canto algo nos deu o mínimo alento. Fomos, máis que simplemente poetas, **poetas para Galicia**, poetas para a nación menesterosa. Para [a] nación, para [a] **Lingua precisada**, precisada de nós, precisada de fervor.

Por eso Galicia foi, dendes de que **acordou**, un sentimento literario e a práctica literaria no idioma propio, foi unha devoción profunda polo fondo común do pasado, unificado na patria Lingua, que acabou someténdonos, poñéndonos **só neso**, até ser finalmente **secuestrados pola patria**. Poetas secuestrados pola patria.

Esto foi Antón Avilés, nesto acabamos os poetas galegos do meu tempo, en estar, en quedar **secuestrados pola patria**. A patria non nos dotou, non nos resarciu con outra cousa que non fora o propio entusiasmo de dárselle. Decía un poeta que o amor é unha ponte cunha sola aurela.

Un amor verdadeiro é sempre memorable. Será memorable o amor de Antón Avilés por Galicia e o dos poetas do meu tempo.

Agora nesta nova primavera, celebramos o entusiasmo ó que nos demos, a profunda entrega á lingua, á savía que inda flúe entre os galegos e que nos fai inmortais, pois sólo somos inmortais nise intre en que sentimos todo o pasado habilitado, **hable** pró futuro –sempre **lingua–nosa**– única en que estamos como somos, doadamente ofrecidos á comunión.

Sentímola así porque está en peligro e por eso somos xenerosos e podemos algunhas veces **ser sólo para ela**, ser para ela extremadamente, como somos os que vivimos intres extremados do século agónico, iste que acaba, que acabamos de ser.

Nesta pasión, falamos así, e non queremos acalmarnos.

Vou ler unhos versos de Antón Avilés, aquel que era solo peito, o de Taramancos, que está sentíndonos dende o fondo, presenciándonos, presenciando o suceder da **Terra** e da **Patria Lingua**, no transcurso eterno e universal dos pobos i os seres, sempre e agora.

34.– Recital da Escola de Fisioterapia da Coruña. 23-4-1997

É a segunda vez que veño dar un recital á Coruña a un colectivo sanitario. A outra foi fai anos e acompañábame un xoven poeta, hoxe narrador famoso: Manolo Rivas, e creo que me chamara pra dar o recital o doutor Ángel de la Cruz cando dirixía o Materno Infantil, aquel tudense fervoroso do gran ensoño social e político das mocidades de entonces.

Quizaves a poesía lle veña ben a un público especializado en calquer cousa menos en poesía. Anque se dice que agora a poesía, despois de varios séculos de separación da música e do canto, é xa só para lectores especializados.

Pero un, sin arredarse totalmente da poesía minoritaria, practicou sempre unha poesía dirixida **a todos**, practicou a poesía oral, que xa de por si supón un público non especializado.

Un recital de poesía galega sempre ten algo de comunal e de ritual. Sempre en certo xeito é un auto pola Lingua, un exorcizar o peligro de extinción da Lingua Galega, mostrando o que ela ten de vinculadora de **base espiritual** (permítaseme a palabra **espiritual**) sen que elo supoña alongamento do **todo o human** que integra esa memoria profunda que move a **Lingua propia** e máis en ámetos donde o seu uso non é xeneralizado.

Pero eiquí estamos a celebrar nun acto literario. E un acto –literario– en Galicia, repito, cando se usa o **idioma propio**, sempre ten algo de reivindicativo. Como decindo: “**Eiquí está a Lingua propia aínda viva**”. I-é coma se expuxéramos a propia alma conxuntamente coa alma do país. E calquer texto é como unha páxina do **libro do país**, inda que non teña nada de **sagrado**. I esto acentúase máis cando se trata de un **texto poético galego**.

Anque, se ben reivindicamos o dereito da Lingua ó ámeto xeográfico en que se configurou e ó que se conformou, non somos **aliños**, quero decir que

non embestimos ós falantes non galegos (pois moitos nin teñen a culpa de non selo). Simplemente expomos, co uso da lingua poética ou coa simple Fala, o ser de Galicia... E os que inda señan algo de esta nación sentiran-se vencellados polo **son da palabra**, pola súa inevitable peculiaridade, e recoñeceranse nela até límites que non sentiron con ningúna outra lingua. Sentirán ese **infinito** ou **infindo** de **sentirse en común** cos outros falantes da mesma Lingua...

Aínda que algo desto tamén pode sentirse co castelán, non esquezamos nin pretendamos iñorar que son linguas moi próximas e que o acento galego é inevitable pra desdita dos que quixeran darlle un cuño de clase diferenciador ó castelán.

Vades escoitar, pois, simplemente poesía galega.

A poesía –e calquer creación literaria – unha vez escrita, ou feita, deixa de ser do autor i é xa de todos. Establece por si sola un **ámeto de comunidade tribal**, de comunidade nacional ou de comunidade simplemente humana. En todo caso sentir ise **ámeto de comunidade** algo nos **cura** da soedade, da irremediable distancia entre os seres, da sensación de **masa** innominada e do caos. Neste caso **a comunión da palabra poética** alcanza a todos os que se abren, ós que aínda son capaces de abrirse, pois tampouco depende da súa voluntá senón cun ímpetu interior de simpatía cara todo e tamén cara ós máis. Quizaves esta simpatía esté na base da solidariedade...

Nun principio lereivos poemas moi dunha terra, poemas de *Os Eidos* e da Terra do Courel. Pero non por ser moi dunha terra deixan de ter unha mínima universalidade que os faga intelixibles. Ademais ises poemas da terra son os máis fonosimbólicos. E neles todo o que sexa semanticamente descoñecido, ofrecerase musicalmente declarado ou achegado. O usar eu “a Fala” –o dialecto de esa mesma terra – salvarase a inefabilidade que o silencio da terra supón. Esa foi a miña teima.

Veremos... (Recital)

35.– *Universidade da Coruña. 18-10-1997*

Cando eu cheguei á Facultade de Letras da Universidade Complutense [Central] era unha fermosa Facultade, de diseño moderno, nunha Cidade universitaria limpa de coches, recién urbanizada nun piñeiral novo, arado polas trincheiras da Guerra Civil, cuxo fronte estivera aíí detido durante tres anos.

Na Plaza da Moncloa colliamos o tranvía máis novo e moderno do país, naquil Madrid cheo de cicatrices e coa gran solidariedade popular que lle duraba da Guerra. Na facultade editábase unha das revistas literarias máis atractivas de entón, *La Hora*, ilustrada e deseñada polo coruñés José María de Labra, que lle levaba algo da fresca luz morna da Coruña.

Alfonso Sastre, no último curso, escribía de teatro e Ignacio Aldecoa publicaba un conto a dobre páxina polo que lle pagaban 125 ptas. que nos bebiamos, eles 3, Sánchez Ferlosio, José María de Quinto e mais eu, nun bar de muleros, cun gato á porta. Aldecoa quería contar a vida mol de aquel gato, comparándoa coa das mulas que viñan de cruzar a ancha Castela. Sánchez Ferlosio acababa de publicar *Industrias e andanzas de Alfanhuí* e Aldecoa preguntáballe donde sacara tantos nomes de paxaros como metera no libro. Alfonso Sastre deu unha conferencia nun Colexio Maior sobre *As maos suxas de Sartre* (Sastre sobre Sartre) que se acababa de representar en París; alá fomos todos nun taxi dendes do Café Gijón. Con iste amoso de crónica de xóvenes escritores –todos andaban polos 25, menos eu que tiña 20– quixen regresar ante vós ós meus anos de pasillo de Universidade, libérrimo pois asistía a ela en calidade de ouvinte. E que xa, fóra dela, ensaiaba a primeira peña literaria con habitualidade no “Café Gijón”. Aínda tardaría dous anos en ser soldado en Compostela e na Coruña e comenazar a escribir en galego. Por non saber, nin sabía que o galego se escribía, nin lle vira falar a nadie de galeguismo.

Cando aquel inverno alguén lle dixo a Alonso Montero, estudante tamén, que acababa de morrer en Buenos Aires un tal Alfonso Rodríguez Castelao, non sabiamos quen era. Ninguén se atvera a pronunciar o seu nome diante nós en todo o Bachillerato, nin a decirnos que a nosa fala era unha lingua e unha literatura. Non leramos nada en galego, nen sabiamos, repito, que se escribira nel. Así chegaba entón un rapaz galego á Universidade. Todos,

supoño, menos os fillos de algún quiloutro resistente supervivinte. Era o ano 1950.

Deixo eso pra reflexión... e paso a decirvos poemas.

Decir un poema lírico é difícil ou imposible, incluso pra grandes actores, se non é un poema propio. Un poema lírico é o menos teatral.

Pra decilo é menester facelo volver pasar enteiro por dentro.

36.– Homenaxe a Pablo Neruda. 13 de marzo 1998

(Ferrol)

Cando ós 19 anos, no 1949 en Madrid, eu oía falar por primeira vez de poesía moderna ó meu xoven profesor Ezequiel González Mas, no vello caserón escuro dunha academia na calle do Pez, onde el abría unha clase de literatura con luz intensísima, contrastada coas outras, como contrastaba, fóra dunha xusta táboa de valores, a poesía do século XIX que nos insinaban entón nos Institutos coa do século XX, o primeiro encontro coa Xeneración do 27 e a poesía coetánea hispanoamericana, foi cando por primeira vez oín falar de Pablo Neruda e oía aqueles versos escritos cinco anos antes en plea guerra mundial:

“Canto de amor a Stalingrado”

(fragmento)

Eu escribín sobre do tempo e da auga,
describín o luto e o seu metal morado.

Eu escribín do ceo e da mazá,
agora escribo sobre Stalingrado!

Xa a noiva gardou co seu pano
o raio do meu amor enamorado.
Agora o meu amor está no suelo,
no fume e na luz de Stalingrado.

E toquéi coas miñas maos a comida
do lusquefusco azul e derrotado,
agora toco a alba da vida,
nacendo co sol de Stalingrado.

...

Eu poño a miña alma donde quero
e non me nutro de papel cansado
adubado de tinta e de tinteiro.
Nacín para cantar a Stalingrado.

...

As condecoracións que os teus mortos
puñeron sobre do peito traspasado
da terra e o estremecemento
da morte e da vida, Stalingrado.

...

Ós que España queimaron e romperon
deixando o corazón encadeado
de esa mai de encinas e guerreiros
podrecen ós teus pés, Stalingrado.

...

Honor a ti polo que o aire trai
polo que se ha de cantar e o contado,
honor para as túas mais e os teus fillos
e os teus netos, Stalingrado.

Gárdame un anaco de violenta espuma,
gárdame un rifle, gárdame un arado
e que me poñan na sepultura
cunha espiga roxa do teu estado.

Para que sepan, se hai algúa duda,
de que morrín amándote e sendo amado
e se non combatín na túa cintura
deixo en teu honor esta granada escura,
este canto de amor a Stalingrado.

Desde aquí vrao tórrido de Madrid, 1949, acompañoume o seu canto con calor, con sabor da froita doce ou amarga, de amor amado e de compromiso onde tantos aprendemos a participar co noso canto na laboura común do pobo, do noso pobo dos pobos, na liberación universal e na xustiza posibles.

“Sí, posibles”.

Posibles porque así o cremos por tanto tempo (que pudo ser sempre) anque sólo fose aquel tempo.

E tivemos a sorte de vivir o máis grande soño do século que inda hoxe nos fai resistir esta mediocridade do pulo.

Sentímola a inminencia de cumprir un soño que volveu quedar na sola posibilidade do soño máximo e por eso aínda celebramos aquel tempo de poesía, dese soño expandido polos pobos da terra.

Celebramos o seu vintecinco aniversario como celebramos a vida, seguros da volta tornante dunha nova marea crecente i repetible.

“Sí, repetible”.

E cantamos en seu honor o noso canto. “Só a canción riba da terra, glorifica e festexa” e festexamos que un día estivera entre nós coa súa alegría e empeño e voluntá dun canto con explosións.

E sabemos que virá o que é preciso, porque así o sinten, aínda, moitos miles de corazóns ardentes.

Cantámola hora triste do seu pasamento: **Chile, 1973.**

37.– *Instituto de Monterroso. 27-5-1998*

(Letras Galegas)

A teima en conseguir a normalización da nosa Lingua é quizaves o máis grande empeño cultural do noso tempo. E preguntámonos: foi algunha vez o galego unha lingua normalizada? Unha lingua plenamente normalizada e sin peligro á vista, sin ameaza de extinción? E, inda máis, unha lingua puxante e prestixiosa empregada polos falantes de outras linguas, nalgunos casos, o que xa é o colmo do prestixio? E temos que convir que ese feito se produce entre os séculos XII-XIII cando a escola poética galego-portuguesa acada o seu momento culminante.

Podería trasladarvos datos destes trobadores, coñecidos por todos, que vós podeades encontrar nos libros de texto, e repetirvos o repetido por unhas e outros, pero prefiro darvos, deixarvos a impresión senón **cantada**, dita **a presión**, para que algo vos chegue o máis directamente posible do aroma dos trobadores, pra que este encontro con vós deixe algo perdurable, e non unha volta máis do xa sabido e repetido.

Comenzaremos polos tres trobadores do mar de Vigo ós que este ano se lles adicou o Día das letras galegas i entre eles, por Martín Códax.

E seguindo e pasando a outra romaría e a outro trobador, seguir esta de *amigo*, de Xoán de Cangas.

.....

No da Biblioteca Vaticana e nos outros grandes Cancioeiros medievais gárdanse cantigas dos máis nombrados trobadores e xograres dos que circularon no **mil douscentos** polos diversos reinos cristianos peninsulares (anque supóñense que grande cantidade de cantigas e de autores quedaron fóra de estas compilacións aparecidas durante o último século, e que nos dotaron dun riquísimo acerbo e dun pasado literario co que ninguén soñaba até o descubrimento de estes Cancioneiros).

Fai máis de corenta anos, cando eu xa publicara os primeiros *Eidos* e andaba eu polo Courel co primeiro tomo da *Escolma de Poesía Galega* adicado á

escola trobadoresca medieval galego-portuguesa, escribín un poema-cantiga no que me poño a falar de perto, porriba de oito siglos, cos trobadores máis queridos da miña continúa lectura de entón, que coincidiu coa miña plea mocidade, a máis propia para entender as cantigas de amor e de amigo e, sexa como for, conseguín establecer contaunto co íles e traguelos de golpe ó noso tempo e, ó invocalos, tragner cos seus nomes, algo do seu son e do seu acento, noso.

38.– Colexio da ESO de Ferrol. 5-6-1998

Creo que preferides que recite e diga dos meus poemas, máis que dos outros poetas que é o que a min me gustaría, pois xa sabedes que a min me gusta que me chamen “decidor” máis que poeta, porque supón menor responsabilidade, anque me entregue, como me entrego, totalmente **ó decir**, pois unha cousa é ler un poema e outra o pasalo por dentro pra que saia como noso. Menor responsabilidade e menor pretensión que a que supón asumir que nos chamen “poeta”, porque selo está considerado como un alto destino. Ser, anque sólo sea por un intre, o responsable da Lingua no instante do poema, algo coma se foramos os representantes eleixidos pra palabra do noso tempo, o que é moito pretender, eleixidos sin votación, que supón maior responsabilidade e liberdade.

Pero mellor non coller tan gravemente a palabra **poeta**, e simplemente ler os versos que un escribiu, sin pensar en maior transcendencia que a emoción que podan producirnos e o influxo casual, que teñan en vós, ó despertar algo que vós tamén tendes sin sabelo, pois todos somos poetas, pois tódolos galegos do pasado fixeron a Lingua, donde están tódalas imáxenes do noso mundo.

As da montaña e do val, do campo e do mar e tamén da cidade.

E quizaves chegedes a pensar que de todo somos responsables, porque todo é noso, e somos de todo. E de todo o que non somos, de todo canto non somos, eso perdemos, pois só se gaña o que se ama, que non hai outra maneira de facelo noso.

Eu ameí unha serra e unha Lingua e sentínme dono de canto vin, e **aquelo** estaba tanto na terra coma na lingua. Vivimos tanto na terra coma na lingua.

Na lingua está canto da Terra se apropiaron os nosos devanceiros, os nosos antepasados.

Por eso, maxinádevos canto ela siñifica pra nós, se apenas somos nada, aparte do que íles foron, do que está nela; podemos ser canto nela está, e perder canto dela se perda.

A poesía é o entusiasmo de enconralo. Está ó alcance de todos porque todos somos poetas, e todos foron poetas pra nós, se non nos saímos da Lingua Fala. Algo da **Lingua normativizada** non é a Lingua-Fala, non é a patria-Lingua. Decía Pessoa, il que a partir dos sete anos foi educado en inglés: “A miña patria é a lingua portuguesa”.

39.– No Panteón de s. Domingos de Bonaval. 24-VII-1998

(Víspera de Santiago. Compostela)

Nadie entre íles, entre os que se creín de ideas máis avanzadas, contaba coa teimosa pervivencia da **concencia nacional dos pobos** trala revolución capitalista nin da revolución socialista.

Tal capacidade de resistencia do espírito, das etnias, sorprendeu a todos e ségueos sorprendendo. Siguen pasmosamente sorprendidos **da resistencia nacional** e inda teiman en seguir considerando este fenómeno que chaman “nacionalismo” como un resto de ideas do pasado século, cando é que vén **do pasado máis profundo**, polo menos tan profundo coma as orixes de cada Lingua. E cando é evidente para a comprensión máis común, xa dende fai tempo, que todo problema nacional mal solucionado, todo problema nacional mal pechado, se convirte en eterno...

As nacións sempre foron máis profundas que os estados e cando estes se desintegran siguen aquelas como unidades básicas irreductíbeis, anque tamén extinguíbeis, de posible extinción, pois tamén as linguas morren, pero duran e deixan restos. E de ahí a nosa vontade de perdurar. E perdurar, só perdura

na Lingua e mais no que a Lingua–Fala ten de memoria que de mecánica de expresión, ou instrumento de comunicación.

O home actual volve achegar os antepasados, porque só esa vaga presenza o salva da **Nada e da Morte**. Non se pode ocultar, non se pode esquecer, **aquelo que foi**. Sempre en algo seguiremos sendo o que fomos. Este esforzo de fidelidade e de eternidade danos un centro e arrimo contra da nada. Somos o que queda de todo o que fomos. Lingua – Fala, patria viva, acento profundo, unidade pra comunidade universal.

É de sobra sabido que sólo ser galego plenamente nos fai universais. Ser galego con toda a memoria básica da Lingua. Estar **dentro da Lingua** e saber cales somos nós, cales son nosos veciños pertos e cales outros son distantes e cales cousas son comúns. A extensión do común a tódolos homes, a tódolos pobos, é o máis patente, anque inda non o sea a fraternidade.

Eiquí niste Panteón de pedra estamos diante de algúns facedores de Galicia tal e como foron facedores de Galicia, non menos profundos, tódolos outros que nela falaron e fixeron e que están fóra sula herba e siguen circulando na Lingua – Fala, e que xa sólo poden vivir por nós, o que nos fai responsábeis da súa vida.

Por algo a responsabilidade coa nosa lingua a sentimos así...

40.– “Poema dos Caneiros”. 8-8-1998

Cando Manuel María, o outro xoven poeta daquel entón, e mais eu, regresabamos do “día de Santiago” de 1955 en que me entregaron os responsábeis de Galaxia, no “Derby”, o primeiro exemplar de *Os Eidos*, con 25 anos campantes, pasamos xuntos pola cidade da Coruña e demos un recital no “Club do mar”, e logo por Betanzos, onde coñecemos o seu alcalde Tomás Dapena, que nos invitou a dar un recital ó mes seguinte nas **festas de agosto** [o mesmo “Día dos Caneiros”] de cilí pasamos ó pazo do Xestal, de Monfero, de Antolín Pardo.

E logo a Mondoñedo, visitar a Álvaro Cunqueiro, que inda non se fora pra Vigo, e que naquel mesmo ano publicaba tamén en “Galaxia” o *Merlín e familia*.

Cunqueiro levounos a ver a “Ara Antiga” e de seguido ó santuario de Lourenzá, á **Tumba do Conde Santo**, ó que lle formulamos as peticións da mocidade. Vinte días despois Manuel María e mais eu volvemos dar o recital de Betanzos, que se celebrou pola mañá, o mesmo día dos Caneiros, aquel que eu señalo como cumio da miña mocidade.

Foi tal a fascinación por esta festa que eu me levei pro Courel, que catro meses despois, no outo Outono, cos ventos de nadal, escribín un poema, dos de longo axuste, que se foi depurando, ó longo de anos, ate ser un dos máis sinalados do meu acerbo de **poeta-decisor**, na media e alta postguerra, fermentadora i espreitante. Cando moi poucos velabamos anque rudamente a pervivencia da Lingua, a Cultura e a Liberdade de Galicia.

Naqueles mesmos **Caneiros** de 1955 coñecín ó pintor e grabador Xesús Núñez, do que xa entón se decía que era o primeiro que neste país usaba as máis novas técnicas de grabado i estampación. Lémbrome de velo ca súa primeira carpeta de grabados de gran tamaño.

Pasados anos e anos de todo aquilo, décadas, a principios dos 90, Olga Patiño, a profesora e actriz, ligada a Betanzos, recolleu un soño e fíxoo proxecto e realidade. Púxonos novamente en contacto a Xesús Núñez e mais a min e a Concelleira de Cultura do Axuntamento de Betanzos e de aí saíu a flamante carpeta de grabados e grafías do “Poema dos Caneiros”, unha parte da cal hoxe se expón eiquí, así como a que en tamaño reducido del se tirou pra difusión popular, coa axuda do Concello e de “Caixa Galicia”.

A experiencia e soño dunha das festas máis frechosas de Galicia, metidos xuntos nun libro pra xeneracións futuras desta terra e mar dos Ártabros, pra dicir ate onde chega o pulo da mocidades celebrantes. Os Caneiros de Betanzos!

As viandas, o pan i o viño, o amor é lua plea contra da morte, como sustancia da festa. A gran festa á que se vai para volver, a que se vai pola volta.

(E sempre que un exerza de decidor nesta cidade é xusto que comence por aquel poema escrito no cumio da mocidade, nos 25 anos, cando Manuel María tamén andaba nos mesmos).

41.– Homenaxe a José Afonso. 08-05-1997

(25 aniversario de Grándola. Santiago)

Quizaves foi o eco dunha emoción, o eco dunha canción, o eco inda resonante de “Grándola”, cantada polo mesmo Xosé Afonso por primeira vez, sobre este mesmo chan que pisamos (sobre o que logo se erguería este Auditorio) cando era un simple pavillón do “Burgo das Nacións”, quizaves eso foi o que obrou secretamente sobre o azar e o predestinou a que fose escolleito pra “Auditorio de Galicia”. Estamos nunha cidade edificada sobre un mito, e, pois, o que acabamos de dicir responde a unha liña de pensamento compostelana non tan **fumada** como poda parecer.

Pisamos pois neste intre e lugar a terra xusta onde “Grándola” se encontrou con **moitos centos de corazóns ardentes**, extremados de solidaridade, cando eran ardentes os peitos dos universitarios composteláns aínda non temperados polo sereo da noite do Ensanche. Entónces “cando espontaneamente brotou e se consolidou nun nome”: **A Praza Roxa**.

Seis anos antes de se **decir** “Grándola”, tamén eiquí en Galicia o soño da libértá, o soño e delirio da liberdade, nos fixo dicir diante “a porta xorda cravada” da dictadura

*Porta xorda, cravada, que o pulo sabe!
Dente, puño teso a premer valeiro!
Cando volva o vento ¿serás ti Libértá
ou somentes abalar de árbores?
Rota a corda que tempera a forza do sino
un pobo enteiro rébese no tempo
folga xeral contra da Historia.*

*Compría agonxarse en calquer ichó
mais seguíñ fóra á xistra
velando norde, estrela longa, brillo atuído.
Alguén chama, alguén agarda...
corazón lento,
sostén a gran membranza.
...*

Por eso cando un día, baixando dunha rúa alta de Alicante cara ó Paseo Marítimo, antes das palmeiras, atopei un posto de prensa cos titulares do pronunciamento militar portugués, cos carabeis colorados do 25 de abril, o corazón bateu como bate cando se dá un milagre histórico, un suceso emocionante que certifica o soño certo do futuro, tan demorado, ás veces, cáseque até nunca.

Ese intre en que a palabra **pobo** volve cargarse de sinificación e esa carga que lle outorgamos deixa de ser excesiva.

A emoción de aquel día en Alicante repetiuse nos días e meses sucesivos, sempre que escoitaba até o afogo e o bullo do “Grándola” de Xosé Afonso.

E un soñaba atopar un día, coma el atopou todo, unha pequena cidade solidaria coma aquela, ou (por que non?) todo un pobo solidario.

Namentras agardamos aínda por eso, que a letra nos valla para ensaiar:

Grándola vila morena,
terra da fraternidade,
o pobo é quen máis ordena
dentro de ti ¡ó cidade!

Dentro de ti ¡ó cidade!
o pobo é quen máis ordena.
Terra da fraternidade,
Grándola vila morena.

En cada esquina un amigo,
en cada rostro igualdade.
Grándola vila morena,
terra da fraternidade.

Terra da fraternidade
Grándola vila morena.
En cada rostro igualdade.
O pobo é quen máis ordena.

Á sombra dunha aciñeira
que xa non sabía a idade,
xurei ter por compañeira
Grándola a túa vontade.

Grándola a túa vontade
xurei ter por compañeira
á sombra dunha aciñeira
que xa non sabía a idade.

42.– *Sobre Maside*⁴⁵

Foi sin duda Maside a personalidade galega que máis me impresionou. Conocino cando eu tiña 22 anos i el pasaba xa dos 50.

Cumpliamos o servizo militar xunto con Manuel María, no cuartel de san Lázaro e sempre que podiamos baixabamos, Santiago abaixo, en busca dos patriarcas e homes, resto do vello galeguismo, cando inda a Ditadura os xuntaba. Era a famosa vella peña do “Derby” e do “Cafe Español” na rúa do Vilar: Otero Pedrayo, Piñeiro, García Sabell, algún vello republicano como Martul, algún novo catedrático da Universidade como Río Barxa. Tamén

⁴⁵ A locación do texto neste lugar é soamente presumible. O mesmo sucede nos próximos, dos que tampouco coñecemos data certa.

Borobó se deixaba caír por eilí algunha vez, i entre os máis novos, Ramón Lugo, o periodista, e Mourullo, o narrador, o máis rapaz con 17 anos.

Inda a concencia galega non prendera nos estudantes da Universidá, pasarían máis de 10 anos. Iste grupo, o da peña do “Español”, era o que sostíña a bandeira de Galicia no medio franquismo, polo ano 1952. Maside non falaba demasiado na peña. Pero eilí estaba a súa figura sobria e dunha estre-mada tensión e rigor moral.

Cando remataba a tertulia, eu íbame con Maside pró seu estudio. Eu entón inda non vira a súa pintura, mais si a súa conversa, e foron muitas horas ó longo de muitos días, de meses. Uníanos a ambos a mesma ideoloxía i as mesmas premisas de cara ó arte: sobriedade e rigor, autenticidade e intensi-dade, máis que abundanza.

Non cabe duda que a autenticidade i a intensidade eran o máis patente en Maside. O home vai máis alá da obra, anque moitas veces a obra achégase tanto á realidade como el se achegaba.

Outra cousa nos unía, era a vinculación co popular en min, inda cega, e nil, xa clarividente; os dous levabamos detrás o mundo das aldeas e, no seu caso, o mundo das aldeas i os peiraos. I o que máis nos marcaba, era o estilo de Galicia e unha indeclinable independencia. E igual en política: podíamos solidarizarnos, mais non acatar órdenes.

É curioso o que me pasa con Maside: non podo desdoblarme, non podo falar de Maside, sin falar de min.

43.– [Nesta Galicia actual donde todo...]

Nesta Galicia actual donde todo movemento semella estar solidificándose –realmente fai moito frío– é difícil o rito dun recital de poesía en Lingua Galega, que se entende como un rito de recuperación da dinidade nacional, por eso rebase sempre a sinificación dun rutinario acto cultural.

Trátase dunha convocación do fondo galego insobornable, unha revitaliza-ción da decisión galega de ser, non acomodaticia.

Unha recuperación da función primeira da poesía que é a de recuperar o primeiro entusiasmo, o sentido da totalidade, sin por eso dimitir da máis aguda consciencia e actualidade.

Pódese incluso decir a palabra dos poetas históricos, de poetas remotos ou recentemente desaparecidos, e sacar o lastre do tempo ido, non integrado na tradición viva porque a palabra poética é palabra sempre-viva e nunca debemos, si realmente se está en disposición de encontrala, en resto arqueolóxico. Sempre nela está falándonos, diante e de cerca, un home núa que se achegou á máis pura e quente actualidade. Por eso se dice que os poetas son eternos ou inmortais.

Calquera poema, sea de quen sea, será palabra de Galicia que nós procuraremos que non perda o aire de palabra de Galicia. Un aire de presenza real e totalidade de Galicia.

E con el reivindicamos a nosa diferenza, pró que non é necesario máis que a pura presenza, o puro decir, a nosa palabra, o noso verbo en plenitude reveladora.

Digamos que a palabra non debe dimitir da súa forza de verdade, que é a súa forza de comunicación.

Fai anos que eu teimaba en decir que as palabras sirven tanto para **decir** como para ocultar ou para mentir e que a palabra poética só serve para decir. A palabra poética só é pra decir.

Digamos, digámonos, pois decíndonos, fortalecémonos nós e fortalecemos os nosos semellantes, e afirmámonos, afirmámoles, pra que fiquen en terra segura e non se deixen vencer á primeira, pra que se atrevan a ser e que [...]

44.– *[Vai consistir o meu homenaxe...]*

Vai consistir o meu homenaxe á memoria de Celso Emilio en decirvos simplemente algús dos seus poemas, comprindo sin máis co menester de **decidor galego**.

I-esto, no caso de Celso Emilio, ten unha xusta intención: a de volverlle á súa palabra a sinificación orixinal.

Pois, ó tratarse dun poeta tan difundido polos cantantes e tan comentado polo ensaísmo político, aparecése nos a súa voz misturada con acentos alleos e alleas palabras que moveron a última Galicia viva, que a enmascaran, cando a non trivializan.

Nós pensamos que si algo compete á poesía é a destrivialización das palabras.

Escuitemos, pois, a Celso sin máis. Coidamos que co il, solo, abonda, sempre que consigamos, nalgún verso, dar co seu acento xusto. Esta vai ser a aventura: encontrar nalgún intre o seu acento xusto. Hai días, veces, que non se consegue: dicir poemas é o máis ventureiro e non depende só de un, vai depender de tódolos que eiquí estamos o conseguir convocar o poeta ido.

O intre que hoxe vivimos non nos vai arredar da súa palabra.

Galicia sigue tan cega e tan xorda e tan insolidaria como sempre. Os seus enemigos tan poderosos e asañados, incluso os mesmos galegos, e chegou o intre en que vai ser –esto é o colmo– vai ser ilegal e perseguido chamarlle nación á nación galega. Non digamos da palabra nacional que ten recordados acentos non gratos prós que vivimos dende a infancia aqueles tempos:

Soldado

*Tiña os ollos azules poboados de preguntas
sobre o tempo i as colleitas. Seu pensamento estaba
cos segadores cantando na serán, ó comenzo
do solpor, cando a noite empeza a ser mociña.
Non comprendía.*

45.– *[Durante todo o segundo tercio...]*

Durante todo o segundo tercio do século XX dáse en Galicia, quizaves porque non se permitía outra cousa, unha volta á natureza, un remover buscando na esencia da vida labrega, que foi, deica agora, o soporte da nosa cultura.

Esto fai que a provincia de Lugo, os poetas, escritores e artistas da provincia de Lugo, a máis cerradamente labrega, collan a responsabilidade da restauración cultural de Galicia trala masacre cultural da guerra civil e dos primeiros anos do franquismo. E son lugueses os narradores Ánxel Fole e Álvaro Cunqueiro. Poetas como Luis Pimentel, Aquilino Iglesia Alvariño, Manuel María e Díaz Castro i ensaistas como Celestino Fernández de la Vega e Ramon Piñeiro, iste último o máisimo movedor da restauración cultural de Galicia.

Niste ambiente surxe en Lugo a figura do pintor Tino Grandío, de forte sustrato campesiño.

Poderoso impacto de forza e misterio, a súa infancia labrega, que non se perderá nos vintetantos anos de vida en Madrid. O pintor de Lousada levou á Vila e Corte a súa carga aldeán e con ela e, gracias a ela, se distinguiu da pléiade dos pintores do seu tempo, do tempo que, poñéndolle xa unha pouca de distancia, chamáramos segunda dictadura.

O sentido da natureza e do humor será o selo de Constantino Grandío, pintor de aldeas, pizarrentas e [camvias]. Dono de tódolos grises nosos cos que foi teñido pra sempre:

“Nun chover por siglos
todo foise esluindo”

46.– *Verbas preliminares*

Na pasión universal pola montaña, fonte de tantos mitos, resúmese e maníféstase a atracción profunda do home polos oríxenes. Polo coñecemento dos oríxenes. Tanto do orixen do mundo físico (pois na montaña inda se veí bracexar o caos i o ímpetu de formación) como os oríxenes soterrados na

memoria histórica: o que se di **a tradición**, tódalas vellas crencias coas que si un xa non comunga, inda siguen en nós, ó fondo, informando e operando na actual concencia. E non digamos xa na **trasconcencia**, onde inda están vivísmas. Sobre todo nas xentes da montaña, nos que nela tuvemos a nosa infancia, por mui racionais i especulativos que logo nos volveramos, en conta co mundo outro i a outra educación.

Na súa face física, na montaña hai unha extremada patencia da natureza, da natureza-terra, que sempre tentou e pasmou ó home ca súa grandiosidade, ca súa diversidade i a súa vitalidade. Hastra o punto de alucinación que algús chegamos a crer: que **xa a mesma natureza é forma**, forma múltiple de **algo**. E por eso a escuitamos e atendemos ó seu máis mínimo movemento e xeito, a máis da súa impronta de totalidade, agardando da contemplación do conxunto, ou de cada cousa, unha resposta total á nosa escuita, total ou parcializada, do misterio.

O mito da montaña leva tamén unida unha suposición de pureza, de algo inxel. Tanto no orden físico como no que se chama moral. E que niste non é tan certa a suposición, poilo home vén sendo igoal en todas partes. E inda no que ataíña á súa face física, a montaña é tamén cultura e historia. No ano 66 escribía eu en Madrid istes versos desmitificadores:

Seguirein na ciudá.
Non quero enganarme ollando á serra.
Díxome que eu era somente aquilo
e podo ser calquer cousa non grande nin pura.

A decisión foi axiña contradita por ise meu abandonarme sempre á liberdade, e o mes seguinte volvíñme pró Courel pra non saír dil en dazasete anos.

Mais deixémonos de digresiós i entremos ó mundo da poesía, da poesía da montaña.

(Recital de poemas de *Marânus* de Teixeira de Pascoaes, *Do ermo* de Noriega Varela i *Os eidos* de Novoneyra.)

47.– *Palabras de Novoneyra ó abrir os “Encontros”*⁴⁶

Moitas veces nos temos preguntado pra que sirven os **encontros galeusca** pero é como preguntarse, pra que sirve calquer assemblea que non teña unha inmediata consecuencia executiva? pra que serve a palabra sin poder, a chamada “lingua sin maos”? Sirven pra transformar a concencia, pra intensificar o coñecemento até cáseque o borde da aución. E sirven ademais para xuntarvos e sabernos menos soios no noso empeño de dotar de palabra, actual e viva, ós nosos pobos –pueblos– arredados, apartados, pola historia, pechados sobre si, marxinados. Sirven pra seguir sostendo unha forma de literatura como misión.

Nós non nos abrogamos ó ser elexidos pra esa **misión**. Nós fomos empurrados, condenados a eso, pola presión dun mesmo estado e a imposición de outra lingua obrigáronnos á nosa condición de escritores **secuestrados pola patria**, pola propia patria. Nós ben quixeramos, ben lle decimos: arreda, aparta de min este cáliz, pero seguimos presos, secuestrados pola consciencia e a **pertenencia profunda** a un pasado a unha lingua amenazada. I esto non é nada que nós nos inventemos.

Estamos pois eiquí reunidos por algo común e básico, pola imposición establecida –de tan establecida xa non parece imposición– dunha lingua allea e por querer saír, sentimos –non só nolo propomos– o deber de redimírnos. Repito: fomos **abocados á misión** como outros moitos escritores de tódolos pobos –os pueblos que de novo retoman a decisión do seu destino–: (segue o poema).

48.– *Damos as gracias*

Dámosvolas gracias a todos os que trouquestes a vosa presenza e palabra a Santiago de Galicia, catalás da Cataluña, Valencia, Mallorca e Menorca; vascos de Euscadi e Navarra; arturianos de Asturias, de Oviedo; portugueses do norte e os de Lisboa dos mares; castellanos de Castilla, que seriades os máis

⁴⁶ Pode ser calquera dos XV Galeusca, se cadra dos últimos. Todos eles teñen un brindé, que é este, e unha clausura, que é o texto que vén despois.

achegados de non amenazarnos a todos, á Patria-Lingua, o único sagrado xa de tódalas cousas sagradas que foron e non son.

Gracias ós que contribuíron a este milagro de comunicación e comunión que nos puxo a todos nun mesmo tempo como estamos agora, xuntos, xuntos neste intre-brindis, como se volvera o antigo entusiasmo.

Como volven os pobos, agora que volven os pobos. Cada un ca forma da súa memoria e tamén da terra súa.

Erguémosla copa até sacala porriba do tempo porque estamos soñando, agora que xuntos podemos facelo, con que cada pobo teña a súa vida, a súa terra i a súa lingua seguras, non amenazadas, nunha nova era de concordia que semella posible.

49.– Recital de Chantada

Pensaba onte en Santiago, maxinando o vir hoxe á Galicia interior, como se me achegase a un lume, en tempo frío, en sitio frío, como se regresase a unha patria alonxada, ou a unha antiga idade onde a natureza é o maior prestixio. Pois inda sendo Compostela un sitio onde a pedra é ben feita de torres i a terra ben fermosa de árbores, eilí está a universidade, a única cousa capaz de quitarlle ó galego, á lingua galega, o seu aire de fala. E non esquecíamos que inda Galicia é unha cultura oral. E que nesa cultura popular está a nosa diferenza, a nosa identidade, o noso encontrarnos nós, e que os alleos nos vexan.

I esa cultura si está viva. É, inda na Galicia interior, na Galicia rural, na Galicia das aldeas i as vilas rurais, onde aínda a lingua galega é **a fala** e as palabras teñen corpo e sonan.

Que non se perda xa nada máis do que inda se conserva, pois non somos apenas máis que pasado, e o pasado profundo e común é o único sagrado.

E que non se perda xa máis da natureza en función dunha suposta modernidade e progreso.

As árbores, os animais, as cousas naturais, a terra sempre é moderna e sempre se reproducirá igual no futuro, por máis que o home altere certos procesos.

Xa vemos, xa estamos vendo, os animais, as prantas, as rochas do futuro. Eles apenas cambean. Si cambea o home en milenios, en séculos e inda en anos.

Pero conocer a natureza é sentila, asumila, sempre será moderno, actual. Sempre seguir o seu ritmo será sabio. E todo o demais é destrución.

Por eso me alegra vir á Galicia interior. Ó pisala síntome firme sobre da terra, coa certeza de ter terra e pasado debaixo, sustentándome e amparándome. Como cando nos anos cincuenta escribía *Os Eidos* e buscaba a terra pra sustentarme i ampararme e saber que hai algo **sempre certo** do que non cabe dudar: a certeza da terra, inmediata e profunda.

Ocidente, despois da caída do imperio román, sostívose no rural, retirouse ó rural e do rural saíron as varias culturas e linguas de Europa na Edade Media. E méntralas falemos, un algo primixenio marcará a existencia ca súa cadencia natural e vagariña...

Seguindo ese ritmo, esa cadencia, quizaves encontremos de novo o canle dunha nova armonía do home ca natureza, que será salvadora da destrución inserta do medio, á que a tecnoloxía bruta en maos da especulación está levando.

A destruír a terra chámanlle modernidade os necios. E chámanlle progreso i éo. É o progreso cara a destrución i a esterilización do planeta.

A cencia irá noutro sentido e a planificación do futuro deberá partir da recuperación da terra i a súa capacidade rexeneradora. E hai que defender o natural. E pra eso hai que amalo. E amar é conocer e salvar o futuro, e salvar o pasado: nese sentido están as modernas correntes ecoloxistas.

E xa estaban i o intuían os poetas dendes de fai séculos.

Vamos ver como hai trinta e máis anos un rapaz ollaba a terra e parábase no silencio pedíndolle unha resposta total, pedíndolle salvación, sustentación i a posible imposible seguranza.

50.– *Pra os profesores de EXB*

(Sen data)

De tódolos coeultivos galegos que puideran estar máis implicados na normalización lingüística, no uso normal do idioma galego pra todo aquilo en que se usa a lingua, ningún como o coeultivo de insinantes de EXB. O coeultivo de maestros. Niles descárgase a maior responsabilidade, e parece que este coeultivo de insinantes de EXB, os maestros galegos, tamén foron consecuentes e tomaron a galeguización do insino e da sociedade galega como cousa súa, pois foron e son os máis destacados no sentido, no sentimento e no deber de Galicia. Naturalmente non tódolos maestros, pois algunhos hai que, se é que senten Galicia, se é que senten a súa patria, o disimulan moi ben. Pero na nosa terra foi onde se fixo e dixo iste denigrante refrán:

Ben común,
non é ben nengún.

E que cousa máis común que a lingua i a patria, que cousa máis sagrada que a lingua i a patria! O sentido nacional é o cuasinatura do social. E donde non hai un sentido social non se pode facer de responsabilidade personal algunha, nin de cara un ámeto público nin privado.

Os insinantes galegos, vós vades ser insinantes galegos, son os que xa asumiron maior responsabilidade e mostraron maior dinamismo, repito, de tódolos coeultivos de insinantes ou de calquer tipo de coeultivos, implicados na galeguización, na reconstrucción nacional de Galicia.

Vós hoxe, rapaces, estudantes, seredes mañá os que levaredes adiante a tarefa de que a nosa patria siga sendo nosa, de que Galicia siga “sendo Galicia e non só un simple territorio chamado o noroeste”. Vós faredes primordialmente o noso futuro, o saber que a loita pola lingua é o primordial.

IV. Inéditos (ou case). verso

IV. INÉDITOS (OU CASE). VERSO

a) ALALÁS encadeados

E pra ben cantar lixeiro
e pra ben cantar cargado
lixeiro de alento novo
cargado do máis calado.

Calado ser do meu pobo
por siglos asoballado.
Xostregan augas e ventos
sigue o penedo chantado.

Queda o penedo roído
raspado e batugado.
Sólo lle quedou aquilo
que non pode ser quitado.

Penedo roído e quedo
porriba de ti me pranto.
Sin ti fora o máis pequeno
e por ti son o máis alto.

Galicia non te puderon
calar e ben que o teimaron.
Si non cantas polo erguido
axubrías polo baixo.

• • • • •

Labregos e mariñeiros
obreiros de pan en pano

que cando tiveron que irse
de coiles te levaron.

• • • • •

• • • • •

Alalá polo máis alto
alalá polo máis baixo
ailalalalalalala
ailalalalalalala.
(1970)

ALALÁS

NO VELLO SON

(Envío dende Santiago prós emigrados galegos)

Adoptei a cuarteta de alalá, a forma máis concisa e profunda da nosa poesía popular, a fin de que esta prosiga, de man dos poetas, xa que o pobo deixou de facer novas letras e non pensei nunha renovación do xénero, senón simplemente nunha prolongación do mesmo por ser algo demasiado profundo, e no estilo, na propia lingua volver pró que pode ser innovado sin desvirtualo, e pretendemos máis ben reactivalo e dotalo do maior rigor poético sin que perda frescura nin naturalidade. E simultaneamente fago un chamamento ós poetas e ós músicos pra que se sumen ó intento, así como os cantautores.

b) [CON PICO de paxaro...]

CON PICO de paxaro e as coxas moldeadas
pra estar quedas e tensas. O pracer dun dedo
sostendo el solo a gravidade dos muslos

até que se desmorona
a arquitectura
costosamente elevada
O pico de paxaro
alto
sostén e promete
o equilibrio
dunha nova tensión.
Oh flechadora
tensoando sempre
repetindo, acumulando horas
pra un sólo intre ou nunca.

(versión non definitiva)

c) CARTA a Carlos Maside

Querido Carlos, estamos eiquí
e ti estás diante, con toda a presenza,
ca figura túa da Galicia máis erguida
porque donde moitos se dobregan
como hoxe se dobregan
os que se manteñen altos, indemnes,
resultan máis altos
i equilibran a estatura moral diste pobo.

Pásmanos a vixencia desta túa imaxen
por ela, por eso, podo erguer tanto a voz.
Ela está a decirnos, seguir soñando
Galicia a pesar de todo,
seguir soñando o nome a pesar de todo,

seguir soñando a plenitude do posible
a pesar de todo.

Inda que tantos nos desmintan
Inda que tanto valumbo de mundo abstruso
nos desminta
Inda que tanta postración os pés do poder
montado, subido sobre a indefensión dos homes solos,
nos desminta.

Galicia tamén eres ti
e para recompor o seu soño,
o soño dela,
axúdanos a túa imaxe de pobo erguido,
de fillo do pobo erguido
Ela, xunta a intensidade da concencia e a elegancia
e páranos tanta desilusión
tanta traición
cas azas do teu sombreiro
para que non nos esmaguen
e non nos enterren
e nos fagan a todos terra fría
apretada e sin aire
pobo sin horizonte

Porque ti eras alto
nós tamén somos altos
nós tamén nos pomos altos
fincados pra túa imaxen.

Carlos Maside, de todas as maus
que traballan

a panadeira de Cesures,
as maus da panadeira de Cesures
aquelas maus da panadeira de Cesures
vólveme a falar das maus da panadeira
de Cesures.
A panadeira de maus de panadeira
é toda Galicia posta a faena
Galicia só cría na dignidade do traballo.

d) [SEÑORA la mía señor]

SEÑORA la mía señor
señora dona pastor!

Polo camiño da vida
polo camiño d-abaixo
que seña a miña medida
a altura á que por ti baixo
como gracia concedida
para riparche o refaixo.

Señora la mía señor
señora dona pastor!

e) [ANQUE o sapo non é pedante]

ANQUE o sapo non é pedante
sin máis señas nin datos por diante
sin máis literatura
frase epigramática
núa non dura
un di:

Catedrática

Doutora Sapo.

E todos pensan en ti
anque o garden no papo.

E acaiche tan ben
que ti mesma tamén.

E anque cales se calas
seguro que non me falas.

Fol de veneno
como todo fol finchado
patareco e pequeno
canto máis datos máis doado.

**V. Cartas de Celestino Fernández de la
 Vega, M. Cuña Novás, J. A. Valente,
Xóo Novoneyra, Carlos Maside, Xosé
M^a Díaz Castro e Ramón Piñeiro**

V. CARTAS DE CELESTINO FERNÁNDEZ DE LA VEGA, M. CUÑA NOVÁS, J. A. VALENTE, UXÍO NOVONEYRA, CARLOS MASIDE, XOSÉ M^a DÍAZ CASTRO E RAMÓN PIÑEIRO

I

Lugo 11-V-53

Querido Ramón:

He pasado algún tiempo sin escribirte porque esta última temporada ha sido bastante agitada para mí: la muerte de mi querida madre (q. e. p. d.), el viaje a Madrid, algún viaje por la provincia en misión profesional y, ahora, la espera, de un día para otro, del segundo hijo no han dejado tiempo para nada.

En Madrid, sin proponérmelo, por casualidad, he conocido bastante gente: Baroja, Zubiri, Gerardo Diego, Aníbal Otero, García Martí, García Paz, etc. He tenido muy poco tiempo para hablar con toda esa gente, pero sí el suficiente para obtener esa primera impresión favorable o desfavorable, simpática o antipática.

Estuve con Rof: cené con él y me llevó a una conferencia de Zubiri. Allí me presentó a Laín, Aranguren y Valdecasas. Todo fue muy rápido. Rof me confirmó la primeira impresión de simpatía que nos produjo el día que lo conocimos en Lugo. Es admirable: muy inteligente, muy informado y extraordinariamente cordial y sencillo. Me habló de los temas que le propusisteis para la reunión de Bastavales: el paganismo del gallego y la humildad del gallego. Los dos temas me parecen llenos de interés. Rof me dijo que pensaba elegir el segundo: la humildad del gallego.

Ya habían quedado con él en acompañarlo a Orense y así pienso hacerlo si es que la paternidad expectante no me lo impide. Es decir: si el alumbramiento de mi mujer es feliz y oportuno. Tal vez me acompañen a Orense Pimentel y Antonio Figueroa. Muy agradable esa noticia sobre la edición francesa de Rosalía, Pondal y Curros. ¡A ver si por fin se enteran en Madrid aunque sea a través de París! Por cierto que Baroja –que habló mal de todo el mundo en las tres horas que estuve en su casa– uno de los pocos elogios que hizo fue de Rosalía y Bécquer.

Estos días está entre nosotros Novoneyra. He leído su libro *Terras Altas* y coincido plenamente con tus juicios: es magnífico por su sencillez y sinceridad; creo que inaugura un camino en la poesía gallega. Me parece completamente exacta tu observación sobre el parecido de muchos poemas de *Terras Altas* con algunos poemas del Pokorny. Novoneyra dice que no conoce el “Cancioeiro” y en ese caso se trataría de una adivinación poética, de una sencillez madura coincidente con una sencillez originaria, primitiva de la poesía celta. De conocer Novoneyra el “Cancioeiro” –cosa que sospecho a pesar de su negativa– sería *Terras Altas* un rápido y magnífico ejemplo de la fecundidad para nuestra poesía actual de la poesía celta de la que hablabas tú en el prólogo de Pokorny.

Fole está en Lugo y lo encuentro muy bien. Muy equilibrado y sensato y, además, ha recuperado su excelente forma literaria. Es decir: vuelve a “estar en forma”, a ser el Ángel Fole magnífico.

Un abrazo muy fuerte y hasta Orense

Celestino [Fernández de la Vega]

II

Pontevedra, 28-2-77

[de Cuña Novás] A Uxío Novoneyra:

Imprimeuse ao cabo do tempo, quinientos exemplares numerados do teu e do meu, do noso Canto.

Envíochelo o primeiro e o que remata a colección.

Escríbeme si queres máis exemplares.

Meus saúdos a Elva.

Un longo abrazo.

C[uña] – N[ovás]

III

Case Postale 985
1211 Genève 3 – Rive

31 de agosto de 1980

Querido amigo:

Quería ponerte unas líneas desde hace tiempo. Pero hay tiempos tan particularmente escasos de tiempo que no queda hueco para nada.

Gracias, primero, por la acogida que tu mujer y tú disteis a mi hija. Mi reconocimiento a ambos. Gracias después por tus *Poemas caligráficos*, que me interesaron mucho y muy de verdad.

He estado alejado de mi trabajo desde mediados de julio, pero me reincorporo en estos días. Procuraré, pues, con mis colegas del Servicio Lingüístico, hacer versiones de tu “Nunca eu fun como te amo” en ruso, inglés, árabe, alemán y alguna otra lengua distinta de las que tú transcribías en tu nota.

Hace unos meses fui visitado, repentinamente y sin buscarlo, por la lengua gallega, que tiene de todos modos muy inmersos fondos en mí, y escribí deseguido siete poemas que he titulado *Sete cántigas de alén*. Es una escritura que se inserta naturalmente en lo que será mi próximo libro en castellano y en él, probablemente, figurarán y sin traducción en todo caso. Me atrevo a mandarte esos textos para que los juzgues tanto poética como lingüísticamente. Te agradecería, desde ambos puntos de vista, pero muy en especial desde el punto de vista de la lengua (yo he escrito de oído, con un oído interior que espero no me haya traicionado), un juicio palmario y estricto.

Perdona este abuso y recibe de este tu amigo, y súbito o reiterado aprendiz de poeta, un muy cordial saludo

José Ángel Valente

IV

Santiago, 20-IV-85

Amigo Gerardo [Fernández Albor]:

Sinto ter que ocupar outra vez o teu tempo, que supoño xa mui ocupado. Pero penso que é necesario que poñas outra vez a túa forza pra que o proxecto de creación dunha “AULA DE ESCRITORES GALEGOS” en tódolos Institutos de Bachillerato de Galicia siga adiante. O Sr. Portomeñe –Conselleiro de Educación– demostrou atención e interés, pero dice que co diñeiro de que dispón a Consellería pra istos casos non pode dedicar a esto máis que unha certa cantidade e que polo tanto habería que reducir bastante o seu alcance tanto en número de Institutos de Bachillerato a incluír como en número de escritores a emplear.

Por tanto eu pensei na comenencia de pedirlle a Madrid –a través da Xunta–, de pedirlle ó Ministerio de Educación, ou ó organismo que seña, unha partida extraordinaria pró presuposto de istas AULAS.

Creo que me dixeron que debe de haber en Galicia unhos 80 e tantos ou 90 Institutos Oficiais de Bachillerato, istes multiplicados polas 32 semanas lectivas, descontando vacaciós e tempo de exámenes, e polas 15.000 ptas (quince mil ptas) que se lle pagaría a cada escritor por cada AULA; é decir, por cada conferencia ou conferencia-recital, con gastos de desplazamento i estancia incluídos (en Cataluña páganlles o tope mínimo de 20.000) e xunto tamén cos gastos de algún material audiovisual que sería necesario, poñería o presupuesto total necesario pras AULAS nunhos corenta e tantos millós de pesetas.

Si non conseguimos esto terémonos que limitar a facer o proxecto restrinxido pró que o Sr. Portomeñe dixo que podería xuntar todo o máis, unhos 10 millós, según as posibilidades de que hoxe dispón a súa Consellería.

Resumo: o bon sería poder chegar ó maior nº de Institutos i emplear os escritores necesarios pra comprir istes dou[s] ouxetivos:

- 1º Anovar ou reforzar a identidade cultural galega i a nosa lingua, como forma viva de esa identidade, nas xuventudes estudiantiles. E

- 2º Darlle entrada ós escritores en lingua galega en tarefas complementarias da Educación. Ofrecerlles un traballo paralelo concurrente ca súa propia vocación e asegurar así a pervivencia da Literatura Gallega.

Sei que porás toda a túa forza e influencia pra esta noble e fecunda empresa.
¡Por Galicia! Unha aperta

Uxío Novoneyra

V

Compostela, 3-2-87

Pra Koldo [Izagirre]

Donostia

Querido amigo:

Fíxome unha gran ilusión recibir os dous tomos da versión de Os Eidos ó milenario eusquera. E góstate moito “Bazterrak” como título.

Podes iniciar as xestións pra publicación cando e donde ti queiras. Tes a miña autorización e toda a liberdade.

Aínda non se publicou a versión castellana. Por fin non lla mandei a “Plaza y Janés”.

Contéstоче as dúbidas que me formulas seguindo o teu número. Non dudes en facerme máis preguntas si o precisas.

Vexo moi ben que non fixeses unha versión rimada. Horrorízanme.

Recibín os recortes de prensa que me mandou Estévez. Espero que pase por eiquí un amigo vasco residente en Galicia.

Saludos ós rapaces vascos.

[Uxío Novoneyra]

VI

A Euxenio Novoneira

Caurel

Querido poeta:

Gracias polo seu regalo e a súa lembranza.

Non foi ledicia, alegría non, o que me trouxo esa folla semeada de verbas vivas e sombras. Foi un sentire distinto e mais fondo, mestura do contento por saber de ustede co a anguria entrañable dos seus versos; versos que, máis que leélos, ógolllos decir.

Vexo que escribe e sei que esa peza de teatro que o ocupa será todo o que o seu título inqueda promete; e que, ó tempo, tamen irán producindo o seu redor novos poemas.

Parou todo este tempo no Caurel?

Dígame, calquera outro día, como vai a súa saúde. E non me chame “maestro”. Pol-o qué? Todos a deletrear no mesmo libro e cando coida un comprender, con traballo, algunha verba isolada, ela non fai sinon, como as estrelas na noite, senón afondar e escurecer o misteiro.

Chámeme amigo, compañeiro. Eso, sí, quero selo; e coido selo, de corazón.

Un forte e longo abrazo de

Maside

VII

Sr. D. Euxenio Novoneyra

Caurel

Amigo Novoneyra:

Te escribo estas líneas precipitadas casi sólo para acusar recibo de tu reciente libro y agradecerte de verdad la atención de su dedicatoria. Y debo –debemos

los gallegos— agradecerte también el simple hecho de la aparición de un libro como éste.

¡Magnífico! Un libro desnudo, cristalino, original. Es un libro cimero, que francamente hunde en la sombra a tantos libros de versos gallegos aparecidos en los últimos años. Nos da la elocuencia de las cosa[s] nombradas simplemente, en un lenguaje que es pura alusión. Yo hubiera querido disponer del tiempo y la calma suficiente para hacer un breve comentario sobre OS EIDOS; pero me sería imposible antes de Navidad, por lo menos, por el agobio que me impone mi compromiso con una editorial madrileña. Hoy sólo me queda aprovechar estos rápidos minutos para felicitarte con una ancha enhorabuena.

OS EIDOS fué para mí un fenómeno inesperado. Después de haber leído en Madrid algunos de tus poemas castellanos, me sorprendió francamente tu cambio de idioma, de temática y hasta —casi— de enfoque mental de la realidad. Porque OS EIDOS —sorpresa de la especie que a mí me gusta— constituye, a mi juicio, un espléndido preludio: el primer escalón afortunado de una carrera que está comenzando. En efecto: he leído varias veces este libro, naturalmente, y la primera impresión que me ha producido su lectura es ésta: que OS EIDOS es, además de honda poesía, la revelación de una inteligencia dotada de capacidad creadora, de originalidad instintiva y de instintivo horror a la vulgaridad. Esto, entre las tapas de un primer libro, casi lo significa todo.

Tras el primer paso, tienen ya un nombre.

Desde la montaña, desde la costa o desde la ciudad, debes seguir escribiendo.

Repitiéndote la mas calurosa enhorabuena, te envía un cordial saludo.⁴⁷

J. Díaz Castro

⁴⁷ Armando Requeixo, art. cit., (vx. nota 9), en *Escrita contemporánea*, no seu número de homenaxe *Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, Vigo: Asociación de Escritores en Lingua Galega, 2005, p. 29.

VIII

Compostela, 8-III-1963

Benquerido amigo:

Recibín a súa carta do día 3. Xa vexo que non conqueriu entrevistarse co Novoneira e que, en cambio, ten certa preocupación por lle ter deixado a encomenda de que lle telefonease. Non se preocupe por eso. O Novoneira⁴⁸ é un auténtico e interesantísimo poeta i é, ó mesmo tempo, moi desordeado, moi bohemio e moi arbitrario no seu comportamento persoal. Eu teño co il unha amizade realmente fraternal e, con todo, moitas veces ocúrreme co il o mesmo que a vostede lle aconteceu. Como xa o conozo, non me preocupo. Como poeta é francamente bo; como persoa francamente tolo. Quizais as dúas cualidás esteñan esencialmente unidas no seu caso. Non preciso dicir que o considero unha da máis rexas e interesantes persoalidás das xeracións galegas novas (...)⁴⁹

[R. Piñeiro]

IX

Compostela, 26-IX-1967

(...) Tamén cabe unha posibilidade que me parece realmente interesante: levar a Novoneira dar un recital de poesía medieval. Isto podería servir pra grabar un disco con unha antoloxía de cantigas de amigo, de amor e de escarnio dos nosos principais trovadores. O Novoneira iría, pro habería que lle dar un prazo de mes e medio pra preparar meticulosamente a antoloxía,

⁴⁸ Sabida é a reluctancia de Piñeiro a escribir 'Novoneyra' con y grego. De certo, non o escribiu nunca.

⁴⁹ María Xesús Lama e Helena González (edits.), *Ramón Piñeiro e Basilio Losada. Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984)*, Vigo: Editorial Galaxia/Xunta de Galicia, col. Memoria, nº 20, 2009, pp. 189-190 (carta 39).

porque il é temperamentalmente moi *perfeccionista* e quer preparar ben as cousas. Como non hai ninguén que teña estudado tanto e recitado tantas veces ós nosos trovadores, ademais de ser il un extraordinario rapsoda, penso que sería gran cousa facer un disco adicado á poesía galega medieval. Quizais algunha das casas de ahí especializadas no lanzamento de discos poéticos podería interesarse en facelo. (...) ⁵⁰

[R. Piñeiro]

⁵⁰ Op. cit., pp. 602-603 (carta 213)

VI. Mecanoscritos e caligrafías poéticas



GALICIA-ROSALÍA

GALICIA / ROSALÍA

1

GALICIA, será a miña xeneración quen te salve?
Irei un día do Courel á Compostela por terras libradas?

Non, a forza do noso amor non pode ser inútil!

1957

2

SANTA DA TERRA, ti sabes que o ceo non é noso.
Poden inseguranza e desamparo i acólleste ós bés certos:
a casa! o val! a patria homilde!
nosa patria pola que ti clameas furando a noite!

1958

Uxo NOVONEYRA

/ Do libro ELEXIAS DO COUREL I OUTROS POEMAS
Col. ADONAIIS - Ed. RIALP. 1966.

A primeira parte / DO COUREL A COMPOSTELA / ~~figura no poema~~
OUH GALICIA (Revista EUFONIA/Buenos Aires 1958), un dos primeiros
textos ou o primeiro texto declaradamente político e patriótico
publicado na Posguerra por un poeta galego residente en Galicia.
Sería contestado por Avelino Díaz no Nº seguinte da mesma revista
co poema SINTONÍA.

en letra miuda

Novoneyra
85



POUQUINHA MONTAG

MUNDO DO L A X E I R O

Homenaxe ó pintor de Lalín.

Alexandre

PALLAS ERBAS XESTAS UCES A FERVER
follas framullas a podreecer
e tódolos mortos a facer
por vida.

Liña-en-teima teima vida.
Teima a vida -tobo e codia- enciñeira cerrapecha
cerrapuchadiña cerrapuchadiña cerrapuchadiña cerrapuchadiña.
Liña t a V i

o t r
r a a
t v
l o

primeira muiñeira que seguiu sempre i arrampla co mundo ó corro.

Sudar comer e beber. Limparse ca mao.
A cara quede toda polos ollos i a fala.

Camións.
Camións non. Carreiros
a rubir e baixar e virar i escadar repetos
poxas.
Nunca o lonxe ollarollar pasmo.

Nenos que non van nunca ó dito tirofeito
en todo se engañolan e todo xanzen
cun pulo ou berro.
Guindastres de sangue a crebar o silencio. Non seña máis longo que
/ a verba

Cinir
embelecar e csir
erguerse e ir
e volverse estapinar.
Teimar e teimar.

As raigañas escacinan hastra atopar i atopan
a gran déidiva en pequenas presas.
Nós a vaca i a ovella
a xesta o toxal i o ucedo
carballo e castiñeiro millo e trigo
e todifmalas erbas bichiños e peixes fregándose as vidas.

Traballar
traballar
traballar
traballar

hastra cegar i enxordar.

Seica somos pra esto. E señámolo pois
mais sin tender pontes en demasia longas.

Unha ponte ha chegar xusto dunha beira outra na que se reconoz a
/ cara dun home.

Sofar

soñar tódalas cousas pra ter unha a unha.

(Terra cativa e tanta.)

Todo sucedéndose entr'a parva i a merenda

i abértalas noites cear todos xuntos e irse por parexas.

Agardar ós que volven. Agardar outra hora. Agardar agardar
sin ningua certeza e con seguranza.

Agardar outro século secula seculorum repetindo os puntos da muífeir:
/ hastra afundirnos

O Courel / sbro
1971

Uxío NOVONEYRA

A AMADOR REY RODRIGUEZ
E DANIEL NIEBLA GARCIA

C. REUNION DAS EMBAIADORAS

ERGUERESTVOS CENDO AQUEL DIA
- a costumbre do traballo -
maña-cedifio
pra facernos coa vosa morte

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

///

trala cea os labregos todos caras de LAMEIRO / "DIARIO HA-
BLADO" ouvindo a nova caras de CASTELAO que logologo
foron quedándose en caras de MASIDE / fora a noite entrel :-
da era un GRANDIO e nos porracos da rua raxos eléctricos
PATIÑO-62

XX

13 / marzo / 72

Pro Homenaxe a Luis Seoane

A ELEXIA PERDIDA

A LUIS SEOANE

TEIMO EN NEMBRAR A ELEXIA PERDIDA ESCRITA A ALTA NOITE
cando calquer sitio é centro alucinado

Vein palabras soltas / O verso cabeiro:
E vea volve o vraso

LUIS
pintor dos homes, as mulleres co perfil alumado i a coor nacenta
a tua elexia a galgar poles ruas
elexia tamén polos traballos extintos que tanto tempo fomos

LUIS dos perfíles novos claros frescos GALICIA do día

Mal se pode nembrar nesta hora
en que a ciudá -domingo tan diario-
non deixa escapatoria pra que os mortos amosen
i a súa presenza esbanque o tempo

No domingo valeiro
teimo en nembrar a elexia perdida
escrita nise intre
en que o mito aguza o tempo como "lanza ponteira"

... Vein isolados versos / O final
o comenzo:
Igoal que o mar logo recobra o seu ámeto
nos melecós i a fábrica do romento
así o nome da patria se fai co dos mortos máis seus

LUIS SEOANE
MASIDE / PEDRAYO / GRANDIO / LUIS SEOANE
GALICIA GALICIA GALICIA

GALICIA que outros tan teimosamente nos minten

Tempos lutando no tempo do poema

NOVONEYRA

LUGO / 29 de santiago 1979

vein: veñen / esbanque: abría de par en par / "lanza ponteira": (dito medieval) lan-
- meira da avangarda / ámeto: ámbito

O Corvo Nuclear

O CORVO NUCLEAR

PALABRAS PRA ANTES DO FIN DO MUNDO

Seránlles servidas ca parva (o desayuno) á cúpula
gubernamental i á militar ás cúpulas dos partidos
pro OTAN ás activistas do SI e da ABSTENCIÓN i a
tódolos convencidos da necesidade da permanencia
na ALIANZA ATLÁNTICA/

NINGÚN VENTO VEN DO FUTURO

ningún vento de vagas voces chega

e menos ningunha certeza

só a inminencia do posible /o máis temido/ pon a ave á seestra (.)

o corvo nuclear cruza

gaceea vai e volve

xa sólo estamos certos desa amenaza

a destrución e mortaldade serán tan grandes

que ningún oír máis o seu nome

pois non quedará ningún comocido

habará animais e homes perdidos en grandes espacios

mais apenas sementes ou parexas fértiles

volveranse comer hortigas malladas / habrá fame

ciudades fumegantes campos fumegantes / sólo o mar solo

a realidade será peor que todo o horror maxinado
teimosamente maxinado

Compostela

3 / 2 / 1986

Uxío NOVONEYRA

(.)
a ave á seestra: a ave á esquerda /sinal de mal agoiro

Alaxeiro.

A L a x e i r o

... galegos duro bando:
CAMOENS

DE corazón desnudo i exposto
e tamén un pobo teimoso e rudo
duro bando de homes sos
pes na terra e ollos na brétema
desamparo emigrante
xusto pra unha ~~moda~~ *moca tua* ~~tua desgarrada~~
~~ou oculta~~

Compostela

Carnaval / 1991

1991.
U x í o N o v o n e y r a

U x í o N o v o n e y r a

A Galinha de Prados

A GALIÃ DE PRADOS


A galinha de Prados
sabe onde pôr.

Libre de fados
e mitos,
allea a poderes e immediatos coidados,
non pon ovos fritos
e solo pro seu señor.

Ela sola
vai e pon na escola
Sabe onde pôr
os ovos que dan pitos.

Maria Novoneyra do Courel





sai hoxe ESCRITA porque cada vez é máis necesario que a voz dos escritores galegos non esté condicionada / dende o pasado século esta voz foi avangarda -"lanza ponteire"- cara a recuperación da conciencia nacional de GALICIA definición da identidade galega e salvagarda do propio herde cultural apousado na FALA nesa forma viva e razón incuestionable de diferenza e peculiaridade / esta voz ha ser decisiva tamén tanto ~~na~~ pervivencia ~~da~~ i extensión do devandito como na loita que se sigue pola chamada normalización do idioma i os outros dereitos nacionais / pra esta loita requirese non só a ~~voluntad~~ ~~dos~~ ~~escritores~~ senón tamén a de tódolos que sintan o ser i o problema de GALICIA e teñan a certeza de que a forza do noso amor non pode ser inútil

V pra

Uxío Novoneyra
Compostela, 11 de Maio de 1979.

Uxío Novoneyra
Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

EU SEIN
QUE ESTA DOOR
É POR ALGO
QUE UN NON
TIÑA SIN
FUNDANZA
1958

EU SEIN
QUE ESTA DOOR
É POR ALGO
QUE UN NON
TIÑA SIN
FUNDANZA
1958

Din
os soños
ios paxaros:
"A MORTE
NON É
CERTO."
Uxíonovoneyra
1959

Din
os soños
ios paxaros:
"A MORTE
NON É
CERTO."
Uxíonovoneyra



Bailas
e faisme libre
Madrid
1966.



Folga
xeral
contra da
Historia
1966.

Letanía
de Galicia
1968.

Letanía
de Galicia
1968.



Galicia
teima vida
poema
mundo
Laxeiro.
1971

Vai
nacer
outro
Uxío
pra que siga
o PASADO

Vai
nacer
outro
Uxío
pra que siga
o PASADO
1987.



a Elba
Rei.

Andas
as ruas
como se
fora a
praia
1969.



O viño
ias viandas
érguenme á
lua chea

VII. Notas de autopoética



VII. NOTAS DE AUTOPOÉTICA

I

A xeito de autopoética

“Toda autopoética é cáseque sempre posterior á propia obra: unha consecuencia que dela se sigue e non algo previo claramente establecido. Ela pode axudar, igual que axudan un prólogo ou unha crítica conductora, á lectura dun texto, mais impide, como eles impiden, *a lectura libre* que del faría un lector normal, nin especializado nin deshabituado.

Por eso eu propúxenlle recentemente ó responsable da *Colección Merlín e Familia* que vai inaugurarse coa reedición de dous libros do *Existencialismo poético galego*: *Fabulario Novo* de Manuel Cuña Novás e o meu *Tempo de Elexía* que foi editado pola *Colección ADONAI*s baixo o título *Elexías do Caurel e outros poemas*, propúxenlle, digo, que no meu libro vaia o texto poético só, desnudo, e que nunha folla aparte, dobrada e metida en cada volume, vaian a biografía i os textos críticos ou comentarios, para así preservar a liberdade e pureza do primeiro encontro do lector cos poemas, se éste así o desea e non desdobra a folla antetempo.

En canto a unha poética miña, máis que unha serían varias, como é normal nun poeta de longa traxectoria e que non se imite demasiado a si mesmo. En por hoxe o único que direi é o que rexeito. Rexeito o idioma normativizado, homoxeneizado, dos que siguen os ditados normativos do Instituto da Lingua, da Real Academia e do Parlamento e Xunta de Galicia, *impostos incluso ás obras de creación literaria* donde máis se precisa conservar *o sangue da Lingua* vivida, a súa forma peculiar i o aroma de infancia e comarca. Teime i teimo que sea válida tamén na escrita de creación *a santa liberdade dos falantes*. Igual que rexeito o *Galego Oficial*, rexeito a normativa reintegracionista oposta a el e non menos encorsetada e con olor a falsa e a non-patria. Ambas quitáronlle a color, o sabor i a aventura a moita da Literatura Galega Última i envenenaron ca súa teimosía o mundo literario con odios e marxinacións inda maiores que os existentes no partidismo político. E repito que no[n] me opoño a un galego respetuosamente normativizado, eso si, con moita maior flexibilidade e que dea cabida ás peculiaridades e que poda ser asumido e sentido como patria común unidora e fortalecedora”.

(“Uxío Novoneyra”, en *Boletín Galego de Literatura*, nº 5, “Creación”, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, maio de 1991, pp. 135-136).

II

Estudantes e xentes do Carballiño:

(Vamos pasar lixeiro pola miña poesía)

Estando no servizo militar cando me concederon o primeiro permiso, aló no alto vrao de 1952, **comencei a escribir en galego**. Tiña eu entón 22 anos e cómprense pois niste, xustamente os 30 daquela data. Coido que foi así.... Xa no Courel, tornábame eu á noite por un camiño de monte –xa sabedes que o Courel é unha grande e remotísima serra, o que se chama un trasmundi– tornábame eu á noite, por un camiño de monte, e dixeran pra min: vou facer unha cántiga. Viña inordinada e cando cheguei á casa xa a cantiga iba feita. En días sucesivos e seguidos, por camiños de souto e monte e por vales e prados, escribín novas cantigas, e logo xa de cantigas, simples poemas: a min xa no me daba a impresión de que aqueles poemas os facía ou escribía eu, dábame a impresión de que mos ditaban. Eran algo que o pobo galego tiña madurado de vello, diríase que de sempre, i eu non facía máis que recoller aquilo ditado que non sabía onde me viña. Anos máis tarde deí en que de onde realmente me viña era da infancia, pero entón era aquilo pra min **todo un milagre**.

...Vínome da infancia, das primeiras miradas que son as máis profundas porque é cando un está realmente aberto ó mundo. E como no meu mundo de neno do Courel –da serra do Courel– o dominante era a natureza, aqueles eran poemas cáseque só da natureza. Mais, sendo que o meu pobo, o noso pobo, ten unha longa e cáseque perenne experiencia da natureza como é xa tan evidente que é tónico; e por eso, quen eu falaba predominantemente era o meu pobo: o que eu tiña de común coa, o que eu tiña tan asumido e levado de séculos. E por eso a min me daba a impresión de que eu non facía os tales poemas, senón algo, que alguén me ditaba.

Así unha primeira época! Escribía a poema diario ou máis. E digo escribía, ás veces nonos escribía, seguía todo o poema *in mente* hastra rematalo e logo copiábao. Cantas veces esto ocurría ó deitarme e gardábao na memoria pra escribilo logo pola mañá! Por eso tiñan ás veces un aire **non-de-palabra-escrita**, porque quizaves así, sin escribila no intre de facelo, o poema daba millor **o tempo interior real** e non o tempo da escritura: ou con un ritmo alterado pola escritura. Quizaves así se fixo a poesía popular, non escrita senón feita e levada *in mente*.

Recordo que estaba como atrapado, e dende logo como alucinado, pola realidade, polo silencio das serras e vales que me rodeaban. Alucinado polo que tiña diante, e pasmábame o movemento dos seres como si fora un milagre. Por eso ás veces algús poemas de *Os Eidos* sólo recollen ise movemento e presenza. E con sólo nombrar as cousas era como si as convocara e acudiran co seu xeito máis fondo i espontáneo i eu era como o aire entre elas. Tan aberto á súa presenza, que as abría, pois non sempre as cousas están abertas ou se abren. E con palabras así... primeiros poemas de *Os Eidos*, chegou un tempo en que aquil estado de felicidade, de comunicación coas cousas, se anubrou sin romper de afeito. A soledá amiga fíxose soledá nemiga i o corazón acusa o tempo solo dos homes i ó tempo da soledá e do seu patetismo: e veín outros poemas.

Inda que, por veces, volve a soledade amiga a decorrer perfectamente axustada e solo ca natureza. E así en intres alternos porque era demasiado forte e plena a natureza. Pero era tamén demasiado forte e dura e difícil a soedade no Courel, e máis cando un conecía a soidade i a universidade, pois escribín *Os Eidos* despois dunhos anos na universidade de Madrid.

E un bon día deixei de escribir no xeito do pobo e comencei a escribir sin fincarme tanto no son, sin o soporte do son da fala popular, sin recurrir ó que algún crítico chamou con acerto “fonosimbolismo”.

...E vén a poesía desnuda das *Elexías do Caurel*, das *Elexías de Madrid*, logo dun tempo de poesía intermedia, ou de pasar dun xeito a outro, pasando e volvendo, dun outro libro, de *Os Eidos* ás *Elexías*. Anque unha vez comenzadas as *elexías* xa me resultaba como falso volver a escribir prós *Eidos*, que era o estilo polo que se me conecía e máis se me conoce inda hoxe. Por esa

rara inercia dos lectores, gravitando cara o primeiro que un fai e rexeitando o novo.

Os poemas que abren o libro de elexías son máis compostos que as elexías propiamente ditas.

III

1

“Porque pasa unha cousa, noto unha cousa que ocorreu nestes anos pasados: a significación negativa que se lle deu á memoria labrega, o que chamaron **ruralismo** e que eu considero que foi reducinte para a nosa literatura, porque a experiencia máis profunda e distinta que teñen os galegos puidera ser a do seu pasado rural, e agora era o momento de memoralo, porque aínda está bastante recente, e precisamente neste momento, cando inda se nota **a agonía do rural**, e até a mesma xente nada no rural, eses que non tiñan outra memoria, fuxiron del. Fuxiron del e resentíuse a alma galega e a súa mesma literatura, que tiña un gran fondo e motivo aí. Unha memoria intensísima e riquísima. Fuxiron por esa presunción de que era **pasado rebasado**. Hai unha traizón moral, por non consideralo, cando realmente **a agonía do rural era o acontecer social máis patente que se estaba dando na comunidade**. E fuxiron diso no momento en que era o máis patente e doroso e vivo: **a perda do mundo rural**. (Non se debe aceptar nunca a inviabilidade dunha vida labrega plea, sería aceptar a inviabilidade de Galicia). E apartaron a mirada, por non aparentar **rurais**, e quizais por eso apartouse tamén a mirada da Lingua-Fala. Segundo, os escritores apartaron moitos a mirada do rural, outros deixáronse da Lingua, porque estaba vinculada a ese pasado. É dicir, hai aí unha dimisión, unha falta de instinto de situación”.

2

“...a min marcóume especialmente, salvóume o estar dentro da Lingua e da cultura popular. Eso foi, repito, o que me *deu Galicia*. E logo a miña rara experiencia, unha experiencia que vai ser agora bastante normal, a de formarme en moitas poéticas do pasado, e do presente, pero non especialmente a propia poética literaria do meu pobo. Interesáronme tanto

as poéticas populares, dos pobos mesmo primitivos, como as poéticas das antigas civilizacións, como as poéticas distantes; convivín dentro da poesía mundial, sen fronteira.”

3

“O primeiro texto meu foi xa de tipo elexíaco; é curioso. Quizais o home está condenado á elexía, (...), está marcado polo *pasar*, está marcado. Quizais o ser humano é elexíaco. Nun principio non fun lector voraz, sempre me gustou que fose por diante o descubrimento directo, a vivencia; sempre, e sobre eso me principiei a ordear. Pero recoñezo que *empecei moi insular*. Se non tiña un coñecemento interior das cousas *non dicía*. Non utilizaría a palabra *nostalxia* se antes non [tiña] sentido nostalxia, inda que soubese o que era a nostalxia; non utilizaría a palabra *amor* se non tivese sentido o amor, intensamente. Sempre precisei ter unha experiencia previa moi intensa.”

4

“A miña singularidade, referida a *Os eidos*, pudera estar no extremo en como me dei e prolonguei o **entorno coa Terra**, en como fincado na mirada pasei do meu ó seu lado (“Mirar e ir”), sin que esto supuxera asomo de panteísmo. Nin os deuses, se non tivesen morto, serían máis **sagrados** que a Terra da patria.

No lado da Terra atopeime con algo, coñecido pola Lingua, que volvía novamente a esta —no poema— cunha xusta presión até lograr a mesma tensión da mirada, esa que vai e trai. (Dixen **referida ós Eidos** porque hai máis estadios na miña poesía, varios estadios máis, como en todo poeta **de longo curso**).

Todo lugar, toda terra nomeada é reivindicada e como tomada coma nunha acción máxica. Non sei que poeta dixo, era un poeta inglés creo: “Cleón posúe as terras, maila paisaxe é miña”.

A poesía é tamén velar o posible entrementras este non ocorra. A poesía é o soño non iluso, comprobando a certeza da posibilidade, convivindo ás veces co soño iluso.

Non sabemos separar o soño non iluso do soño iluso, pero sabemos que hai un soño non iluso.

Pero o home, despois de tan longa experiencia riba da terra, xa é minimamente iluso.

En canto á potenciación expresiva da palabra, eu acepto calquera reactivación dos recursos poéticos xa utilizados, non só xa utilizados na nosa lingua, senón por outras linguas e outras culturas, e outras idades. Non unha vangarda por exclusión do xa tentado, pois todo o descuberto segue vixente ou sulatente. E máis, inda máis, non rexeitar os recursos orais nin os da poesía popular, cuxa retoma supón sempre unha reactivación, e máis nos intres de **impasse**, coma o de agora, neste intre, tan intelectualizado, onde a experiencia sobre lecturas pode sobre a experiencia directa. Estou polos varios niveis de comprensión dentro dun mesmo poema, e pola **retoma do nivel primario de accesión**, para romper a especialización poética, e volver a un campo poético aberto a toda experiencia humana. Non hai un mundo coutado pra poesía.

Estou ademais de pola potenciación da poesía oral, caligráfica e caligramática, e por un bandearse dende a vangarda ó arcaísmo con mínimas exclusións intencionadas, e por non refugar a gracia ventureira no xogo verbal ou no trazo.

Respondendo ó de Judith Balso direi que: cando un poeta **de longo curso** non se inflúe demasiado a si mesmo ou chega ó punto en que se suspende esa influencia, pode pasar longamente por varios estados, e pode ou non pode que teña voz para cada un deles. (A variedade en poesía **non é ningunha calidade**). Maila radicalidade da experiencia sempre outorgou ton e voz ós “fillos de Mercurio” (así lles chama ós poetas Horacio) e non exclúe ó poeta vario como Rosalía ou Airas Nunes, intenso e vario. Por non dicir El mesmo Rei Alfonso, igualmente intenso e vario. Claro que hai poetas que só poden pensar unha cousa con intensidade extrema. Poetas moi intensos e dun só rexistro, como os místicos. É condición do home pasar por diferentes estados. Claro que só nalgúns deses estados se logra **a experiencia máxima**, a que depura a palabra até o límite que esixe un texto poético”.

“O haiku debeu ser un dos primeiros poemas nos que eu reparei. Fascinoume un haiku, cando tiña quince anos. Fíxate que debín escribir os primeiros versos ós dezaioito, pero xa ós quince anos, non sei en que curso iría, o certo é que tiña unha sucinta literatura universal nas mans, e vin un haiku, lin un haiku que estaba traducido rimado, era o famoso haiku, ese que agora teño visto traducido doutras moitas formas non rimadas, pero eilí dicía: ‘*Una rama seca / y una corneja. / Tarde de otoño*’. Ese creo que foi o primeiro poema escrito, no que eu reparei na miña vida. Si”

(Uxío Novoneyra, “Fusión. Os Eidos”, en *Dos soños teimosos*, Santiago de Compostela: Noitarenga, 1998, pp. 37, 42, 47, 63-64 e 82).

IV

PARA VER O COUREL

“Iles todo o saben: o que é, o que será. Ningunha montaña é-lles xa marabillosa. Os seus xardíns e bens cáseque rozan a Deus”

Rainer M. Rilke

Para ver as montañas, para ver unha montaña marabillosa, hai que gardar un certo estado de gracia, un resto da inocencia primeira, de ese **estar abertos** que lles permite ós nenos entrar o Mundo e quedarse cunha imaxe pra sempre, unha imaxe que ás veces semella que se perde pra logo volver atopala. Esa experiencia é a que debera levar calquera visitante que se achegue ó Courel.

Aló polo ano un deste século, cando o padre Merino, o autor da *Botánica despois dunhas xornadas de herborización*, lle dirixe unha última mirada á Devesa da Rogueira, “a grande fraga que garda as galas da antiga idade”, sentíndose xa maior para a dificultade que entón supuña acceder a aqueles paraxes, onde converxen as provincias de Lugo, Ourense e o Bierzo galego, dixo para si e anotou no seu cuaderno con non disimulado patetismo: “Será a última vez que eu vexa este bosque”...

Con tal respecto alomenos se non con tanto coñecemento, repito, hai que achegarse ó Courel. Saber pór os pés nos carreiros e nas petadas cimeiras dos vellos camiños “onde se ollan cerca as serras lonxanas”, debrocar pra abaixo e pisar as entaladas beiras (ourelas) do Lor e o Lóuzara, Selmo e Soldón. Gardarse de covas e covallos, eidos pechos e recovecos, penas de garamelas, valiñas, bouzas e gandraas arredadas. (**Hai eidos sós só para os bechos bravos**). Entrar ou non entrar ás altas devesas da Rogueira, de Paderne e do Faro de Fonte Formosa. Non tocar máis que cos ollos os castros de Vilar, Mogoxe, Castro de Brío, A Cotela, Chao da Balsa na Ferrería de Seoane e o de Torre en Lousada. O cotón do Castelo do Carbedo e o guerreiro de alabastro do escudo de Pacios do Cebreiro, antes do Courel. As eirexas de Meiraos, Vilamor, Seceda, Noceda, Esperante, Visuña, Pacios da Serra, Folgoso e Seoane. E a capela de Miraz e a Toca. O camiño da Veneira. As minas de Formigueiros, o Torubio.

Entrar pola proxeutada estrada **Quiroga-Becerreá**, que parou en Seoane. En Folgoso pillar as pistas pró Courel Baixo i en Seoane pró Courel Alto, pra Tralo Couto, Lóuzara e Pedrafitá. Volver ás vellas rotas de arrieiros e trashumantes: **De Savane a Quiroga** pola Pena do Escribano e as Penas do Convento, activa aínda hai sesenta anos, a fins da Guerra Civil. **A do Courel a Val di Orres** (como antes se dicía) por Parada á Lucenza, Seara, Devesa do Rebolo e Carreiro do Sono, polo Robeldo a Cernego ou por San Vicente e Córghomo até o mesmo Sil. **A de Seoane a Lóuzara** polos Cangos de Paderne e a Pedra ou polo Taro Branco e a Pena dos Borrachos. **A do Courel a Veiga do Valcárcel e Vilafranca** polo Castelo do Carbedo á Boca do Couto, atravesando o Faro, co Capeloso á vista, ou por Visuña e Ferramulín, Selmo abaixo, pras terras do viño e das castañas grandes. **A do Alto Lor** que se abre en Pontalor pra Lousada e Pacios por Valorqueira ou Fondestela e pra Trabazas, Santalla, Sixto e Chan de Pena. **A de Tralo Couto a Quiroga** pola Seara e o Covallo de Dona Briosa, con Dona Ildra do Carbedo, a outra dona mítica do Courel. “No Carbedo dona Ildara/Dona Briosa na Seara”. As **de Folgoso e Seoane a Seceda** por Mercurín ou Sobredo, o do castro maior, “escondite de neno” de Alfonso II. **A de Folgoso a Castro Portela e Barxa de Lor** por Valdomir, Vilamor, do **hábele** campaneiro e Froxán das grandes sobreiras.

Poucas descripciós poden dar a impresión dunha terra coma os meros nomes dos lugares e os topónimos. Moitos distes están tamén a desaparecer cos derradeiros labregos. Alá, “onde só queda alguén pra aguantar dos nomes”.

Ainda máis que ver as terras son de oír ises derradeiros labregos, ás veces sós, trala visita anual dos emigrantes, fronte ó desamparo da serra despoboadada. Cando algún deles desaparece, non desaparece só un individuo, desaparecen ó mesmo tempo: unha casa, unha aldea, unha forma de vida que se creu eterna e que foi a base da Lingua.

(*La Voz de Galicia*, “Los domingos de la voz”, “A ruta do autor”, 3 de xaneiro de 1999, p. 13).

V

1

POESÍA. “Pra min a poesía é unha forma de entusiasmo, unha forma de responsabilidade, é un manterse na busca, ter un alto concepto da dignidade do home, exercelo, exercelo, non mentir, pero facer que o home manteña a bandeira da súa dignidade e do seu entusiasmo, e da súa capacidade liberadora e solidaria. E de percibir toda cousa, toda cousa que te rodea, en toda a súa plenitude. E que quede perenne a graza da súa simple plenitude... Descubrir o mundo é a poesía, descubrir ese mundo é a poesía, e é algo co que se lle pode axudar ós demais, pra que non crean que, que vivir é calquera cousa, vivir é unha aventura extraordinaria, e hai que estar á altura dela” (13.05.1992).

2

TERRA. “O que eu fago, poesía da Terra. Paisaxe, os que conviven coa terra chámanlle terra. A paisaxe é mentirosa, sobes ó serán e hai un ton de unidade do mundo. Impresión de unidade, homoxeneidade, unidade gris. ... mentira. Hai unha mentira da paisaxe. Eu é unha cousa directa da terra. Longa convivencia, contacto por convivencia longa” (13.12.1985).

3

SILENCIO. “... na páxina en branco o que quedaba colgando, case nos meus poemas sempre queda colgando o silencio. Queda o silencio sempre actuante, e está actuante coa páxina, moitas veces actúa tamén co branco da páxina. Pero case sempre os poemas quedan colgados ó final, queda o silencio...” (13.12.1985).

4

NATUREZA. “... eu como nacín entre unha natureza inda moi dotada, o que fixo simplemente foi collerme, valéndose, xogando oportunamente, porque eu estaba enfermo, non podía desprazarme moito, entón a natureza botoume a mao; eu non lle botei mao á natureza, a natureza botoume a mao dado que eu tiña que levar unha vida relativamente pousada, se non incluso co meu tono de vitalidade eu non houbera escrito Os Eidos; é dicir, a natureza non houbera tido tempo de botarme a mao. Ben, é unha observación, pero quizabes foi así, é dicir, quizabes foi así. Pero unha vez que me botou, o que quero dicir, unha vez que me botou mao, recoñecín, recoñecín que era un dos estados, estadios máis perfectos, a relación con ela que pode ter o home sobre a terra, e máis plenos” (Verán do 1990).

